




**FOGGA. FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA**  
Memoria 2009





# índice

ÁREA PRIMEIRA	11	<b>1. O ORGANISMO</b>
	11	<b>1.1. Denominación e natureza</b>
	11	<b>1.2. Estrutura e funcións</b>
	12	<b>1.3. Organigrama do Fogga</b>
	12	<b>1.4. Recursos humanos e réxime interior</b>
ÁREA SEGUNDA	17	<b>2. PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.</b>
	17	<b>2.1. Marco comunitario do réxime.</b>
	17	<b>2.1.1. A reforma da PAC de 2003. O méxico de 2008.</b>
	18	<b>2.1.2. O modelo español de aplicación da reforma</b>
	19	<b>2.1.3. Características e elementos básicos do réxime de pagamento único por explotación.</b>
	19	<b>2.1.3.1. A asignación inicial de dereitos do réxime de pagamento único.</b>
	20	<b>2.1.3.2. A reserva nacional de dereitos do réxime de pagamento único.</b>
	21	<b>2.1.3.3. Utilización dos dereitos de axuda.</b>
	21	<b>2.1.3.4. Cesión dos dereitos de axuda.</b>
	21	<b>2.1.4. Modulación</b>
	21	<b>2.1.5. Condicionalidade</b>
	22	<b>2.2. Normas aplicables e actuacións levada a cabo en 2009.</b>
	23	<b>2.2.1. Asignación de dereitos da Reserva Nacional.</b>
	23	<b>2.2.2. Cesión dos dereitos de axuda.</b>
	24	<b>2.2.3. Utilización dos dereitos de axuda.</b>
	24	<b>2.2.4. Beneficiarios e requisitos no réxime de pagamento único.</b>

	26	<b>2.2.5.</b> Importe das axudas
	26	<b>2.2.6.</b> Asignación dos dereitos do médico
	27	<b>2.3.</b> Resultados da xestión.
	27	<b>2.3.1.</b> Xestión de dereitos de réxime de pagamento único.
	37	<b>2.3.2.</b> Axuda do réxime de pagamento único correspondente a 2009.
	38	<b>2.3.2.1.</b> Presentación das solicitudes.
	42	<b>2.3.2.2.</b> Pagamento das axudas do réxime de pagamento único.
	44	<b>2.3.3.</b> Evolución das axudas directas a explotacións derivadas da PAC no período 2000 - 2009.
	47	<b>2.3.4.</b> Modulación. Aplicación ás axudas da campaña 2008.
	50	<b>2.3.5.</b> Condicionalidade
	50	<b>2.3.5.1.</b> Competencias e actuacións.
	51	<b>2.3.5.2.</b> Plans de controis 2009.
ÁREA TERCEIRA	55	<b>3. ACTUACIÓNS EN PRODUCIÓNS AGRÍCOLAS</b>
	55	<b>3.1.</b> Cereais e outros cultivos herbáceos.
	55	<b>3.1.1.</b> Marco comunitario de apoio ao sector.
	55	<b>3.1.2.</b> Resumo das normas aplicables na Campaña 2009-2010.
	56	<b>3.1.3.</b> Resultados da xestión.
	56	<b>3.1.3.1.</b> Pagamentos ligados por superficies e declaración de superficies forraxeiras.
	64	<b>3.2.</b> Hortofrutícola.
	64	<b>3.2.1.</b> Programa de distribución gratuíta da retirada de froitas e hortalizas en entidades benéficas.
	64	<b>3.2.1.1.</b> Marco comunitario de apoio ao mercado.

# índice

	65	<b>3.2.1.2.</b> Resultados da xestión.
	65	<b>3.2.2.</b> Programa de axudas para a distribución de froita fresca ao alumnado de centros escolares.
	65	<b>3.2.2.1.</b> Marco comunitario de apoio ao mercado.
	66	<b>3.2.2.2.</b> Resultados da xestión
ÁREA CUARTA	69	<b>4.</b> ACTUACIÓN EN PRODUCIÓNS GANDEIRAS
	69	<b>4.1.</b> Carne de vacún.
	69	<b>4.1.1.</b> Marco comunitario de apoio ao sector.
	70	<b>4.1.2.</b> Resumo das normas aplicables ás axudas directas en 2009.
	70	<b>4.1.2.1.</b> Axudas ligadas á produción.
	71	<b>4.1.2.2.</b> Pagamentos adicionais no sector do gando vacún de carne (art. 69 do Regulamento 1782/2003).
	72	<b>4.1.3.</b> Resultados da xestión de axudas ao sector de carne de vacún.
	72	<b>4.1.3.1.</b> Vacas nutrices.
	81	<b>4.1.3.2.</b> Prima por sacrificio de bovinos.
	86	<b>4.1.3.3.</b> Pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices (art. 69 Regulamento 1782/2003).
	89	<b>4.1.3.4.</b> Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade (art. 69 Regulamento 1782/2003).
	92	<b>4.2.</b> Ovino-cabrún
	92	<b>4.2.1.</b> Marco comunitario de apoio ao sector.
	92	<b>4.2.2.</b> Resumo das normas aplicables na campaña 2008.
	93	<b>4.2.3.</b> Resultados da xestión das axudas.
	101	<b>4.3.</b> Leite e produtos lácteos.
	101	<b>4.3.1.</b> Marco comunitario para o sector.

	101	<b>4.3.2.</b> Resumo das normas aplicables en 2009.
	101	<b>4.3.2.1.</b> Taxa suplementaria no sector lácteo.
	102	<b>4.3.2.2.</b> Pagamentos adicionais do sector lácteo (art. 69 Regulamento 1782/2003).
	102	<b>4.3.2.3.</b> Axuda á utilización de leite e derivados nos centros escolares.
	103	<b>4.3.2.4.</b> Axuda ao almacenamento privado de manteiga.
	103	<b>4.3.3.</b> Resultados da xestión.
	103	<b>4.3.3.1.</b> Taxa suplementaria no sector lácteo. Balance da campaña láctea 2008-2009.
	109	<b>4.3.3.2.</b> Pagamentos adicionais do sector lácteo (art. 69 Regulamento 1782/2003).
	112	<b>4.3.3.3.</b> Axudas á utilización de leite nos centros escolares.
	113	<b>4.3.3.4.</b> Axuda ao almacenamento privado de manteiga.
	115	<b>4.3.3.5.</b> Intervención de produtos lácteos.
ÁREA QUINTA	117	<b>5. XESTIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DE PARCELAS AGRÍCOLAS (SIXPAC)</b>
	117	<b>5.1.</b> Obxecto do SIXPAC.
	117	<b>5.2.</b> Xestión no ano 2009.
	117	<b>5.2.1.</b> Actuacións para o mantemento do SIXPAC.
	119	<b>5.2.2.</b> Renovación do SIXPAC.
	119	<b>5.2.2.1.</b> Renovación da ortofotografía aérea.
	121	<b>5.2.2.2.</b> Renovación da malla catastral.
	123	<b>5.2.2.3.</b> Plan de converxencia con catastro
	123	<b>5.2.3.</b> Outras actuacións en relación co SIXPAC.

# índice

ÁREA SEXTA	127	<b>6. XESTIÓN DE AXUDA AO DESENVOLVEMENTO RURAL</b>
	127	<b>6.1. Marco normativa aplicable en 2009</b>
	128	<b>6.2. Indemnización compensatoria</b>
	128	<b>6.2.1. Resumo das normas aplicables nas indemnizacións compensatorias na campaña 2009</b>
	129	<b>6.2.2. Resultados da xestión da indemnización compensatoria</b>
	131	<b>6.3. Axudas incluídas no contrato de explotación sustentable (CES)</b>
	131	<b>6.3.1. Resumo das normas aplicables nas axudas do contrato de explotación sustentable</b>
	131	<b>6.3.1.1. Obxectivos e tipos de axudas</b>
	133	<b>6.3.1.2. Beneficiarios e requisitos</b>
	134	<b>6.3.2. Resultados de xestión das axudas do CES</b>
ÁREA SÉPTIMA	139	<b>7. XESTIÓN ECONÓMICA</b>
	139	<b>7.1. Xestión do orzamento</b>
	139	<b>7.1.1. Orzamento de gastos. Liquidación</b>
	141	<b>7.1.2. Modificacións orzamentarias</b>
	144	<b>7.1.3. Tesouraría</b>
	145	<b>7.2. Contratación administrativa</b>
	145	<b>7.2.1. Contratos de servizos</b>
ÁREA OCTAVA	149	<b>8. ORGANISMO PAGADOR DOS FONDOS EUROPEOS AGRARIOS</b>
	149	<b>8.1. FEAGA</b>
	149	<b>8.1.1. Execución e contabilización</b>
	152	<b>8.1.2. Relacións co Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) na súa calidade de órgano de coordinación.</b>

	152	<b>8.1.3.</b> Relacións coa Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro.
	152	<b>8.1.4.</b> Relacións coa intervención delegada da Consellería do Medio Rural.
	153	<b>8.1.5.</b> Relacións coas entidades financeiras colaboradoras.
	153	<b>8.1.6.</b> Gastos de intervención de mercados.
	153	<b>8.2.</b> FEADER
	153	<b>8.2.1.</b> Execución e contabilización.
	158	<b>8.2.2.</b> Relacións co Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) na súa calidade de órgano de coordinación.
	158	<b>8.2.3.</b> Relacións coa Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro.
	158	<b>8.2.4.</b> Relacións coa intervención delegada da Consellería do Medio Rural e do Fogga.
	158	<b>8.2.5.</b> Relacións coas entidades financeiras colaboradoras.
	158	<b>8.3.</b> Coordinación financeira e de procedementos.
	158	<b>8.3.1.</b> Coordinación coas subdireccións xerais xestoras.
	159	<b>8.3.2.</b> Coordinación coa Subdirección Xeral de Orzamentos.
	159	<b>8.3.3.</b> Coordinación coa auditoría das contas FEAGA e FEADER.
	161	<b>8.3.4.</b> Investigacións e visitas de control.
ÁREA NOVENA	163	<b>9.</b> ACTUACIÓNS DE APOIO E ASESORAMENTO ADMINISTRATIVO
	163	<b>9.1.</b> Asesoramento, estudos e información
	163	<b>9.2.</b> Normativa: elaboración e publicación
	164	<b>9.3.</b> Revisión de actos
	164	<b>9.4.</b> Reintegro de pagamentos indebidos: tramitación e coordinación.



# Índice

	165	<b>9.5.</b> Renuncias aos pagamentos das axudas
	165	<b>9.6.</b> Taxa láctea: procedemento sancionador
	165	<b>9.7.</b> Coordinación informática
ÁREA DÉCIMA	169	<b>10.</b> AUDITORÍA INTERNA
	169	<b>10.1.</b> Competencias
	169	<b>10.2.</b> Programas de actuación
ÁREA UNDÉCIMA	171	<b>11.</b> ANEXOS
	171	<b>11.1.</b> Evolución dos pagamentos segundo exercicios FEAGA (anterior FEOGA-G). Período do 16/10/1996 ao 15/10/2009.
	176	<b>11.2.</b> Evolución dos pagamentos segundo anos naturais. Período do 01/01/1997 ao 31/12/2009.
	184	<b>11.3.</b> Pagamento FEADER.
ÁREA DUODÉCIMA	193	<b>12.</b> ÍNDICE DE CADROS E GRÁFICOS.
	193	<b>12.1.</b> Índice de cadros
	197	<b>12.2.</b> Índice de gráficos



# O ORGANISMO

## 1.1. Denominación e natureza

O Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga) é un organismo autónomo integrado no sector público administrativo da Xunta de Galicia, con personalidade xurídica e patrimonio de seu, posuíndo plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

O organismo creouse mediante a Lei 7/1994, do 29 de decembro (DOG nº 4, do 5/01/1995), coa denominación de Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA), pasando á denominación actual en virtude do disposto na disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro (DOG nº 251, do 31/12/2002).

O Fogga está adscrito á Consellería do Medio Rural, de conformidade co previsto no Decreto 83/2009, do 21 de abril (DOG nº 77, do 22 de abril), polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, así como no Decreto 318/2009, do 4 de xuño, (DOG nº 114, do 12 de xuño), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria.

## 1.2. Estrutura e funcións

As funcións encomendadas ao organismo veñen previstas na Lei 7/1994, así como no Decreto 128/1996, do 14 de marzo (DOG nº 66, do 2 de abril), polo que se desenvolve a dita lei, en relación co Decreto 562/2005, do 1 de decembro.

Ademais, en virtude do establecido no Decreto 155/2006, do 7 de setembro (DOG nº 181, do 19), o FOGGA ten atri-

buídas as funcións de **organismo pagador dos fondos europeos agrarios** (FEAGA e FEADER) en Galicia, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño, sobre o financiamento da política agraria común, e no Regulamento (CE) 885/2006, da Comisión, do 21 de xuño, que establece as disposicións de aplicación do anterior, en canto á autorización dos organismos pagadores e outros órganos, e á liquidación das contas do Feaga e do Feader.


No exercicio desas funcións, o Fogga desenvolveu ao longo do ano 2009 as accións necesarias para a aplicación da política agraria común en Galicia, financiadas polo Fondo Europeo Agrario de Garantía (FEAGA), así como as actuacións conducentes á execución e á contabilización de todos os pagamentos do dito fondo, mais os do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Polo que respecta á estrutura administrativa do organismo, esta vén establecida, baixo a dependencia directa do seu director, no artigo 15 do Decreto 318/2009, do 4 de xuño, correspondéndose co organigrama que se indica no punto seguinte.

Neste sentido, cómpre destacar a ampliación funcional realizada mediante o citado decreto, en virtude do cal, se integra no organismo, baixo a dependencia da Subdirección Xeral de Xestión da PAC o servizo de axudas complementarias, ao cal lle corresponde a xestión das axudas á renda das persoas titulares das explotacións agrarias no marco dos programas de desenvolvemento rural, e das medidas en relación coa mellora do ambiente e do contorno rural para a utilización sustentable das

terras agrícolas, principalmente indemnizacións por dificultades naturais, axudas agroambientais e axudas ao benestar dos animais.

### 1.3. Organigrama do Fogga



Cadro 1-1. Organigrama do Fogga

### 1.4. Recursos humanos e réxime interior

En materia de **xestión de recursos humanos e réxime interior** as tarefas desenvolvidas polo FOGGA ao longo do ano 2009 foron as ordinarias nas seguintes materias:

- **Habilitación:** xestión dos gastos de persoal -nóminas e Seguridade Social- así como dos gastos correntes en bens e servizos.
- **Xestión de persoal:** tramitación de todas as actuacións e incidencias producidas ao longo do ano en relación coa xestión do persoal funcionario e laboral dependente do organismo, tanto de servizos centrais como provinciais.
- **Xestión do réxime interior:** respecto do persoal pertencente aos servizos centrais do organismo.

Inclúense, con carácter xeral, as seguintes:

- a. A xestión orzamentaria dos capítulos I (persoal) e II (gastos correntes e de servizos), coa xestión de 108 pagamentos por un importe de 3.948.763,29€ no primeiro caso (2.948.276,84€, de retribucións de

persoal, e 1.000.486,45€, para os custos da Seguridade Social, Muface e outros), e de 1.104 expedientes de adquisición de bens correntes e de servizos, no segundo.

- b. A tramitación das altas, baixas e modificacións na Seguridade Social e tramitación de IT (267).
- c. A tramitación dos partes de variación da nómina do persoal (165).
- d. A elaboración das tomas de posesión, cesamentos, readscricións e trienios do persoal do organismo (136).
- e. A tramitación das solicitudes de comisións de servizos e cobertura temporal de vacantes (18).
- f. A emisión de todas as certificacións relativas ao persoal, incluídas as dos concursos, cursos de formación, fondo de acción social e de haberes (296).
- g. O control horario diario e mensual (506 partes), xunto coa tramitación das tarxetas identificativas do persoal e a súa actualización (12).

h. A tramitación dos permisos, vacacións e licenzas (272).

i. O control da entrada e saída do rexistro administrativo nos servizos centrais (5.676 entradas e 4.105 saídas).

Con referencia á data do 31 de decembro de 2008, o organismo ten un total de 132 empregados públicos, dos que 110 (83,3%) son funcionarios (80 de carreira e 30

interinos) e 22 (16,7%) ostentan a condición de persoal laboral.

Deste total, cabe salientar que nos servizos centrais se atopan 45 (o 34,1% de efectivos) mentres que 87 (65,9%) prestan os seus servizos nos catro servizos provinciais do Fogga. Nos cadros seguintes sinálase a distribución dos efectivos, tanto de persoal funcionario como laboral, a variación dos efectivos reais e a variación dos postos de traballo producidos:

Cadro 1-2. Persoal funcionario e laboral por destinos

Destino	Persoal funcionario				Persoal laboral				Total persoal FOGGA	% Sobre total persoal FOGGA
	De Carreira	Interino	Total	%	Fixo	Temporal	Total	%		
SS. CC.	29	14	43	30,1	1	1	2	9	45	34,9
SS. PP.	51	16	67	60,9	11	9	20	91	87	65,9
<b>TOTAL</b>	<b>80</b>	<b>30</b>	<b>110</b>	<b>100</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>22</b>	<b>100</b>	<b>132</b>	<b>100</b>

Cadro 1-3. Variación de efectivos

Destino	Persoal funcionario			Persoal laboral		
	31-12-08	31-12-09	Variación	31-12-08	31-12-09	Variación
SS. CC.	42	43	1	2	2	0
SS. PP.	59	67	8	15	20	5
<b>TOTAL</b>	<b>101</b>	<b>110</b>	<b>9</b>	<b>17</b>	<b>22</b>	<b>5</b>

Cadro 1-4. Variación de dotacións dos postos da RPT do FOGGA

Destino	Postos funcionarios			Postos laborais		
	31-12-08	31-12-09	Variación	31-12-08	31-12-09	Variación
SS. CC.	43	48	5	1	1	0
SS. PP.	67	73	6	8	13	5
<b>TOTAL</b>	<b>110</b>	<b>121</b>	<b>11</b>	<b>9</b>	<b>14</b>	<b>5</b>

Por resolución do Consello da Xunta de Galicia do 1 de outubro de 2009, o posto de condutor/a -mecánico pasa a integrarse na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Por resolución da Consellería do Medio Rural do 6 de xullo de 2009, e de conformidade co disposto na Orde do 30 de abril de 2009 pola que se determina a adscrición dos órganos suprimidos como consecuencia da entrada en vigor do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se

fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e do Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, adscribíense ao Fogga con efectos do 12 de xuño de 2009, 12 postos da consellería.

Por execución de sentenzas dos xulgados do Social, toman posesión como persoal laboral indefinido non fixo 5 persoas.

Tras o acondicionamento do arquivo levado a cabo xa no ano 2006, durante este exercicio realizáronse tarefas de reorganización e arquivo dos expedientes xestionados polo organismo en servizos centrais, de acordo cos criterios indicados polo responsable do Arquivo Xeral da Xunta de Galicia, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte.







# PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC

## 2.1. Marco comunitario do réxime

### 2.1.1. A reforma da PAC de 2003.

#### O recoñecemento médico de 2008

Desde o ano 1993 a Política Agraria Común (PAC) veu compensando as baixadas dos prezos de intervención dos produtos agrarios mediante axudas directas ás explotacións, estando estas axudas ligadas ás producións correspondentes.

Coa Axenda 2000, aprobada en 1999 e que definía, en principio, o contido da PAC para o período 2000-2006, modificáronse algúns aspectos desta política, proseguindo co proceso de reducir os prezos garantidos en diversos sectores ou producións agrarias, e compensar iso cun incremento das axudas directas aos produtores.

Nese contexto, a reforma aprobada en xuño de 2003 supuxo o cambio máis importante desde a creación da PAC, debido sobre todo á desvinculación da maioría das axudas directas respecto á produción. Dese modo, a partir desta reforma a maior parte das subvencións integráronse nun pagamento único por explotación, baseado nas axudas percibidas polo agricultor nos anos 2000, 2001 e 2002, e que, para a súa percepción, non se esixe, en xeral, unha produción determinada senón unicamente o cumprimento de requisitos legais de xestión (medio natural, saúde pública, zoonosidade e fitosanidade e benestar animal) e o respecto ás boas condicións agrarias e ambientais, isto é, a denominada condicionalidade.

A reforma de 2003 garante as axudas directas ás explotacións até o ano 2013, facendo delas un compoñente

importante da súa renda. Aínda que a contía das axudas estará sometida a mecanismos de disciplina financeira, e ademais unha porcentaxe destas (3% en 2005, 4% en 2006 e 5% a partir de 2007) detráese, para as axudas percibidas por encima de 5.000 euros, co fin de destinar estes fondos a medidas de desenvolvemento rural en concepto de modulación.

De acordo cos documentos oficiais da Comisión Europea, con esta reforma tratouse de responder ás esixencias dos consumidores e contribuíntes, que valoran especialmente a calidade e seguridade alimentarias, de promover unha agricultura sostible máis orientada ao mercado e de adaptarse aos condicionantes da Organización Mundial do Comercio (OMC). Aínda que os cambios adoptados, particularmente o relativo á desvinculación das axudas directas, non están exentos de problemas e de posibles efectos negativos.

Esta reforma foi a primeira etapa do proceso de adaptación da PAC ao século XXI, pero non foi posible acadar un consenso sobre todos os elementos da dita reforma e no acordo final prevíronse cláusulas de revisión que abren o camiño a adaptacións posteriores en función da evolución do mercado e doutros elementos.

De acordo co anterior, en novembro de 2007 a Comisión Europea elaborou unha comunicación ao Parlamento Europeo e ao Consello co título **Preparar o exame de saúde da PAC ou recoñecemento médico**", e en novembro de 2008 os ministros de Agricultura da Unión Europea chegaron a un acordo político sobre a revisión da Política Agrícola Común.



O obxectivo desta revisión de 2008 era modernizar, simplificar e racionalizar a PAC e eliminar as restricións impostas aos agricultores, axudándoos así a reaccionar mellor ante as tendencias do mercado e a facer fronte ás novas dificultades. Entre outras medidas, o acordo suprime a retirada de terras dedicadas a cultivos herbáceos, aumenta as cotas lácteas ata a súa abolición gradual en 2015 e converte a intervención no mercado nunha verdadeira rede de seguridade. O acordo supón tamén un aumento da modulación, de maneira que se reducirán os pagamentos directos aos agricultores e o diñeiro transferirase ao Fondo de Desenvolvemento Rural (FEADER). Todo isto pretende facilitar unha mellor resposta ante os novos desafíos e oportunidades a que se enfronta a agricultura europea, incluído o cambio climático, a necesidade de xestionar mellor a auga, a conservación da biodiversidade e a produción de enerxía ecolóxica. Os Estados membros tamén poderán axudar os gandeiros produtores de leite de rexións con problemas a axustarse á nova situación do mercado.

Durante o ano 2009 estes regulamentos materializáronse en novos regulamentos do Consello e da Comisión, e normativa estatal e autonómica para a aplicación destes s. A nivel de España, optouse a integración de determinadas axudas no pagamento único xerándose novos importes para a campaña 2010 e a creación de axudas especiais financiadas con fondos europeos.

### **2.1.2. O modelo español de aplicación da reforma**

Na reforma da PAC de 2003 optouse finalmente por permitir aos Estados membros que determinadas axudas permanecesen ligadas, total ou parcialmente, á produción de que se trate (aplicación parcial do pagamento único), e tamén permitir que unha porcentaxe da axuda de determinados sectores se dedique á mellora da calidade das producións e a conservación e mellora do medio natural (artigo 69 do Regulamento 1782/2003). Non obstante, o réxime de pagamento único (RPU) desligado da produción integra agora a maior parte das axudas existentes até entón.

Facendo uso das posibilidades ofrecidas pola normativa comunitaria, no Estado Español optouse por manter parte das axudas ligadas á produción e tamén por reter unha porcentaxe das axudas do sector da carne de vacún e do sector lácteo para dedicar a melloras da calidade e do medio ambiente (ver o cadro 2.1). Por outro lado, dentro das opcións existentes para a súa implantación temporal, decidiuse aplicar o réxime de pagamento único a partir do ano 2006.

Ao longo do ano 2008 integráronse axudas sen repercusión no sector agrario galego, como as do sector das froitas e hortalizas e do sector vitícola no réxime de pagamento único.

Cadro 2.1  
Porcentaxe de axuda integrada no réxime de pagamento único segundo sectores en Galicia

SECTORES		TIPO DE LIÑAS DE AXUDA	APLICACIÓN PARCIAL (%)	% RETENCIÓN (ART.69)	% RPU
SUPERFICIES		Cultivos COPL	75%	-	75%
		Retirada obrigatoria	100%	-	100%
		Leguminosas de consumo humano	100%	-	100%
		Leguminosas de consumo animal	100%	-	100%
		Forraxes desecadas	100%	-	100%
GANDA- RÍA	VACÚN DE CARNE	Prima especial vacún macho	100%	7%	93%
		Sacrificio de adultos	60%	-	60%
		Pagamento por extensificación	100%	7%	93%
		Pagamentos adicionais	100%	7%	93%
	OVINO - CABRÚN	Prima base	50%	-	50%
		Prima complementaria	50%	-	50%
		Pagamentos adicionais	100%	-	100%
LÁCTEO		Prima láctea e pagamentos adicionais	100%	10%	90%

### 2.1.3. Características e elementos básicos do réxime de pagamento único por explotación

Cada ano para a percepción do pagamento único, o solicitante debe demostrar que é agricultor, que dispón de dereitos de axuda do pagamento único (de asignación inicial, da reserva nacional ou procedentes de cesións), que ten a superficie ou cabezas de gando necesarias e que cumpre os requisitos de admisibilidade e condicionalidade.

#### 2.1.3.1. A asignación inicial de dereitos do réxime de pagamento único

Na asignación inicial dos dereitos de pagamento único tívéronse en conta os seguintes aspectos:

- O período de referencia é o período de tempo que se tomou de base para o cálculo de importes e superficies de referencia de cada produtor (como norma xeral os anos 2000, 2001 e 2002).
- O importe de referencia é a media dos importes totais dos pagamentos que cada ano do período de refe-

rencia se concederon ao produtor nas liñas de axuda que se integran no pagamento único. O cálculo non se baseou nas axudas realmente cobradas senón nas superficies e animais determinados, é dicir, nas superficies e animais que cumpren todas as condicións para a percepción das axudas en cada ano.

A esas unidades aplicóuselles o importe unitario das axudas e primas correspondentes ao ano 2002.

- A superficie de referencia é a superficie (en hectáreas) que recibiu axudas directamente (cereais...) e a superficie forraxeira da explotación utilizada para a alimentación de gando obxecto das primas gandeiras no período de referencia.
- Dereitos de axuda

A cada produtor recoñecéuselle un dereito de axuda por hectárea que se calculou dividindo o importe de referencia pola superficie de referencia. Polo tanto, o número de dereitos de axuda é igual ao número medio de hectáreas indicado antes, e a contía deses dereitos é o resultado do cociente "importe de refe-

rencia/ superficie de referencia". Unha vez asignados os dereitos, un dereito de axuda máis unha hectárea de terreo que cumpra as condicións de admisibilidade permite cobrar o importe determinado en €/ha.

Como matización ao anterior, existen dereitos de axuda que teñen condicións especiais:

- Cando o produtor non tivera hectáreas no período de referencia (por exemplo, beneficiarios de prima por sacrificio de vacún sen superficie forraxeira), recoñécéuselle un dereito de axuda igual ao importe de referencia.
- Se, aínda tendo o agricultor superficie no período de referencia, o importe da axuda por hectárea era superior a 5.000 €, recoñécéuselle un dereito de axuda por cada 5.000 € ou fracción.

Nos dous casos anteriores (dereitos especiais) o produtor non terá a obriga de manter un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos, a condición de que manteña polo menos o 50% da actividade exercida no período de referencia, medida en Unidades de Gando Maior (UGM).

Tamén se estableceron dereitos específicos para o caso de retirada obrigatoria de terras da produción.

Na asignación inicial provisional de dereitos, feita en febreiro de 2006, dos importes de referencia descontouse un 3% para dotar a reserva nacional de dereitos de pagamento único, e posteriormente, en decembro de 2006, ese desconto limitouse ao 0,8%.

### **2.1.3.2 A reserva nacional de dereitos do réxime de pagamento único**

Constituíuse en 2006 co desconto inicial dos importes de referencia dos agricultores (3% inicialmente, reducido despois ao 0,8%), ao que se engadiron os seguintes importes:

- Os de agricultores que tendo asignados dereitos provisionais non solicitaron a admisión en 2006.

- Os dereitos non utilizados.
- Os importes retidos por aplicación de peaxes en vendas ou cesións de dereitos.
- Os importes obtidos como consecuencia da aplicación ao vendedor ou cedente da cláusula de beneficio inesperado, no caso de venda de unidades de produción no período de referencia ou antes do 15 de maio de 2004.

No ano 2006 á reserva nacional accederon os seguintes agricultores.

- Os que se atoparan, entre outras, nas seguintes situacións especiais:
  - Produtores lácteos que cederan cota por causas de forza maior.
  - Agricultores que recibiran terras por herdanza dun agricultor falecido que as tivera arrendadas no período de referencia.
  - Agricultores que fixeran investimentos até o 15 de maio de 2004.
  - Agricultores lexitimados para recibir dereitos por sentenzas xudiciais ou actos administrativos firmes.
- Os novos agricultores que iniciaran a actividade antes do 15 de maio de 2004.
- Os agricultores mozos con primeira instalación a partir de 16 de maio de 2004.
- Os agricultores con explotacións situadas nas zonas suxeitas a programas de reestruturación ou desenvolvemento.

En setembro de 2007, o FEGA comunicou que coa información relativa á reserva nacional de dereitos de pagamento único na campaña 2007 atendendo unicamente os casos prioritarios de agricultores mozos se producía unha superación do teito nacional. De acordo co previsto no artigo 42.7 do Regulamento 1782/2003, procedeuse a

realizar unha redución lineal do 1,5 % de todos os dereitos de pagamento único para poder establecer os dereitos da reserva nacional da campaña 2007 sen superar o límite orzamentario de todo o Estado español.

#### **2.1.3.3 Utilización dos dereitos de axuda**

Todo dereito de axuda do que non se fixese uso durante un período de tres anos incorporárase á reserva nacional, salvo causas de forza maior ou circunstancias excepcionais. Os dereitos da reserva nacional non poderán cederse durante un período de cinco anos contado a partir da súa asignación, e volverán de inmediato á reserva nacional se non se utilizan durante cada ano do período quinquenal.

#### **2.1.3.4 Cesión de dereitos de axuda**

Unha vez establecidos definitivamente, os dereitos de axuda poderán cederse polos agricultores a outros agricultores, por venda, arrendamento ou mediante calquera outra forma admitida en dereito, de acordo co establecido na normativa comunitaria, estatal e autonómica.

#### **2.1.4. Modulación**

Todos os importes dos pagamentos directos a explotacións no marco da Política Agraria Común (pagamento único e outras axudas directas), que se deban conceder nun ano natural determinado a un agricultor, redúcense nunha porcentaxe (3% para o ano 2005, 4% para 2006 e 5% para os anos 2007 e seguintes) de acordo co establecido no artigo 10 do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello. Os fondos obtidos desta maneira destinaranse a financiar medidas de desenvolvemento rural.

Non obstante, ao final de cada exercicio os agricultores con pagamentos directos percibirán un importe adicional de axuda, que será igual ao que resulte de aplicar a

porcentaxe de redución antes sinalada ao conxunto de pagamentos até os primeiros 5.000 euros, coa condición de que a suma total deses importes adicionais de axuda non poderá superar o límite máximo establecido para cada Estado membro no anexo II do citado regulamento. Deste modo, a expensas do cumprimento deste último límite, a modulación neta para cada agricultor consiste nunha redución da contía citada (5% a partir de 2007) para as axudas que percibe por encima de 5.000 euros.

#### **2.1.5. Condicionalidade**

A sociedade actual é cada vez máis sensible aos temas de seguridade alimentaria e respecto ao medio natural. Por esta razón, a percepción polos agricultores das axudas directas da PAC financiadas polo FEAGA desde o ano 2005 está condicionada, por unha banda, ao cumprimento dos denominados requisitos legais de xestión e, pola outra, ás boas condicións agrarias e ambientais, que, en conxunto, se agrupan no concepto de condicionalidade.

Coa entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 1698/2005 e do Regulamento (CE) nº 1975/2006, os perceptores de certas axudas financiadas polo FEADER tamén pasan a ter a obriga de cumprir coa condicionalidade a partir do ano 2007.

##### **a) Requisitos legais de xestión**

Están recollidos en directivas e regulamentos comunitarios e a esixencia do seu cumprimento foi progresiva a partir do ano 2005 (ver cadro 2.2), resumíndose agora no anexo 21 da Orde da Consellería do Medio Rural do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contacto de explotación sustentable no ano 2009.



Medio natural	Saúde pública, zoonosidade e fitosanidade	Benestar animal
Desde 01/01/2005:	Desde 01/01/2005:	
-Protección de aves	-Identificación e rexistro de animais	
-Protección de hábitats	Desde 01/01/2006:	Desde 01/01/2007:
-Protección de augas	-Comercialización de fitosanitarios	-Protección de xatos
subterráneas (substancias perigosas)	-Substancias hormonais e tiroestáticas	-Protección de porcino
-Protección de solos (lodos de depuradora)	-Seguridade alimentaria	-Protección de animais en explotacións gandeiras
-Protección de augas (nitratos de agricultura)	-Encefalopatía esponxiforme bovina	
	-Notificación de enfermidades de animais	

#### b) Boas condicións agrarias e ambientais.

Son normas que se deben cumprir para evitar a erosión do solo, manter a materia orgánica deste e a súa estrutura e garantir un nivel mínimo de mantemento das superficies evitando a deterioración dos hábitats, segundo se indica no anexo 22 da Orde da Consellería do Medio Rural do 29 de xaneiro de 2009, citada no apartado a).

## 2.2. NORMAS APLICABLES E ACTUACIÓNS LEVADAS A CABO EN 2009

As actuacións en relación co réxime de pagamento único leváronse a cabo no marco da Orde da Consellería do Medio Rural do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría da indemnización compensatoria e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009, e da normativa básica comunitaria e do Estado español que se indica a continuación:

- Regulamento (CE) nº 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da PAC.
- Regulamento (CE) nº 795/2004, da Comisión, do 21 de abril de 2004, que establece disposicións de aplicación do réxime do pagamento único previsto no Regulamento (CE) nº 1782/2003.
- Regulamento (CE) nº 796/2004, da Comisión, do 21 de abril de 2004, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello.
- Regulamento (CE) nº 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) 1290/2005, (CE) 247/2006, (CE) 378/2007 e derrógase o regulamento (CE) 1782/2003.
- Regulamento (CE) nº 1120/2009, da Comisión, do 29 de outubro de 2009, polo que se establecen disposicións de aplicación do réxime de pagamento único no título II do regulamento (CE) 73/2009 do Consello polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axudas aos agricultores.
- Regulamento (CE) nº 1121/2009, da Comisión, do 29 de outubro de 2009, polo que se establecen disposicións de aplicación do regulamento (CE) 73/2009 do Consello respecto aos réximes de axuda aos agricultores previstos nos seus títulos IV e V.

- Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, sobre a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.
- Real decreto 486/2009, do 3 de abril, polo que se establecen os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da política agrícola común, os beneficiarios de determinadas axudas de desenvolvemento rural e os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima por arrinca do viñedo.
- Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, sobre a aplicación do réxime de pagamento único na agricultura e a integración de determinadas axudas agrícolas neste a partir do ano 2010.

### 2.2.1. Asignación de dereitos da reserva nacional

No ano 2009 podían solicitar dereitos do réxime de pagamento único da reserva nacional de acordo co establecido no artigo 24 da Orde da Consellería do 29 de xaneiro de 2009:

- a. Os agricultores lexitimados para recibir dereitos de axuda ou para aumentar o valor dos dereitos existentes por sentenzas xudiciais firmes ou actos administrativos firmes.
- b. Agricultores mozos que realizasen a primeira instalación no ámbito dun programa de desenvolvemento rural establecido con base ao Regulamento 1698/2005, do Consello, incorporándose nalgún dos sectores do anexo VI do Regulamento 1782/2003 e que non recibira dereitos de pagamento único da reserva nacional.
- c. Os agricultores mozos que, tendo solicitado dereitos de pagamento único con cargo á reserva nacional na asignación inmediatamente anterior, presentasen con posterioridade á dita solicitude solicitudes de axuda relativas á prima por sacrificio de gando vacún.

- d. Os agricultores cuxas explotacións se encontren situadas en zonas suxeitas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento relativos a algún tipo de intervención pública tal como transformación en regadío, concentracións parcelarias e beneficiarios de dereitos da reserva nacional de cota láctea e de ovino-cabrún, co obxecto de evitar o abandono de terras ou para compensar desvantaxes específicas para os agricultores nesas zona, e que non recibisen xa dereitos de pagamento único da reserva nacional.

### 2.2.2.- Cesión de dereitos de axuda

Os dereitos de axuda do réxime de pagamento único poden cederse a outro agricultor establecido en Galicia ou en calquera Comunidade Autónoma do Estado español, ben por venda, arrendamento ou calquera outra forma establecida en dereito.

#### a) Ventas ou cesións definitivas de dereitos

Unicamente se poden realizar cesión definitivas de dereitos unha vez que estes se establecen definitivamente, polo que a campaña 2009 foi a terceira na que se fixeron cesións no Estado español.

No caso de cesións definitivas ou vendas de dereitos, na campaña 2009 aplicáronse as seguintes retencións para a reserva nacional:

- Venda sen terras..... 30%.
- Venda sen terras a un agricultor profesional ou explotación prioritaria.....10%.
- Venda con terras ou con toda a explotación.....3%.

Non se aplicarán retencións nos seguintes casos:

- Venda de dereitos, con ou sen terras, a un agricultor que inicia a actividade agraria.
- Cambios de titularidade con motivo de herdanzas, xubilacións e programas aprobados de cesamento anticipado en que o cesionario dos dereitos sexa un familiar de primeiro grao do cedente, cambios de per-



sonalidade xurídica, agrupacións de varias persoas físicas ou xurídicas noutra persoa xurídica ou ente sen personalidade xurídica, e escisións de persoas xurídicas ou de agrupacións de persoas xurídicas.

No caso de que se cedan dereitos de axuda de retirada, o cesionario adquire a obriga de retirar as terras da produción.

A cesión de dereitos de axuda supeditados a condicións especiais manterán a dita condición sempre que se cedan todos os que ten o agricultor cedente.

Os dereitos da reserva nacional non se poden ceder, excepto nos casos de herdanza, fusión ou escisión de explotacións, durante un período de cinco anos contados a partir da asignación, e volverán de inmediato á reserva nacional se non se utilizan durante cada ano do período quinquenal.

#### b) Contratos de arrendamento

Nos contratos de arrendamento de terras considérase arrendamento dos dereitos de axuda con terras calquera cláusula dun contrato de arrendamento que preveña a cesión dun número de dereitos que non supere o número de hectáreas arrendadas. Os dereitos de axuda e as hectáreas arrendaranse polo mesmo período de tempo.

#### 2.2.3.- Utilización de dereitos de axuda

Cada dereito de axuda do pagamento único pode xustificarse cunha hectárea de terreo admisible. Para os efectos de utilización dos dereitos de axuda, considérase que se utilizaron en primeiro lugar os dereitos de retirada de terras e a continuación os dereitos de axuda normais de maior importe. Os dereitos de axuda da reserva nacional utilizaranse en último lugar.

Todo dereito de axuda do que non se fixese uso durante un período de tres anos incorporárase á reserva nacional, salvo casos de forza maior ou circunstancias excepcionais.

Os dereitos procedentes da reserva nacional volverán de inmediato á reserva nacional se non se utilizan cada ano nos primeiros cinco anos despois da súa asignación.

#### 2.2.4.- Beneficiarios e requisitos no réxime do pagamento único

Poden percibir o pagamento único desligado da produción os titulares de explotación que dispoñan de dereitos concedidos en virtude do Real decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos dentro do RPU, e que ademais xustifiquen a súa utilización.

a. **Titular da explotación.** Agricultor que ten asignado un Código de Explotación Agraria (CEA), figurando como responsable da xestión dos bens e medios de produción desta.

b. **Dispoñer de dereitos do RPU.** Os dereitos dispoñibles para un agricultor na campaña 2009 poden ser (cadro 2.3):

1.- Os que teña asignados definitivamente, que poden ser normais, de retirada, especiais e de asignación inicial ou de reserva nacional, segundo se indica no cadro seguinte.

Orixe Inicial	Orixe Reserva
Dereitos normais	Dereitos normais
Dereitos de retirada	Dereitos especiais
Dereitos especiais	

Cadro 2.3  
Orixe e tipo de dereitos

2.- Os tomados por cesión na campaña 2009.

3.- Os asignados da reserva nacional en 2009.

c. **Xustificar os dereitos.** Cada dereito de axuda polo que se solicite o pagamento único (salvo os dereitos especiais, segundo se comenta no punto h) deberá xustificarse cunha hectárea admisible. As parcelas concretas que na campaña serán consideradas para xustificar dereitos do RPU serán aquelas declaradas con produtos compatibles con ese réxime.



- d. **Acreditación da utilización das terras.** Para xustificar unha hectárea admisible non é preciso ser propietario das terras, senón utilízalas e poder acreditar o dereito a facelo. A acreditación normal desta circunstancia nunha parcela, cando a reclame a Administración, consistirá en:
1. A presentación de documentación onde, para a parcela de que se trate, se indique a súa titularidade (en catastro ou en concentración parcelaria, segundo fose a orixe da parcela no SIXPAC), documentación que debe ser compatible co SIXPAC. No caso de que a orixe fose o catastro, a documentación será unha fotocopia cotexada dun padrón catastral, unha cédula ou un certificado catastral, que non sexan anteriores á data da última renovación catastral previa á elaboración do SIXPAC.
  2. Cando o solicitante non sexa o propio titular da parcela no catastro (ou, se é o caso, en concentración parcelaria), engadirase á documentación anterior calquera documento no que o titular autorice ao solicitante o uso da superficie pola que pide axuda.
- e. **Superficie mínima:** a superficie mínima para poder percibir o pagamento único é de 0,1 hectáreas admisibles.
- f. **Hectáreas admisibles para xustificar os dereitos:**
1. Considéranse hectáreas admisibles para xustificar dereitos normais as superficies agrarias da explotación consistentes en terras de cultivo e pastos permanentes.
  2. Considéranse hectáreas admisibles para xustificar dereitos de retirada as terras de cultivo, agás as superficies que en xaneiro de 2003 estiveran ocupadas por cultivos permanentes ou bosques, ou utilizadas para actividades non agrarias ou para pastos permanentes. Isto implica que os recintos SIXPAC declarados para retirada deben ser "elixibles".
- g. **Utilización agraria das terras nas hectáreas admisibles:**
1. Os agricultores poderán dedicar as parcelas declaradas para xustificar dereitos normais a calquera actividade agraria, con excepción de patacas distintas das destinadas á fabricación de fécula e cultivos permanentes.
  2. As parcelas declaradas para xustificar os dereitos de retirada deben permanecer sen cultivar polo menos desde o 15 de xaneiro até o 31 de agosto, e non serán de tamaño inferior a 0,1 hectáreas nin terán menos de 10 metros de ancho.
- h. **Condicións dos dereitos especiais:**
1. Os agricultores que soliciten pagamento único por dereitos especiais quedan exentos da obriga de declarar un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos de axuda, a condición de que manteñan, na campaña de que se trate, polo menos o 50% da actividade exercida no período de referencia, expresada en unidades de gando maior (UGM). Para a determinación da actividade na campaña actual teranse en conta as equivalencias indicadas no cadro 2.4. No caso de cesión de dereitos especiais, esta excepción só se manterá no suposto de que se cedan todos eses dereitos.



Tipo de animal	UGM
Bovinos machos e xovencas de máis de 24 meses, vacas nutrices e vacas leiteiras	1,00
Bovinos machos e xovencas de 6 a 24 meses de idade	0,6
Bovinos machos e xovencas até 6 meses de idade	0,2
Ovinos e cabrúns	0,15

2. Cando se desexe xustificar algún dereito especial mediante superficie, será preciso indicar este feito na solicitude de axuda. Neste caso os dereitos pasarán a ser, automaticamente, dereitos normais.
3. Non se poderá solicitar o restablecemento das condicións especiais para os dereitos transformados de acordo co punto anterior ou cando os dereitos especiais se cederan parcialmente.

i. **Condiciónalidade.** Deberán respectarse todas as obrigas derivadas da condicionalidade das axudas (os requisitos legais e as boas condicións agrarias e agroambientais). Estas obrigas afectan toda a actividade da explotación e todas as súas parcelas, xustifiquen dereitos ou non.

En particular, respectaranse as seguintes condicións:

- **Conservación da cantidade de pastos permanentes:** o agricultor titular de superficies dedicadas a pastos permanentes aterase ás esixencias previstas na normativa comunitaria, así como ás que estableza a Consellería do Medio Rural, co obxecto de previr que a superficie total de pastos permanentes sufra unha redución significativa segundo o previsto no artigo 5 do Regulamento (CE) nº 1782/2003 e no artigo 3 do Regulamento (CE) nº 796/2004, onde se recollen as marxes de redución anual admisibles respecto á proporción de referencia para 2003.
- **Mantemento mínimo das terras:** de acordo co anexo 22 da Orde da Consellería do Medio Rural do 29 de xaneiro de 2009, teranse en conta:

1. Nos pastos permanentes as cargas gandeiras mínimas, se é o caso, e a prohibición de queimar e cavar estes pastos agás para labores de rexeneración da vexetación.
2. Nas terras de cultivo, a necesaria prevención da proliferación das especies invasoras que se indican no dito anexo.

Cadro 2.4  
Dereitos especiais:  
equivalencias  
cabezas - UGM

### 2.2.5.- Importe das axudas

O importe máximo por hectárea do pagamento único é variable, pois depende do valor concreto de cada dereito.

Unha vez realizados os controis das axudas, en cada expediente resulta unha “superficie determinada”, que é a superficie que cumpre todas as condicións establecidas nas normas para a concesión da axuda. Na axuda do RPU a superficie declarada só se poderá considerar determinada se vai acompañada polo correspondente número de dereitos de axuda.

No caso de dereitos especiais xustificadas con gando (UGM) non se trata de importes por hectárea, senón do importe total que se percibirá se a explotación mantén como mínimo o 50% das UGM do período de referencia.

### 2.2.6.- Asignación de dereitos do recoñecemento médico

No ano 2009, para materializar as modificacións aprobadas no marco da última reforma da PAC, coñecida como recoñecemento médico entrou en vigor o Regulamento (CE) nº 73/2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da PAC. No mesmo establécese a integración o réxime do pagamento único de determinadas axudas.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, na campaña 2010, incrementárase o valor dos dereitos ou xeráronse novos dereitos de pagamento único para aqueles produtores con superficies determinadas, nas campañas 2007/2008 e 2008/2009, para os pagamentos por cultivos herbáceos así como para aqueles produtores con animais determi-

nados na campaña 2008/2009 para os pagamentos de gando ovino-cabrún.

O Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, sobre a aplicación do réxime de pagamento único na agricultura e a integración de determinadas axudas agrícolas neste a partir do ano 2010, recolle a regulación básica para a integración destas axudas no réxime de pagamento único.

Como consecuencia do mencionado Real decreto o FOGGA remitiu ao FEGA a relación de beneficiarios que poderán ser incorporados no réxime de pagamento único e se lles xeren dereitos provisionais que pasaran a ser definitivos na campaña 2010.

## 2.3. Resultados da xestión

### 2.3.1 Xestión de dereitos do réxime de pagamento único

No ano 2009 o proceso de xestión de dereitos do pagamento único en Galicia deu lugar ás seguintes actuacións:

- Comunicación desde o FOGGA ao FEGA dos dereitos utilizados en 2008.

- Xestión das solicitudes de axuda ao réxime de pagamento único na campaña 2009, xunto coas da reserva para esa campaña e as cesións de dereitos para a esta.
- Comunicación ao FEGA das solicitudes e movementos aceptados.
- Asignación polo FEGA dos dereitos do pagamento único da reserva nacional, en base ás solicitudes.
- Constitución no FEGA da base de datos dos dereitos do pagamento único consolidados 2009 para o control e pagamento dos dereitos a partir do 1 de decembro de 2009.

#### Reserva nacional

As solicitudes dos dereitos procedentes da reserva nacional para a campaña 2009 presentáronse no período do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2009.

No cadro 2.5 indícanse as claves dos tipos de acceso dos solicitantes de dereitos da reserva nacional

Cadro 2.5

Tipos de acceso na solicitude á reserva nacional dos dereitos de pagamento único. Campaña 2009.

Tipo de acceso	Condicións
320A	Novos agricultores que realizen a súa primeira instalación no ámbito dun Programa de desenvolvemento rural establecido en base ao Regulamento (CE) nº 1698/2005.
330C	Agricultores beneficiarios de cota láctea da reserva nacional e do fondo de cotas da campaña 2006/2007.
330D	Agricultores beneficiarios dos dereitos de prima de ovino - cabrún da reserva nacional da campaña 2007 e/ou 2008, con efectos 2008.
330E	Agricultores beneficiarios de dereitos de prima de vacas nutrices da reserva nacional da campaña 2008.
350A	Novos agricultores que soliciten dereitos de pagamento único da reserva nacional de pagamento único da campaña inmediatamente anterior, preséntase con posterioridade á dita solicitude, solicitudes de prima por sacrificio e prima adicional de vacún de calidade.

Segundo se resume no cadro 2.6, presentáronse un total de 1.232 solicitudes de dereitos da reserva nacional de pagamento único das que 354 (31,9 %) eran beneficiarios de dereitos de prima da reserva nacional de ovino cabrún, 308 (25,0 %) corresponderon a beneficiarios de cota da reserva nacional de cota láctea e 241 (19,6%) eran beneficiarios de dereitos de prima de vacas nutrices da reserva nacional da campaña 2008. Destes solicitantes

a meirande parte (un 47,8 %) corresponde á provincia de Lugo.

Destas solicitudes aceptáronse 569 un 46,2 %.

Tipo de acceso	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Sol.	Acep.	Sol.	Acep.	Sol.	Acep.	Sol.	Acep.	Sol.	Acep.
320A	38	1	90	15	44	17	13	1	185	34
330C	106	82	166	52	3	1	33	5	308	140
330D	54	23	110	42	197	75	32	17	393	157
330E	25	17	173	165	42	32	1	1	241	215
350A	34	10	50	8	18	4	3	1	105	23
<b>TOTAIS</b>	<b>257</b>	<b>133</b>	<b>589</b>	<b>282</b>	<b>304</b>	<b>129</b>	<b>82</b>	<b>25</b>	<b>1.232</b>	<b>569</b>

Cadro 2.6

Resumo de solicitudes da reserva nacional de dereitos de pagamento único por provincias e tipo de acceso. Campaña 2009.

Sol= Solicitadas Acep=Aceptadas

Tipo de solicitude	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Nº	€	Nº	€	Nº	€	Nº	€	Nº	€
320A	1	1.852,76	15	22.948,44	17	32.606,83	1	932,95	34	58.340,98
330C	82	96.739,46	52	49.457,31	1	303,19	5	1.970,76	140	148.470,72
330D	23	3.647,00	42	13.159,80	75	26.134,50	17	9.646,30	157	52.587,60
330E	17	21.417,24	165	160.424,37	32	29.962,82	1	1.014,59	215	212.819,02
350A	10	5.630,78	8	2.701,73	4	1.663,24	1	146,79	23	10.142,54
<b>TOTAIS</b>	<b>133</b>	<b>129.287,24</b>	<b>282</b>	<b>248.691,65</b>	<b>129</b>	<b>90.670,58</b>	<b>25</b>	<b>13.711,39</b>	<b>569</b>	<b>482.360,86</b>

Cadro 2.7

Número de beneficiarios e importes da asignación de dereitos de pagamento único da reserva nacional por provincia e tipo de acceso. Campaña 2009.

No relativo aos importes, asignáronse dereitos por un valor total de 482.360,86 euros, dos que o 44,12 % correspondeu a agricultores con asignación de dereitos de nutrices da reserva nacional da campaña 2008.

No cadro seguinte indícase a distribución, por Comunidade Autónoma, dos beneficiarios e importes dos dereitos asignados da reserva nacional de pagamento único, correspondéndolle a Galicia o 6,70 % dos importes asignados en España, segundo a información elaborada polo FEAGA.

PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.

Cadro 2.8  
Asignación de  
dereitos de  
pagamento único  
procedentes da  
reserva nacional  
por Comunidade  
Autónoma.  
Campaña 2009.

CCAA Solicitud	Beneficiarios		Importes (€)	
	Nº	%	Nº	%
ANDALUCÍA	353	8,95	539.863,37	7,50
ARAGÓN	264	6,69	950.545,75	13,22
ASTURIAS	497	12,60	530.851,80	7,38
BALEARES	90	2,28	81.368,99	1,13
CANTABRIA	119	3,02	111.998,60	1,55
CASTILLA - LA MANCHA	165	4,18	592.533,42	8,24
CASTILLA E LEÓN	497	12,60	1.398.653,70	19,45
CATALUÑA	181	4,59	52.688,46	7,24
EXTREMADURA	469	11,89	840.142,35	11,68
GALICIA	569	14,43	482.360,86	6,70
MADRID	31	0,78	106.198,55	1,47
R. DE MURCIA	42	1,06	83.023,00	1,15
C.F. NAVARRA	404	10,24	744.367,81	10,35
P. VASCO	215	5,45	126.616,77	1,76
LA RIOJA	32	0,81	39.921,67	0,55
C. VALENCIANA	14	0,35	40.921,53	0,56
<b>TOTAL</b>	<b>3.942</b>	<b>100</b>	<b>7.190.056,63</b>	<b>100</b>

**Cesións de dereitos:**

As comunicacións de cesións de dereitos realizadas entre o 1 de novembro e dúas semanas antes da finalización da presentación da solicitude de axuda do pagamento único, agás no caso de cambios de titularidade da explotación por herdanza, xubilación, programas aprobados de cesamento anticipado da actividade agraria, fusións ou excisións de explotacións nos que o prazo remata o último día de presentación da solicitude de pagamento único.

No cadro 2.9 indícase o número de solicitudes de cesión de dereitos agrupadas por tipo de cesión e para cada provincia, Galicia e o total do Estado, segundo información do FEAGA

En Galicia presentáronse un total de 1.618 solicitudes de cesión de dereitos, o que supón o 3,5% das presentadas no Estado.

Dentro da Comunidade Autónoma o maior número de solicitudes de cesión corresponde á provincia da Coruña, con 664, o que representa o 41,0 % das presentadas en Galicia.

Tipo de cesión	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia		España		G/E
					Nº	%	Nº	%	%
V1 Compravenda sen terras	33	14	15	6	68	4,2	4.063	8,9	1,7
V2 Compravenda sen terras a un agricultor profesional	49	59	32	16	156	9,6	4.160	9,1	3,8
V3 Compravenda con terra, compra parcial explotación	0	1	0	0	1	0,1	6.141	13,4	0,1
V4 Compravenda de todos os dereitos especiais, compra parcial da explotación	9	6	0	0	15	0,9	310	0,7	4,8
V5 Compravenda por devolución arrendamento	0	0	0	0	0	0,0	3.147	6,9	0,0
V6 Compravenda con terra, compra total explotación	0	0	0	11	11	0,7	679	1,5	1,6
V7 Compravenda a un agricultor que inicia a súa actividade agraria	26	32	21	6	85	5,3	493	1,1	17,2
AR Arrendamento con terras	42	18	4	6	70	4,3	10.256	22,4	0,7
HE Herdanza	36	39	18	16	109	6,7	8.096	17,6	1,3
CD Cambio de personalidade xurídica	256	255	35	96	642	39,7	3.425	7,5	18,7
FU Fusións en persoas xurídicas ou entes sen personalidade xurídica	31	29	4	3	67	4,14	748	1,6	8,9
ES Escisións de persoas xurídicas ou de agrupación de persoas xurídicas	5	4	4	2	15	0,9	871	1,9	1,7
RV Renuncia voluntaria a favor da reserva nacional	14	18	0	2	34	2,1	55	0,1	61,8
HA Xubilacións ou programas de cese anticipado cesionario familiar de primeiro grao cedente.	136	105	25	35	301	18,6	1.759	3,8	17,11
AA Finalización anticipada de arrendamento con terras	27	7	2	4	40	2,5	1.653	3,6	2,4
SJ Sentenzas xudiciais	0	4	0	0	4	0,2	27	0,1	14,8
<b>TOTAIS</b>	<b>664</b>	<b>591</b>	<b>160</b>	<b>203</b>	<b>1.618</b>	<b>100</b>	<b>45.883</b>	<b>100</b>	<b>3,5</b>
% POR PROVINCIA	41,00 %	36,50%	10,00%	12,50%	100%				

Cadro 2.9  
Número de solicitudes de cesión de dereitos do RPU por tipo de cesión en Galicia e España. Campaña 2009.

PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.

No relativo ao tipo de cesión, existen diferenzas importantes entre Galicia e a totalidade do Estado. Neste último predominan as cesións de dereitos por arrendamentos de terras (22,4 % do total), mentres que en Galicia este tipo de cesións chega ao 4,3 % das cesións realizadas. Tamén teñen relevancia no Estado as herdanzas e as compravendas de dereitos con terras que supoñen unha compra parcial da explotación, 17,6 % e 13,4 %, respectivamente. En Galicia, no entanto, teñen importancia as cesións ligadas a cambios da personalidade xurídica ou titularidade entre cónxuxes (39,7%), aos cambios na titularidade das explotacións por xubilacións ou cesamento anticipado (18.6 %), ou por compravenda sen terras a un agricultor profesional (9,6%).

As limitacións existentes na transferencia de dereitos da reserva nacional, mesmo de pais a fillos, agás no caso de

herdanzas, dá lugar a unha cesión relativamente importante de dereitos á reserva nacional ligados a outro tipo de cesións.

No cadro 2.10 resúmense os importes dos dereitos cedidos segundo o tipo de cesión, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, segundo información do FEAGA.

O importe dos dereitos cedidos en Galicia, 8.592.612 €, é o 5,8 % do importe cedido no Estado. Destaca o valor das renuncias voluntarias en favor da reserva nacional que representan o 86,4% do total do Estado, aínda que tanto o número como o importe cedido é pequeno.

A compravenda de dereitos con terra, compra parcial da explotación, en Galicia non te ningunha repercusión, cando no Estado español supón o 4,9 % dos importes dos dereitos cedidos.

Cadro 2.10  
Cesións de importes de dereitos do RPU por tipo de cesión en Galicia e España. Campaña 2009

Tipo de cesión	Galicia		España		G/E
	IMPORTES (€)	%	IMPORTES (€)	%	%
V1 Compravenda sen terras	47.877	0,6	4.978.318	3,4	1,0
V2 Compravenda sen terras a un agricultor profesional	221.506	2,6	8.439.375	5,7	2,6
V3 Compravenda con terra, compra parcial explotación	0	0,0	7.304.527	4,9	0,0
V4 Compravenda de todos os dereitos especiais, compra parcial da explotación	19.365	0,2	862.600	0,6	2,2
V5 Compravenda por devolución arrendamento	0	0,0	60.790	0,1	0,0
V6 Compravenda con terra, compra total explotación	11.734	0,1	2.384.691	1,6	0,5
V7 Compravenda a un agricultor que inicia a súa actividade agraria	250.684	2,9	2.644.851	1,8	9,5
AR Arrendamento con terras	189.256	2,2	29.799.763	20,1	0,6
HE Herdanza	173.613	2,0	17.198.953	11,6	1,0
CD Cambio de personalidade xurídica	6.426.241	74,8	35.221.710	23,8	18,2
FU Fusións en persoas xurídicas ou entes sen personalidade xurídica	497.579	5,8	7.218.760	4,9	7,0
ES Escisións de persoas xurídicas ou de agrupación de persoas xurídicas	81.172	0,9	8.299.392	5,6	1,0
RV Renuncia voluntaria a favor da reserva nacional	8.036	0,1	9.301	0,1	86,4
HA Xubilacións ou programas de cesamento anticipado cesionario familiar de primeiro grao cedente.	512.506	6,0	9.481.198	6,4	5,4
AA Finalización anticipada de arrendamento con terras	108.227	1,3	6.158.465	4,2	1,8
SJ Sentenzas xudiciais	7.333	0,1	238.794	0,2	3,1
PE Peaxe	37.483	0,4	2.806.839	1,9	1,3
<b>TOTAIS</b>	<b>8.592.612</b>	<b>100</b>	<b>148.050.599</b>	<b>100</b>	<b>5,8</b>

## Dereitos consolidados para a campaña 2009

De acordo cun informe elaborado polo FEGA, no cadro 2.11 resúmense os dereitos do réxime de pagamento

único consolidados para a campaña 2009 para todas as comunidades autónomas.

CCAA	Nº beneficiarios (a)	Nº dereitos (b)	Importes (€) (c)	Valor medio por dereito (c/b)	Importe medio por beneficiario (c/a)
Andalucía	275.665	3.368.294	1.286.105.972,77	381,83	4.665,46
Aragón	50.789	1.324.675	296.104.340,66	223,53	5.830,09
Asturias	12.672	231.536	37.625.071,18	162,50	2.969,15
Baleares	5.717	89.133	15.176.833,99	170,27	2.654,68
Cantabria	5.436	147.008	25.755.338,04	175,20	4.737,92
Castilla- La Mancha	147.811	3.074.300	453.379.488,97	147,47	3.067,29
Castilla y León	94.502	3.875.804	655.066.261,11	169,01	6.931,77
Cataluña	56.961	739.496	198.879.821,71	268,94	3.491,51
Extremadura	75.707	1.918.953	315.422.631,87	164,37	4.166,36
Galicia	43.703	366.133	107.053.356,26	292,39	2.449,57
Madrid	7.663	208.796	28.065.753,35	134,42	3.662,50
Murcia	10.725	99.427	32.049.662,85	322,34	2.988,31
Navarra	17.566	329.113	70.459.843,84	214,09	4.011,15
País Vasco	11.283	130.298	32.022.527,40	245,76	2.838,12
La Rioja	7.005	123.473	19.536.233,81	158,22	2.788,90
C. Valenciana	53.873	190.244	44.599.047,46	234,43	827,86
<b>Total</b>	<b>877.078</b>	<b>16.216.291</b>	<b>3.617.301.185,27</b>	<b>223,07</b>	<b>4.124,26</b>

Cadro 2.11  
Dereitos do RPU e importes consolidados 2009.  
Por Comunidade Autónoma de solicitude única.

Galicia conta con 43.703 beneficiarios e 366.133 dereitos por un importe de 107.053.356,26 euros, o que supón, en relación ao total do Estado, un 4,98 % dos beneficiarios, 2,26 % dos dereitos e 2,96 % dos importes.

No relativo aos valores medios de cada dereito e para cada beneficiario, Galicia ten 292,39 €/dereito e 2.449,57 euros/ beneficiario, que significan o 131,0 % e o 59,4 %, respectivamente, dos valores medios do Estado, segundo se indica no cadro 2.12.

Tipo de dereitos	Numero de beneficiarios			Numero de dereitos			Importes (€)			Valor medio UN dereito (€)			Valor medio UN beneficiario (€)		
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)
Especiais	6.473	25.602	25,30	7.685	36.858	20,90	14.191.767,01	91.517.099,52	15,50	1.846,68	2.482,96	74,40	2.192,46	3.574,61	61,33
Normais	38.925	855.805	4,54	358.448	16.179.471	2,22	92.861.589,25	3.525.784.085,75	2,63	259,07	217,92	119,00	2.385,65	4.119,85	58,00
<b>TOTAIS</b>	<b>43.703</b>	<b>877.078</b>	<b>5,00</b>	<b>366.133</b>	<b>16.216.291</b>	<b>2,30</b>	<b>107.053.356,26</b>	<b>3.617.301.185,27</b>	<b>3,00</b>	<b>292,39</b>	<b>223,07</b>	<b>131,00</b>	<b>2.449,57</b>	<b>4.124,26</b>	<b>59,40</b>

Cadro 2.12  
Dereitos consolidados 2009.  
Beneficiarios, dereitos e importes en Galicia e en España

No cadro 2.13 resúmense os dereitos do réxime de pagamento único consolidados para 2009 en cada provincia, indicando o tipo de dereito, beneficiarios, dereitos, impor-

tes, así como os valores que proceden da reserva nacional e os que corresponden á asignación inicial.



PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.

Cadro 2.13  
Dereitos do RPU  
consolidados 2009  
Beneficiarios,  
dereitos e importes  
por tipo e provincia

PROVINCIA	TIPO DEREITOS	BENEFICIARIOS	DEREITOS	INICIAL(€)	RN (€)	TOTAL (€)	Valor medio UN dereito (€)	Valor medio UN beneficiario (€)
CORUÑA	Normais	14.755	91.537	33.270.217,60	1.795.585,93	35.065.803,53	383,08	2.376,54
	Especiais	1.672	1.819	2.542.522,61	43.137,32	2.585.659,93	1.421,47	1.546,45
	TOTAL	16.055	93.356	35.812.740,21	1.838.723,25	37.651.463,46	403,31	2.345,15
LUGO	Normais	13.059	171.367	35.454.583,94	3.230.089,25	38.684.673,19	225,74	2.962,30
	Especiais	3.270	4.211	9.504.839,95	118.195,08	9.623.035,03	2.285,21	2.942,82
	TOTAL	15.368	175.578	44.959.423,89	3.348.284,33	48.307.708,22	275,14	3.143,40
OURENSE	Normais	5.997	63.365	9.006.053,65	962.522,74	9.968.576,39	157,32	1.662,26
	Especiais	416	435	256.077,70	60.166,93	316.244,63	727,00	760,20
	TOTAL	6.337	63.800	9.262.131,35	1.022.689,67	10.284.821,02	161,20	1.622,98
PONTEVEDRA	Normais	5.114	32.199	8.676.858,46	465.677,68	9.142.536,14	283,94	1.787,75
	Especiais	1.115	1.238	1.661.353,14	5.474,28	1.666.827,42	1.346,39	1.494,91
	TOTAL	5.943	33.437	10.338.211,60	471.151,96	10.809.363,56	323,28	1.818,84
GALICIA	Normais	38.925	358.468	86.407.713,65	6.453.875,60	92.861.589,25	259,05	2.385,65
	Especiais	6.473	7.703	13.964.793,40	226.973,61	14.191.767,01	1.842,37	2.192,46
	TOTAL	43.703	366.171	100.372.507,05	6.680.849,21	107.053.356,26	292,36	2.449,57

A variación dos dereitos entre a situación consolidada para 2008 e a situación consolidada para 2009 pode verse no cadro seguinte

Cadro 2.14  
Régime do  
pagamento único.  
Variación dos  
dereitos asignados  
entre as campañas  
2008 e 2009

	AGRICULTORES	Número de dereitos		Importes (€)			D/Agricultor
		Normal	Especial	Inicial	Reserva	Total	
CAMPAÑA 2008	44.208	361.775	8.137	101.158.812,26	6.306.615,63	107.465.427,89	2.430,90
CAMPAÑA 2009	43.703	358.448	7.685	100.372.507,05	6.680.849,21	107.053.356,26	2.449,57
(2009-2008) /2008 (%)	- 1,14 %	- 0,91 %	- 5,55 %	- 0,78 %	5,93 %	- 0,38 %	0,77 %

Entre as dúas campañas constátase:

- Unha diminución do número de agricultores con dereitos en 505, equivalente ao 1,14 % dos existentes en 2008
- Unha diminución dos dereitos especiais por transformación en dereitos normais.
- Unha redución mínima dos dereitos normais

- Un incremento dos importes asignados da reserva nacional nun 5,93 % por asignación a produtores de leite con cota da reserva nacional ou produtores de vacas nutrices con dereitos da reserva nacional.


No cadro 2.15 e gráfico 2.1 reflíctese a distribución provincial de agricultores e importes de dereitos a finais do ano 2009. A provincia da Coruña, con 16.055 agricultores (36,74 %), e a de Lugo con 48.307.708,22 euros (45,12 %)

concentran as cifras máis significativas nesta asignación de dereitos.

Provincia	Agricultores		Importes	
	Número	%	Euros	%
A Coruña	16.055	36,74%	37.651.463,46	35,17%
Lugo	15.368	35,16%	48.307.708,22	45,12%
Ourense	6.337	14,50%	10.284.821,02	9,61%
Pontevedra	5.943	13,60%	10.809.363,56	10,10%
<b>Galicia</b>	<b>43.703</b>	<b>100,00%</b>	<b>107.053.356,26</b>	<b>100,00%</b>

Cadro 2.15  
Dereitos de pagamento único consolidados 2009.  
Distribución provincial de importes e agricultores.

**AGRICULTORES**



**IMPORTES DOS DEREITOS DO RPU (€)**




Gráfico 2.1  
Dereitos de pagamento único consolidados 2009.  
Distribución provincial de agricultores e importes.


Así mesmo no cadro 2.16 e gráfico 2.2 resúmese a distribución de dereitos do RPU en Galicia segundo importe asignado por agricultor para a campaña 2008.

PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.


Cadro 2.16  
Distribución de  
agricultores e  
dereitos do RPU.  
Campaña 2009.  
(Segundo importes  
por agricultor)

D/Agricultor	Agricultores	Dereitos	Importes
≤ 100	3.442	4.913	199.628,55
100 a 250	7.221	14.864	1.243.106,70
250,10 a 500	7.161	27.330	2.576.924,66
500,10 a 1.000	6.642	43.873	4.753.529,07
1.000,10 a 2.500	7.534	72.800	12.210.135,99
2.500,10 a 5.000	5.560	65.711	19.837.811,21
5.000,10 a 10.000	3.941	63.745	27.376.421,62
10.000,10 a 25.000	1.893	54.834	27.830.669,92
> 25.000	309	18.101	11.025.128,54
<b>TOTAIS</b>	<b>43.703</b>	<b>366.171</b>	<b>107.053.356,26</b>

Gráfico 2.2  
Distribución de  
agricultores e  
importes do RPU.  
Campaña 2009.  
(Segundo importes  
por agricultor)



IMPORTE DOS DEREITOS (€)



Na información anterior obsérvase que 3.442 agricultores, 7,9 % do total de Galicia, teñen un importe unitario de dereitos por agricultor inferior a 100 e o total deles supón menos do 0,2 % do importe total de dereitos da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, 24.466 agricultores (56,0 %) teñen asignados unicamente 8,8 millóns de euros (8,2 % do total) e un importe unitario por agricultor inferior 1.000 euros.

Pola outra banda, unicamente 309 agricultores (0,7 % do total) teñen un importe unitario superior a 25.000 euros e supón un total de 11,0 millóns de euros (10,3 % do total).

#### Evolución dos dereitos asignados desde a campaña 2006

Na evolución dos dereitos asignados a agricultores da Comunidade Autónoma de Galicia inflúen as cesións, a asignación de dereitos da reserva nacional e a retirada de dereitos por non utilización destes. Neste último apartado unicamente, ata o de agora, se consideran as retiradas de dereitos asignados da reserva nacional.

	2006	2007	2008	2009
Agricultores titulares de dereitos RPU	44.927	44.384	44.208	43.703
Nº dereitos RPU	335.561	332.128	370.029	366.133
Importes €	106.509.953,41	105.041.794,87	107.465.427,89	107.053.356,26

Cadro 2.17.  
Evolución de agricultores titulares de dereitos de pagamento único e de dereitos do RPU. Galicia 2006 a 2009.




Gráfico 2.3.  
Evolución de agricultores titulares de dereitos de pagamento único e de dereitos do RPU. Galicia 2006 a 2009.

Na evolución entre 2006 e 2009 conséctase a diminución dun 2,6 % de agricultores con dereitos como consecuencia do abandono do sector dos menos competitivos e un incremento do importe dos dereitos (0,54 millóns de euros), no mesmo período, dun 0,5 % como consecuencia da asignación de dereitos da reserva aos máis novos ou aos integrados en procesos de reestruturación de explotacións gandeiras de leite ou carne.

#### Asignación provisional dos dereitos de pagamento único para a campaña 2010

Tendo en conta a información facilitada polas comunidades autónomas, o FEGA realizou o 18 de novembro de 2009, a asignación provisional dos novos dereitos de pagamento único a establecer de maneira definitiva na campaña 2010, derivados do recoñecemento médico da PAC, en cumprimento do Regulamento (CE) nº 73/2009,

do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da PAC e se instauran determinados réximes de axuda.

Esta asignación foi resultado da incorporación ao réxime de pagamento único por explotación das axudas percibidas polo sector dos cítricos, a destilación do alcohol de uso de boca e a arrinca de viñedo. Ademais quedaron completamente incluídas no réxime de pagamento único as axudas ao sector dos cultivos herbáceos, a prima á calidade do trigo duro, a axuda ás oliveiras e ás primas ao gando ovino e cabrún.

O cálculo e asignación dos dereitos provisionais resumidos no cadro 2.18, realizouse de acordo ás opcións previstas no Regulamento (CE) nº 73/2009, do Consello, segundo o desenvolvido polo Regulamento (CE) nº

PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.

1120/2009, da Comisión, que establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único. En España o desenvolvemento da normativa europea fíxose mediante o Real decreto 1680/2009, do 13 de novembro, sobre a

aplicación do réxime de pagamento único na agricultura e a integración de determinadas axudas agrícolas neste a partir de 2010.

Cadro 2.18.  
Beneficiarios e importes provisionais asignados para a campaña 2010 como consecuencia da incorporación de determinados sectores no réxime de pagamento único

CC.AA Asignación	Nº de beneficiarios	Importe total DPUs
Andalucía	229.865	226.643.451,11
Aragón	43.905	94.058.042,26
Asturias	2.494	941.630,78
Illas Baleares	6.259	5.726.975,77
Cantabria	1.429	902.404,78
Castela A Mancha	133.248	217.121.386,42
Castela e León	88.125	172.612.866,98
Cataluña	44.757	39.275.760,81
Extremadura	56.894	100.850.932,07
Galicia	29.566	6.263.794,88
Madrid	7.453	7.015.636,75
Murcia	10.100	24.453.664,64
Navarra	15.338	22.739.039,09
País Vasco	5.430	6.591.938,49
A Rioxa	9.357	5.885.206,32
C. Valenciana	106.846	75.153.872,94
<b>TOTAL</b>	<b>791.066</b>	<b>1.006.236.604,09</b>

En Galicia asignáronse 6.263.794,99 euros de dereitos de pagamento único a 29.566 agricultores. Estes importes foron xerados, segundo o caso, a partir das superficies determinadas nas solicitudes de axuda a cultivos herbáceos presentadas por los agricultores na campaña 2007 e/ou 2008 e dos animais determinados nas axudas de ovino cabrún presentadas na campaña 2008. Estes importes xerarán novos dereitos ou incrementarán os que

o produtor xa teña, segundo a solicitude presentada polo agricultor na campaña 2010.

Para axustar o volume total de axudas por sector aos límites para o Estado, establecidos regulamentariamente para cada un deles incrementáronse, para o cálculo dos dereitos provisionais, as axudas recibidas no sector do ovino-cabrún e no dos cultivos herbáceos reduciuse lixeiramente, como indican os coeficientes do cadro seguinte:

Sector	Coficiente Aplicado
Pagamento por superficies de cultivos herbáceos	0,99612660
Prima base ganado ovino y caprino	1,08883597
Prima complementaria ovino cabrún	1,05704723

### 2.3.2. Axuda do réxime de pagamento único correspondente a 2009

A xestión desta axuda fíxose no marco do Regulamento 1782/2003, do 29 de setembro, e de acordo coa convocatoria de axudas da Orde da Consellería do Medio Rural, do 29 de xaneiro de 2009, pola que se regula a aplicación

dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.

### 2.3.2.1. Presentación das solicitudes

A axuda do réxime de pagamento único está integrada, para a súa tramitación, na solicitude unificada de axudas 2009 para a que se estableceu, desde ano 2007, un sistema de tramitación utilizando unha aplicación WEB e o rexistro telemático de solicitudes.

#### Aplicación WEB-PAC 2009 e rexistro telemático.

O sistema permite a solicitude das axudas ben directamente polo agricultor ou a través dunha entidade colaboradora.

- Tramitación directa polo agricultor:

Neste caso o solicitante debe dispoñer do equipamento informático axeitado e de acceso a internet, máis dispoñer do certificado dixital da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre.

- Tramitación a través da entidade colaboradora:

A entidade debe ter asinado un convenio co FOGGA para esta finalidade e dispoñer dos equipamentos informáticos e acceso a internet pertinentes, ademais dun certificado dixital da Fábrica Nacional da Moeda e Timbre.

O agricultor debe facilitar á entidade colaboradora o DNI/NIF/NIE e a clave persoal ou pin que lle enviou o FOGGA, para que a dita entidade poida acceder á información relativa á solicitude do agricultor, dispoñible na WEB da Consellería do Medio Rural.

A través de calquera dos dous sistemas utilízase na xestión unha aplicación informática de captura de información e elaboración de solicitudes que dispón da base de datos de solicitantes da PAC 2008, parcelas solicitadas en 2008, censos gandeiros, cota láctea e dereitos de primas gandeiras a comezos de 2009, dereitos do réxime do pagamento único de agricultores de Galicia e parcelas do SIXPAC da Comunidade Autónoma.

#### Información previa

Os agricultores reciben, previamente á solicitude, unha carta personalizada coa indicación da clave/PIN, as parcelas validadas na campaña 2008, e os censos gandeiros, cota láctea e dereitos de primas gandeiras a comezos de 2009.

Así mesmo reciben información sobre a documentación necesaria para cada liña de axuda.

#### Procedemento

O agricultor recibe a información previa á solicitude, completa os datos para a campaña 2009 e diríxese á entidade colaboradora onde lle solicitan o DNI/NIF/NIE e a clave/pin para realizar a solicitude a través da aplicación WEB-PAC 2009. Validada a solicitude remítese ao rexistro telemático que devolve a información relativa a este feito.

O agricultor recibe unha copia completa impresa da solicitude rexistrada. Recibe así mesmo unha páxina resumo da solicitude e relación da documentación complementaria necesaria que deberá presentar na Oficina Agraria Comarcal (OAC). Un ficheiro non modificable queda no servidor da Administración.

Na OAC o agricultor presenta o resumo da solicitude e a documentación complementaria para cada axuda e un funcionario comproba que o solicitante, asinando no apartado correspondente, outorga a representación ao representante da entidade colaboradora na xestión, para os efectos de presentación da solicitude e rexistro desta.

No caso de tramitación directa o procedemento é similar, debendo sempre o solicitante presentar a documentación complementaria, en papel, na OAC.

#### Tramitacións incluídas na solicitude unificada

Na tramitación de solicitudes participaron 38 entidades colaboradoras, das que 13 corresponden a entidades financeiras e o resto, 25, a cooperativas agrarias e entidades de aconsellamento de explotacións agrarias, no marco dos convenios asinados co FOGGA co obxecto de

facilitarilles aos agricultores a presentación destas solicitudes a través das sucursais das devanditas entidades na totalidade da Comunidade Autónoma.

Ás xestións nas que colaboraron estas entidades no ano 2008, engadíuselle no ano 2009 a prima por sacrificio de vacún, agrupándose nunha solicitude unificada de axudas da Política Agrícola Común e de Desenvolvemento Rural PAC-DR 2008, as axudas que se indican a continuación:

1. Axuda do réxime de pagamento único desligado da produción.
2. Solicitude da reserva nacional de dereitos do réxime de pagamento único
3. Axuda ligada por superficies de cultivos herbáceos (cereais, oleaxinosas, proteaxinosas, liño e retirada voluntaria da produción).
4. Prima específica ás proteaxinosas.
5. Axuda ligada en beneficio dos produtores de ovino-cabrún.
6. Axuda ligada en beneficio dos produtores que manteñan vacas nutrices.
7. Prima por sacrificio de vacún de animais sacrificados en España
8. Pagamentos adicionais ás vacas nutrices (art. 69 R (CE) 1782/2003).
9. Pagamentos adicionais no sector lácteo (art. 69 R (CE) 1782/2003).
10. Pagamentos adicionais aos produtores de carne de vacún de calidade (art., 69 R (CE) 1782/2003).
11. Indemnización compensatoria.
12. Pagamentos de axudas agroambientais período 2000-2006
13. Axudas incluídas no contrato de explotación sustentable (CES)

O prazo de presentación das solicitudes foi do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2009.

Previamente á apertura do prazo de presentación de solicitudes, o FOGGA remitiu aos produtores, como se ten

dito, unha carta persoal informativa da campaña. Tamén previamente á apertura do prazo de solicitude, o FOGGA:

- a. Puxo en marcha a aplicación informática WEB PAC 2009 para a súa utilización polas entidades colaboradoras e agricultores para a captura de datos, impresión de solicitudes para asinaren os produtores e xeración dos ficheiros cos datos destes.
- b. Impartiu cursos de formación ao persoal das entidades financeiras colaboradoras na tramitación.
- c. Realizou reunións informativas coas oficinas agrarias comarcais (OAC) da Consellería do Medio Rural.

#### Entidades colaboradoras

No cadro 2.19 inclúense as solicitudes presentadas nas entidades colaboradoras e tamén as solicitudes presentadas directamente por agricultores individuais utilizando a aplicación WEB-PAC 2009, e que foron 78. A deficiente implantación de internet no rural, a complexidade da solicitude unificada e o escaso coñecemento dos temas informáticos polos agricultores dificultan a solicitude directa das axudas polos interesados.

As solicitudes tramitadas que alcanzaron un total de 44.214, o que supón un descenso de 524 (1,17 %) sobre as solicitudes unificadas PAC-2008, que foran 44.738. Este descenso foi debido, principalmente, ao abandono da actividade polos agricultores de máis idade, sen relevo na titularidade da explotación.

ENTIDADE	SOLICITUDES	%
B. ESPAÑOL CRÉDITO	4.785	10,82%
BANCO ETCHEVERRIA	70	0,16%
BANCO GALLEGO	1.050	2,37%
B. SANTANDER HISPANO	1.449	3,28%
BANCO PASTOR	4.070	9,21%
GRUPO BANCO POPULAR	1.225	2,77%
CAIXA GERAL S.A.	96	0,22%
B. BILBAO VIZCAYA	2.907	6,57%
CAIXANOVA	5.257	11,89%
CAIXA GALICIA	16.080	36,37%
C.A. Y P. BARCELONA	538	1,22%
CAIXA RURAL GALEGA	2.316	5,24%
CAJA RURAL P.ZAMORA	18	0,04%
AGRONOVO ECOLÓXICA SL	23	0,05%
AGRORURIS	5	0,01%
APROCAM	50	0,11%
Asociación de labregos/as de Valcarce	70	0,16%
Asociación Labrega "Terras de Ourense"	45	0,10%
FAGRECO	273	0,62%
Rodríguez Silva, Isaac, S.L.N.E.	15	0,03%
Taxo SCG	397	0,90%
XESGAL, Xestión Sustentable Galega	74	0,17%
Xestión Agrogandeira e Natureza SL	26	0,06%
ASELAGA	317	0,72%
Asociación Gandeiros de Lugo	316	0,71%
Asociación Montes Baixos	13	0,03%
Asociación Viñedos do Ribeiro	330	0,75%
ODEGA	311	0,70%
Sindicato Labrego Galego	263	0,59%
Unions Agrarias	583	1,32%
Xovenes Agricultores	371	0,84%
Enovid SC	11	0,02%
GABINETE TECNICO AGROPECUARIO TERRA CHA	12	0,03%
ASOCIACIÓN DE GANDEIROS AGRÍÑA	61	0,14%
Xestega Enxeñería Agroforestal	20	0,05%
Asociación de Gandeiros da Fonsagrada	65	0,15%
Coop. Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.	12	0,03%
AGACA	690	1,56%
AGRICULTORES E Outras	78	0,18%
<b>TOTAL</b>	<b>44.214</b>	<b>100,00%</b>

Cadro 2.19. Solicitudes por entidades colaboradoras das solicitudes unificadas PAC-DR recibidas en 2009



PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.

A distribución de solicitudes recibidas entre as catro provincias indícase no cadro 2.20.

Cadro 2.20 Solicitudes unificadas PAC-DR recibidas en 2009 Distribución provincial		
	Número	%
A CORUÑA	15.736	35,59
LUGO	16.381	37,05
OURENSE	6.259	14,16
PONTEVEDRA	5.838	13,20
<b>GALICIA</b>	<b>44.214</b>	<b>100,00</b>

No cadro 2.21 indícanse os solicitantes do réxime de pagamento único e o importe dos dereitos solicitados en Galicia no ano 2009, distribuídos por provincias, que ascenderon a 40.455, cun importe de dereitos de 105.424.266,77 €.

Cadro 2.21 Distribución provin- cial de solicitantes e importes de pagamento único 2009	Provincia	Agricultores		Importes	
		Número	%	€	%
A Coruña	14.704	36,35	36.914.344,80	35,02	
Lugo	14.867	36,75	47.981.732,06	45,51	
Ourense	5.866	14,50	10.092.172,08	9,57	
Pontevedra	5.018	12,40	10.436.017,83	9,90	
<b>Galicia</b>	<b>40.455</b>	<b>100,00</b>	<b>105.424.266,77</b>	<b>100,00</b>	

As superficies declaradas por 34.760 agricultores de Galicia para xustificación de 347.249 dereitos de pagamento único con superficies ascenderon a 518.311,22 has, distribuídas en 1.461.780 recintos SIXPAC, cunha media de 0,35 ha por recinto e 14,91 ha por expediente, segundo se indica no cadro 2.22.

Cadro 2.22 Solicitudes de pagamento único baseado en superficies Superficies declaradas. Campaña 2009	Provincia	Solicitudes	Nº dereitos solicitados	Recintos/ Parcelas	Superficie (Hectáreas)		
					Total	has./exp.	has./recinto
A Coruña	13.273	87.590	372.405	143.119,17	10,78	0,38	
Lugo	11.819	168.944	628.045	240.281,85	20,33	0,38	
Ourense	5.510	60.428	263.604	84.031,79	15,25	0,32	
Pontevedra	4.158	30.337	197.726	50.878,41	12,24	0,26	
<b>Galicia</b>	<b>34.760</b>	<b>347.299</b>	<b>1.461.780</b>	<b>518.311,22</b>	<b>14,91</b>	<b>0,35</b>	

Así mesmo, para a xustificación de 6.918 dereitos especiais, baseados en 84.359,48 UGM, 5.695 produtores presentaron as correspondentes solicitudes de acordo coa distribución provincial que se reflicte no cadro 2.23.

Provincia	Expedientes	Dereitos especiais	
		Número	UGM
A Coruña	1.431	1.577	17.970,17
Lugo	3.048	3.990	53.434,77
Ourense	356	375	2.841,18
Pontevedra	860	976	10.113,36
<b>Galicia</b>	<b>5.695</b>	<b>6.918</b>	<b>84.359,48</b>

Cadro 2.23  
Solicitudes de  
pagamento único  
baseadas en UGM  
(cabezas gando)

### 2.3.2.2. Pagamento das axudas do régime de pagamento único

#### Plans de control

No marco dos plans nacionais de controis de axudas por superficies e axudas gandeiras redactados polo FEGA, o FOGGA estableceu os plans de controis administrativos e sobre o terreo das axudas por superficies e superficies forraxeiras e da indemnización compensatoria (punto 3.1.3.1), así como os correspondentes a primas gandeiras na campaña 2009 (ver máis adiante: cadro 4.8). Os resultados deses controis teñen repercusión tamén no pagamento único por explotación desligado da produción.

#### Pagamento das axudas

De acordo co establecido no artigo 28 do Regulamento (CE) 1782/2003, do Consello, os pagamentos da axuda única por explotación desligada da produción efectuaranse no período comprendido entre o 1 de decembro do ano da solicitude, neste caso 2009, e o 30 de xuño do ano seguinte, 2010.

Na campaña 2009 a Comisión Europea mediante o Regulamento (CE) nº 691/2009, do 30 de xullo de 2009, autorizou o pagamento dun anticipo ata un 70 % da axuda do pagamento único que o FOGGA transferiu aos agricultores na segunda quincena de outubro por un importe total de 52.392.265,55 euros a 33.221 agricultores aos que se lles tiñan rematados os controis administrativos e os controis sobre o terreo, segundo se resume no cadro 2.24

Provincia	Agricultores		Importes	
	Número	%	Número	%
A Coruña	12.569	37,83	19.004.801,42	36,27
Lugo	11.556	34,79	22.985.377,35	43,87
Ourense	4.899	14,75	5.055.029,66	9,65
Pontevedra	4.197	12,63	5.347.057,12	10,21
<b>Galicia</b>	<b>33.221</b>	<b>100,00</b>	<b>52.392.265,55</b>	<b>100,00</b>

Cadro 2. 24  
Régime de  
pagamento único.  
Campaña 2009  
Anticipos pagados  
por aplicación do  
Regulamento (CE)  
nº 691/2009

No cadro 2.25 figuran os pagamentos da axuda única de 2009 realizados polo FOGGA ata finais de decembro de 2009, no que se inclúen tamén os importes dos anticipos pagados en outubro, en cada provincia. Trátase dos im-

portes transferidos aos produtores, unha vez descontado o 7 % da axuda polo concepto de modulación a aqueles produtores con máis de 5.000 euros de pagamentos directos totais.

PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.

Cadro 2.25  
Réxime de  
pagamento único.  
Campaña 2009  
Importe das  
axudas pagadas a  
31.12.2009

Provincia	Agricultores		Importes	
	Número	%	Número	%
A Coruña	13.294	36,70	32.508.829,71	35,33
Lugo	13.262	36,61	41.777.731,18	45,40
Ourense	5.159	14,24	8.301.680,95	9,03
Pontevedra	4.510	12,45	9.426.375,02	10,24
<b>Galicia</b>	<b>36.225</b>	<b>100,00</b>	<b>92.014.616,86</b>	<b>100,00</b>

Nos cadros 2.26 e 2.27 indícanse os agricultores e pagamentos efectuados por dereitos xustificados con superficies e UGM, respectivamente.

Cadro 2.26  
Pagamento de  
axudas baseadas  
na superficie a  
31.12.2009

Provincia	Agricultores	Dereitos	Superficie declarada (ha)	Superficie validada (ha)	Axuda (euros)
A Coruña	12.262	75.263	123.434,80	122.505,97	30.500.494,43
Lugo	11.223	147.596	220.161,84	218.749,51	34.282.914,73
Ourense	4.874	53.124	69.803,54	69.313,41	8.199.061,06
Pontevedra	3.920	26.820	44.120,53	43.876,00	7.961.459,60
<b>Galicia</b>	<b>32.279</b>	<b>302.803</b>	<b>457.520,71</b>	<b>454.444,89</b>	<b>80.943.929,82</b>

Cadro 2.27  
Réxime de  
pagamento único.  
Campaña 2009  
Pagamento de  
axudas baseadas  
nas UGM a  
31.12.2009


Provincia	Agricultores	UGM Período Referencia	UGM Campaña 2009	Dereitos especiais	Axuda (euros)
A Coruña	1.344	17.970,17	27.627,91	1.427,79	2.008.335,28
Lugo	2.892	53.434,77	91.516,52	3.799,45	7.494.816,45
Ourense	338	2.803,69	4.392,78	356,19	102.619,89
Pontevedra	814	10.113,36	18.103,76	945,06	1.464.915,42
<b>Galicia</b>	<b>5.338</b>	<b>84.321,99</b>	<b>141.640,97</b>	<b>6.528,49</b>	<b>11.070.687,04</b>

A finais de 2009 (dentro, pois, do primeiro mes dos 7 que establece a normativa comunitaria) tiñan percibido en Galicia a axuda do pagamento único 36.225 agricultores dos 40.455 que a solicitaran, o que supón o 89,54% do total de solicitantes. O resto dos agricultores, con expedientes pendentes por algún tipo de documentación ou trámite que se vai completar, deberán percibir a axuda, no caso de que finalmente teñan dereito a ela, antes do 30 de xuño de 2010.

Do total dos pagamentos efectuados, 92.014.616,86 euros, 80.943.929,82 euros (87,97%) pagáronse en función da superficie da explotación que cumpría as

condicións para percibir o pagamento único, independentemente da actividade produtiva efectuada nas terras, e 11.070.687,04 euros (12,03%) aboáronse en función das UGM da explotación en 2009, por corresponderse con dereitos especiais dos produtores xustificados con gando vacún, ovino e cabrún.

No mapa nº 1 figura a distribución por concellos do pagamento único por explotación, desligado da produción, aboado en 2009. Pode observarse que en 25 concellos os pagamentos percibidos superaron o millón de euros, mentres que, no extremo contrario, en 36 concellos estas axudas non superan os mil euros.



MAPA N°1.  
Distribución por concellos do pagamento único por explotación desligada da produción  
Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2009 ao 31.12.2009

### 2.3.3. Evolución das axudas directas a explotacións derivadas da PAC no período 2000 a 2009.

A Axenda 2000, aprobada en 1999, definiu o contido da PAC para o período 2000-2006, cunha previsión de redución de prezos en diversos sectores ou producións agrarias e compensando aos agricultores con axudas directas.

O sector lácteo incorporouse a este sistema de axudas directas en 2004.

A reforma aprobada en 2003 significou o cambio máis importante dende o establecemento da PAC, polo feito

de desligar unha parte importante das axudas directas da produción e integrándoas nun pagamento único por explotación en función das axudas percibidas nos anos 2000, 2001 e 2002. No caso do sector lácteo tomouse como referencia a cota láctea da explotación a 31 de marzo de 2006.

A partir da campaña 2006, no Estado español solicitáronse e pagáronse as axudas no marco da reforma do ano 2003.

No cadro 2.28 e no gráfico 2.4 indícanse os importes dos pagamentos de axudas directas, segundo ano de solicitude, para as diferentes liñas de axuda en cada campaña.

PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.


Cadro 2.28  
Importe dos pagamentos de axudas directas segundo ano de solicitude.  
Galicia período 2000-2009

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009 (**)	2009 (**)
Pagamento único	-	-	-	-	-	-	100.094.275	96.933.587	99.057.061	89.931.589	9.670.298
Pagamento adicional modulación	-	-	-	-	-	2.836.614	3.902.181	4.736.105	4.678.710		0
Superficies	15.925.819	17.524.043	18.977.733	19.528.573	19.826.639	18.451.354	4.333.626	4.206.015	3.802.161	3.641.870	217.210
Vacas nutrices	36.738.794	36.166.117	39.597.436	40.192.336	39.637.118	36.065.605	23.098.089	22.434.142	22.256.088		22.279.733
Especial bovino macho	6.886.720	7.215.577	9.144.194	10.637.654	12.456.682	15.332.769	-	-			
Sacrificio de vacún	4.403.615	9.318.660	13.157.581	15.852.938	17.325.728	15.638.161	4.587.273	4.620.035	4.614.099		4.840.853
Ovino- Cabrún	3.643.014	2.290.481	4.186.336	4.076.199	4.148.450	3.715.111	1.810.284	1.645.793	1.623.542	1.793.950	38.445
Prima láctea	-	-	-	-	20.841.887	41.167.834	-	-			
Adicional láctea	-	-	-	-	-	-	7.646.250	7.626.052	7.627.780	7.445.068	166.000
Adicional vacas nutrices	-	-	-	-	-	-	5.384.330	5.318.467	5.186.019		5.186.690
Adicional vacún de calidade	-	-	-	-	-	-	855.973	744.499	732.916		649.194
<b>TOTAIS</b>	<b>67.597.962</b>	<b>72.514.878</b>	<b>85.063.280</b>	<b>90.287.700</b>	<b>114.236.504</b>	<b>133.207.448</b>	<b>151.712.282</b>	<b>148.264.695</b>	<b>149.578.375</b>	<b>102.812.476</b>	<b>43.048.422</b>

(\*) Pagamentos até 31-12-2009

(\*\*) Pagamentos previstos do 01-01-2010 até final de campaña

Gráfico 2.4  
Importes dos pagamentos de axudas directas segundo o ano da solicitude  
Galicia período 2000-2009



Inclúese información do período de referencia utilizado na implantación do réxime de pagamento único (2000 a 2002), do período posterior e previo á implantación do réxime de pagamento único (2003 a 2005) e dos catro anos nos que xa está implantado o novo réxime (2006 a 2009).

Dado que a información corresponde a pagamentos das solicitudes presentadas en cada campaña, no caso da campaña 2009 inclúense os pagamentos por liña até finais de 2009 e unha estimación de pagamentos das liñas que a esa data non era posible pagar (nutrices, adicional de nutrices, sacrificio de vacún, vacún de calidade, adicional de modulación) e dos pagamentos pendentes noutras liñas pagadas parcialmente a 31.12.2009.

As axudas directas pagadas en Galicia aumentaron de 67,60 millóns de euros en 2000 a 151,7 en 2006, o que supón multiplicar por 2,24 o importe do primeiro ano. . Até decembro 2009 se teñen pagado 102,81, estimándose que nesa campaña os pagamentos totais cheguen a 145,86 millóns de euros. Debido a que a partir do ano 2009 xa non se aplica a modulación aos pagamentos inferiores a 5.000 euros, desaparece o pagamento adicional da modulación.

Nestas variacións inflúen as seguintes causas:

- Incremento dos importes unitarios das axudas derivadas da Axenda 2000.
- Incremento dos animais solicitados nas primas de gando vacún (sacrificio e especial de becerros).
- Introducción da prima láctea en 2004 e 2005, con importes unitarios crecentes até 2006, ano no que se integra no pagamento único.
- Á diminución da axuda ligada ás vacas nutrices por transferencia de dereitos a outras comunidades autónomas.

- O incremento de 2007 a 2008 débese ao incremento dos dereitos de pagamento único asignados da reserva nacional, que compensan a diminución de pagamentos por perda de dereitos de vacas nutrices e por diminución de pagamento por superficies que diminuíron por aplicación de coeficientes redutores por superación dos límites nacionais
- O incremento da modulación que pasa do 5% no 2008 ao 7% no 2009 dá lugar a menores pagamentos nas liñas de axuda correspondentes.

No cadro 2.28 distribúense as axudas pagadas en tres grupos: As incluídas no pagamento único e polo tanto independentes da produción obtida na explotación, as que aínda se manteñen ligadas á actividade produtiva, as relativas á mellora da calidade das producións ou á conservación do medio e, finalmente, o pagamento adicional de modulación.

No ano 2008, última campaña con pagamentos finalizados, xa que na campaña 2009 non rematarán até 30 de setembro de 2010, os pagamentos totais realizados foron próximos aos 149.6 millóns de euros. Destes pagamentos case 99,1 millóns de euros (66,22 %) corresponden ao réxime do pagamento único desligado da produción, 32,3 millóns de euros (21,59 %) a axudas ligadas á produción, fundamentalmente vacún de carne, e dentro desta actividade vacas nutrices, case 13,5 millóns de euros (9,06 %) están relacionados con axudas á mellora da calidade e protección do medio de acordo co previsto no artigo 69 do Regulamento 1782/2003, e 4,7 millóns de euros (3,13 %) pagáronse en concepto do pagamento adicional por modulación.

PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.

Cadro 2.29  
Distribución de pagamentos segundo o tipo de axuda  
Galicia-Campaña 2008

Tipo de axudas	Axudas pagadas	
	Importes (€)	%
Pagamento único	99.057.061	66,22
Ligadas á produción	32.295.890	21,59
Calidade e conservación do medio (art. 69)	13.546.714	9,06
Adicional modulación	4.678.710	3,13
<b>TOTAIS</b>	<b>149.578.375</b>	<b>100,00</b>

**2.3.4. Modulación. Aplicación ás axudas da campaña 2008**

De acordo co indicado no apartado 2.1.4 desta memoria, a todos os pagamentos de axudas directas da PAC


efectuados en 2009 que correspondían á campaña 2008 aplícouse unha redución do 5 % en concepto de modulación, da mesma maneira que aos pagamentos desta campaña feitos dentro do ano 2008.

Cadro 2.30  
Distribución das axudas directas da PAC segundo a contía dos pagamentos totais por agricultor. Galicia Campaña 2008


€/Agricultor	Agricultores		Axudas	
	Número	%	Importe(€)	%
Máis de 25.000	520	1,12%	19.287.806,43	12,63%
Máis de 10000 a 25000	2.947	6,37%	43.014.522,90	28,18%
Máis de 5000 a 10000	5.940	12,83%	41.706.819,96	27,32%
Máis de 2500 a 5000	7.301	15,78%	26.243.446,64	17,19%
Máis de 1000 a 2500	8.928	19,29%	14.847.922,87	9,73%
Máis de 500 a 1000	6.087	13,15%	4.361.298,78	2,86%
Máis de 250 a 500	5.933	12,82%	2.175.651,90	1,43%
Máis de 100 a 250	4.711	10,18%	833.536,09	0,55%
Menor ou igual a 100	3.914	8,46%	183.195,27	0,12%
<b>Total</b>	<b>46.281</b>	<b>100,00%</b>	<b>152.654.200,84</b>	<b>100,00%</b>

Gráfico 2.5  
Agricultores con pagamentos na campaña 2008

**AGRICULTORES CON PAGOS NA CAMPAÑA 2008**



**TOTAL AXUDAS PAGADAS NA CAMPAÑA 2008**



Rematado, o 30 de xuño de 2009, o prazo normal para os pagamentos da campaña 2008 de todas as liñas de axuda (pagamento único, superficies, ovino-cabrún, nutrices, prima por sacrificio, etc.), eses pagamentos beneficiaron en Galicia a un total de 46.281 agricultores, e a súa contía, antes de descontar o 5 % da modulación, ascendeu a 152.654.200,84 euros, coa distribución en función do importe percibido que se indica no cadro 2.30.

Do total de 46.281 perceptores, 9.407 (o 20.32 %) recibiron uns pagamentos directos superiores a 5.000 €, e concentran (104.01 millóns de euros) o 68.13 % do total de axudas (152.65 millóns de euros). Ao resto de agricultores, 36.874 (o 79.68 %), correspondeulles menos de 5.000 € anuais, sumando un total de 48.64 millóns de euros.

Provincia	Produtores	Importes (€)			Pagamento adicional/ Importe retido (%)
		Retido	Pagamento adicional	Retido-Pagamento	
A CORUÑA	15.746	2.397.829,42	1.549.364,28	848.465,14	64,62%
LUGO	15.533	3.567.952,30	2.157.587,18	1.410.365,12	60,47%
OURENSE	6.296	792.612,72	478.796,15	313.816,57	60,41%
PONTEVEDRA	5.573	638.894,00	441.390,21	197.503,79	69,09%
<b>GALICIA</b>	<b>43.148</b>	<b>7.397.288,43</b>	<b>4.627.137,82</b>	<b>2.770.150,61</b>	<b>62,55%</b>

Cadro 2.31  
Nº de expedientes e importes do pagamento adicional da modulación por provincias até 31.12.2009.  
Campaña 2008

O pagamento adicional aos produtores, correspondente á modulación, equivaleu para os pagamentos da campaña 2008 ao 5 % do total dos pagamentos recibidos no caso de produtores con axuda total igual ou inferior a 5.000 €, e a 250 € (o 5 % dos primeiros 5.000 € de axuda) no caso de pagamentos totais superiores. Todo iso sempre que o importe total dos pagamentos adicionais non supere o máximo establecido para o Estado español, situación que se cumpriu na dita campaña, polo que non houbo que aplicar ningún coeficiente reductor do pagamento.

O total de importes devoltos aos agricultores como pagamento adicional da modulación de 2008, que foron aboados a 31 de decembro de 2009, ascendeu a 4.27.137,82 euros, distribuídos entre provincias de acordo co indicado no cadro 2.31.

O importe da modulación descontada en 2008 a estes agricultores foi inicialmente de 7.397.288,43 euros (cadro

2.30). Pero posteriormente realizouse un pagamento adicional de 4.627.137,82 euros, ao abonar as cantidades descontadas inicialmente que correspondían aos primeiros 5.000 euros de axuda de cada produtor. Deste modo, o desconto derivado da modulación limitouse finalmente a 2.770.150,61 €, recaendo sobre o 20,3 % de agricultores que percibiron máis de 5.000 euros de axuda ese ano.

Tendo en conta a escasa contía das axudas derivadas da PAC que perciben en Galicia a maioría dos agricultores, o importe deste pagamento adicional, que como máximo foi de 250 euros, foi tamén na maioría dos casos moi reducido. De feito, para 5.581 produtores non superou os 10 euros, e para 162 non chegou a un euro (cadro 2.32). Estamos, pois, ante un aspecto que debería ser abordado dentro do proceso de simplificación da PAC que a Comisión Europea afirma querer impulsar.



PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.


Cadro 2.32

Importes do pagamento adicional por modulaci3n. Galicia Campa1a 2008


	Beneficiarios	%	Importe total	%	Importe medio
0 a 1	162	0,38%	130,14 €	0,00%	0,80 €
1 a 5	2.393	5,55%	6.938,90 €	0,15%	2,90 €
5 a 10	3.026	7,01%	22.793,59 €	0,49%	7,53 €
10 a 25	6.890	15,97%	116.058,29 €	2,51%	16,84 €
25 a 50	5.792	13,42%	207.947,35 €	4,49%	35,90 €
50 a 100	6.369	14,76%	463.818,35 €	10,02%	72,82 €
100 a 150	4.188	9,71%	516.418,60 €	11,16%	123,31 €
150 a 200	3.026	7,01%	525.855,96 €	11,36%	173,78 €
200 a 250	11.302	26,19%	2.767.176,64 €	59,80%	244,84 €
<b>Total</b>	<b>43.148</b>	<b>100,00%</b>	<b>4.627.137,82 €</b>	<b>100,00%</b>	<b>107,24 €</b>

Gráfico 2.6  
Importes do pagamento adicional por modulaci3n. Galicia Campa1a 2008

AGRICULTORES CON PAGO ADICIONAL DE MODULACI3N




IMPORTES PAGO ADICIONAL DE MODULACI3N



No mapa nº 2 figura a distribuci3n por concellos do pagamento adicional da modulaci3n correspondente á campaa 2008. Esta distribuci3n xeogr1fica non fai sen3n enfatizar a idea xa exposta: estamos ante un mecanismo que implica unha forte carga de xesti3n, para unhas cont1as econ3micas de moi escasa magnitude. De feito, unicamente en 25 concellos, dos 315 existentes en Galicia, a cont1a global destes pagamentos adicionais superou os 50.000 €, mentres que en 86 concellos non chegou aos 1.000 euros.

MAPA Nº 2.  
Distribución por concellos do pagamento adicional de modulación da campaña 2008  
Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2009 ao 31.12.2009



### 2.3.5. Condicionalidade

#### 2.3.5.1. Competencias e actuacións

O Decreto 106/2007, do 31 de maio (DOG 11.06.2007), sobre a distribución de competencias na aplicación e control da condicionalidade en relación ao desenvolvemento rural e ás axudas directas da política agraria común, precisa os órganos especializados para desenvolver as actividades de control do cumprimento das boas condicións agrarias e ambientais a que se refire o artigo 5 do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, e do cumprimento dos requisitos legais de xestión, nos ámbitos enumerados no artigo 4 do mesmo regulamento.

Estes órganos especializados de control realizan as súas funcións no marco da normativa comunitaria, estatal e autonómica e, máis concretamente, no marco do Plan nacional anual de control da condicionalidade elaborado polo FEAGA e do Plan autonómico anual de controis da condicionalidade elaborado polo FOGGA.

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, é o órgano especializado de control para o cumprimento das obrigas de condicionalidade en relación cos requisitos legais de xestión sobre:

PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.

- a. Saúde pública, sanidade e identificación e rexistro de animais.
- b. Saúde pública e cuestións veterinarias e fitosanitarias.
- c. Notificacións de enfermidades.
- d. Benestar dos animais.
- e. Medio natural no relativo á utilización de lodos de depuradora na agricultura e á protección de augas contra a contaminación producida por nitratos utilizados na agricultura.

O FOGGA é o órgano especializado de control para o cumprimento das obrigas da condicionalidade en relación con:

- a. Boas condicións agrarias e ambientais.
- b. Dos requisitos legais de xestión sobre:
  - Conservación de aves silvestres.
  - Protección de augas subterráneas contra a contaminación causada por determinadas substancias perigosas.
  - Conservación dos hábitats naturais de faena e flora silvestres.

Cada órgano especializado de control realiza os labores de divulgación e información específica sobre as materias nas que é competente, selecciona as explotacións agrarias obxecto de control, efectúa os controis sobre o terreo e emite os informes específicos dos resultados de control que darán lugar ás reducións de axudas directas polos servizos xestores das axudas FEAGA e FEADER.

A Comisión de seguimento da condicionalidade, establecida no Decreto 106/2007, ten atribuídas as funcións de coordinación, seguimento e avaliación das actuacións de control e reuniuse en 2009 nunha ocasión.

**2.3.5.2. Plan de controis 2009**

No plan de controis sobre o terreo da condicionalidade para 2009 estableceuse unha metodoloxía de coordinación entre os órganos especializados de control e os servizos xestores das axudas financiadas polo FEAGA e o FEADER, na que o FOGGA centraliza a información dos solicitantes e dos resultados dos controis efectuados.

O número de solicitantes de axudas FEAGA e FEADER en 2009 foi de 42.047 e 14.780 respectivamente, segundo se indica no cadro 2.33.

Cadro 2.33  
Solicitantes FEAGA  
e FEADER en 2009

	TOTAIS		SELECCIÓN ADMISIBILIDADE
	FEAGA	FEADER	
A Coruña	15.235	2.378	1.475
Lugo	15.364	8.728	1.559
Ourense	5.942	1.705	571
Pontevedra	5.506	1.969	521
<b>GALICIA</b>	<b>42.047</b>	<b>14.780</b>	<b>4.126</b>

O FOGGA efectúa a selección de agricultores nas materias da súa competencia sobre a mostra de solicitantes xa elixidos para os controis de admisibilidade das axudas correspondentes no ano 2009.

A selección de agricultores efectuouse de acordo a unha análise de riscos e o nivel de risco asignado a cada agricultor estableceuse en función dos actos e normas que se van aplicar de acordo coas seguintes características da explotación:

- Relacionados con superficies: Solicitantes que declaren superficies, que as dediquen a cultivos de cereal, oleaxinosas ou proteaxinosas, ou pastos permanentes, situadas na rede natura 2000, ou nas que se empreguen lodos de depuradora.
- Relacionados coa gandaría: número de UGM e tipo de gando.
- Outros datos: existencia de denuncias de incumprimentos de requisitos da condicionalidade nos anos 2007 e 2008, debidamente documentados, e importe das axudas.

O FOGGA seleccionou un total de 626 agricultores beneficiarios de axudas FEAGA e 355 agricultores beneficiarios de axudas FEADER.

No Cadro 2.34 indícanse os controis realizados polo FOGGA e polos restantes órganos especializados de control nos distintos ámbitos e provincias na campaña 2009.

ORGANISMO DE CONTROL		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Total		
		FEAGA	FEADER	FEAGA	FEADER	FEAGA	FEADER	FEAGA	FEADER	FEAGA	FEADER	
D.X. PROD. A GROPEC.	SPZF	126	20	263	150	17	9	56	42	462	221	
	Subdirección Xeral de Gandaría	I&R bovino	972	178	1.101	672	213	147	282	140	2.568	1.137
		I&R ovino-cabrún	67	12	203	112	141	58	46	13	457	195
	Subdirección Xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias		470	88	537	307	157	59	139	72	1.303	526
	FOGGA	205	51	255	187	93	69	73	48	626	355	

Cadro 2.34  
Controis sobre o terreo da condicionalidade 2009  
Distribución por provincias e organismos de control

Por outra banda, conforme o establecido no plan de controis de condicionalidade, o FOGGA levou a cabo unha

supervisión do 100 % das actas de control efectuadas en 2008, nas materias nas que é competente.

	CONTROIS REALIZADOS	CONTROIS SUPERVISADOS
A Coruña	205	100%
Lugo	255	100%
Ourense	93	100%
Pontevedra	73	100%
<b>GALICIA</b>	<b>626</b>	<b>100%</b>

Cadro 2.35  
Supervisión controis condicionalidade 2008

PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC.

A seguinte táboa especifica o número solicitantes que incumpriron un determinado acto ou norma da condicionalidade no ano 2008.

Cadro .2.36 Incumprimentos na condicionalidade no ano 2008	SOLICITANTES CON INCUMPRIMENTOS EN CONDICIONALIDADE NO ANO 2008		
	Ámbito	Acto/norma	NIFs con incumprimentos
Boas condicións agrarias e ambientais		Mantemento superficies agrarias	392
		Protección dos hábitats	55
		I&R porcino	20
		I&R ovino - cabrún	25
		I&R bovino	176
Saúde pública, zoonosidade e fitosanidade		Comercialización fitosanitarios	274
		Substancias hormonais	3
		Seguridade alimentaria	27
		Protección dos xatos	30
Benestar animal		Protección dos porcos	8
		Protección nas explotacións gandeiras	26
	Total solicitantes que incumpriron algún acto ou norma da condicionalidade		1.036
	Total solicitantes que incumpriron coa condicionalidade		940

A liña “total solicitantes que incumpriron algún acto da condicionalidade” especifica o número de solicitantes que incumpriron un determinado acto ou norma da condicionalidade, isto é, un mesmo solicitante pode figurar contabilizado en dous actos ou normas diferentes, figurando un total de 1.036 solicitantes.

A liña “total solicitantes que incumpriron coa condicionalidade” especifica o número total de solicitantes aos que se lles detectou algún incumprimento en condicionalidade, independentemente de que incumpriran un ou varios actos ou normas, resultando un total de 940 solicitantes, que son aos que se lles reducion os pagamentos no ano 2008.



# ACTUACIONES EN PRODUCCIONES AGRÍCOLAS

## 3.1. Cereais e outros cultivos herbáceos

### 3.1.1. Marco comunitario de apoio ao sector

Co réxime de apoio a este sector trátase de garantir o nivel de renda aos produtores de determinados cultivos herbáceos mediante uns pagamentos por superficie ligados a determinadas producións, na forma dunha axuda por hectárea. Inclúense as producións de cereais, oleaxinosas (xirasol, soia, colza) e proteaxinosas (chícharos, faballóns e tremoceiros doces).

No caso dos cereais, oleaxinosas e proteaxinosas, como elementos básicos da regulación establécese:

- Un plan de rexionalización produtiva no que están fixados, para cada rexión de produción, os rendementos en toneladas por hectárea que serven de base para o cálculo dos pagamentos por superficie.
- Unhas superficies de base que limitan as superficies por Estado membro para as que se conceden pagamentos por superficie e que, á súa vez, no Estado español están distribuídas entre as comunidades autónomas.

Existen as seguintes axudas con repercusión na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Pagamentos por superficie de cultivos herbáceos (cereais, oleaxinosas e proteaxinosas).
- Prima específica ás proteaxinosas.
- Axuda á utilización de amidón e fécula de pataca.

### 3.1.2. Resumo das normas aplicables na campaña 2009-2010

#### a) Réxime de pagamentos por superficie ligados á produción

No plan de rexionalización produtiva de Galicia contéplanse, segundo as comarcas, tres rendementos en secaño: 3,2, 3,7 e 4,1 toneladas por hectárea.

No caso do millo regadío o rendimento aplicable é de 5,5 toneladas por hectárea na totalidade da Comunidade Autónoma.

As superficies de base para a campaña son as seguintes para Galicia e o total do Estado:

Cadro 3.1  
Superficies de base

	Superficie (Ha)		G/E%
	Galicia	España	
Secaño	75.249	7.256.617	1,03
Regadío (total)	2.000	1.318.169	0,15
Millo regadío	498	379.325	0,13

Coa introdución do pagamento único no Estado español en 2006, e tendo en conta que o Estado optou por ligar á produción destes cultivos o máximo permitido, o 25 % do importe básico da axuda anterior, o importe básico actual pode ser de até 15,75 euros/ton, que foi a cantidade efectivamente pagada na campaña 2009 (a contía exacta determínase cada ano en función dos límites orzamentarios establecidos para o Estado español e as solicitudes recibidas, de acordo co artigo 66 do Regulamento (CE) 1782/2003, do Consello). O importe do pagamento por hectárea é o resultado de multiplicar o importe básico polo rendemento que hai que aplicar en cada rexión de produción, polo que as axudas variaron de 50,4 a 86,63 euros/hectárea.

No caso das proteaxinosas existe unha prima específica adicional de 55,57 €/ha, independentemente do rendemento da rexión.

### **3.1.3. Resultados da xestión**

#### **3.1.3.1. Pagamentos ligados por superficies e declaración de superficies forraxeiras**

A xestión destes pagamentos realizouse no marco do Regulamento 1782/2003, do 29 de setembro, do Consello, que inclúe un sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios, e de acordo coa convocatoria de axudas da Orde do 29 de xaneiro de 2009, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable, no ano 2009. Aínda que no caso de herbáceos, a xestión corresponde á campaña de comercialización 2009/2010, para simplificar en adiante indicárase campaña 2009.

Para a presentación das solicitudes contouse coa colaboración das entidades financeiras, cooperativas e entidades de aconsellamento, de acordo co indicado no punto 2.3.2 (cadro 2.19) desta memoria, no prazo do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2009.

Nas solicitudes de axuda por superficie decláranse todas as parcelas da explotación coas súas referencias SIXPAC.

Previamente á apertura do prazo de presentación das solicitudes, remitíuselles aos produtores unha carta persoal informativa que incluía, entre outra información, os recintos SIXPAC correspondentes ás referencias catastrais das parcelas declaradas na campaña 2008, para facilitarlles a solicitude no ano 2009, a documentación complementaria necesaria e a relación de entidades colaboradoras na tramitación.

Durante o período de solicitude os produtores diríxense ás oficinas das entidades colaboradoras para preparar as solicitudes, logo remítelas ao rexistro telemático da Xunta de Galicia e, finalmente, imprimir unha copia completa da solicitude xa rexistrada para o produtor e as follas resumo da solicitude e da documentación necesaria. O produtor deberá presentar estas últimas follas resumo na oficina agraria comarcal da súa zona, xunto coa copia da documentación correspondente en cada caso.

No cadro 3.2 resúmense, por provincias, os expedientes con axudas por superficies e declaración de superficies forraxeiras recibidas en 2009, indicando recintos/parcelas e superficies.



Cadro 3.2  
Solicitudes de axudas por superficies e declaración de superficies forraxeiras. Campaña 2009

Provincia	Expediente	Recintos/ parcelas	Superficie (hectáreas)		
			Total	Ha/Expediente	Ha/Recinto
A Coruña	14.644	396.919	152.871,84	10,44	0,39
Lugo	14.605	707.741	271.093,74	18,56	0,38
Ourense	5.915	280.362	89.516,97	15,13	0,32
Pontevedra	4.957	223.555	57.385,23	11,58	0,26
<b>Galicia</b>	<b>40.121</b>	<b>1.608.577</b>	<b>570.867,78</b>	<b>14,23</b>	<b>0,35</b>

Tanto a recepción das solicitudes como o resto da xestión realizouse de acordo co Manual de procedemento establecido pola dirección do FOGGA.

#### Plans de control

No marco do plan nacional de controis de axudas por superficie, redactado polo FEGA, o Fogga estableceu o plan de controis administrativos e sobre o terreo das axudas directas da PAC baseadas en superficies e da indemnización compensatoria na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009. O control administrativo inclúe, entre outros aspectos, o cruzamento das parcelas declaradas e superficies entre si e cos datos existentes no SIXPAC, co fin de asegurar que a referencia identificativa existe e que para unha mesma superficie non se concede máis dunha axuda.

Como consecuencia destes cruzamentos remitíronse, no ano 2009, 6.075 comunicacións a produtores coa finali-

dade de que puidesen xustificar, se era o caso, o motivo das incoherencias rexistradas. Este número de comunicacións significou unha diminución do 13,18% respecto ás habidas no ano 2008 polo mesmo motivo, redución que foi debida fundamentalmente á utilización dunha aplicación web para a recollida de solicitudes traballando directamente contra os datos oficiais do SIXPAC, o que eliminou todas as incidencias relativas a incoherencias da declaración de cada agricultor con eses datos oficiais que eran independentes da declaración doutros agricultores.

Por outra banda, en función dos resultados dos controis de anos anteriores e do número de solicitudes recibidas en 2009, realizouse o control sobre o terreo de 2.020 produtores e 95 montes veciñais ou superficies forraxeiras de uso en común, segundo se resume nos cadros 3.3 e 3.4, co fin de verificar que os cultivos e aproveitamentos e as superficies declaradas correspondían coas efectivamente existentes.

Cadro 3.3  
Explotacións con axudas por superficies inspeccionadas en 2009

Provincia	Nº explotacións
A Coruña	765
Lugo	702
Ourense	312
Pontevedra	241
<b>Galicia</b>	<b>2.020</b>

Provincia	Montes veciñais
A Coruña	8
Lugo	50
Ourense	24
Pontevedra	13
<b>Galicia</b>	<b>95</b>

Cadro 3.4  
Superficies forraxeiras de uso común inspeccionadas en 2009

A partir da campaña 2009 modifícase a sistemática de traballo seguida para a realización dos controis sobre o terreo coa entrada en funcionamento dunha nova aplicación denominada CONSUPAC.

Esta aplicación CONSUPAC susténtase na combinación dun sistema de tipo cliente-servidor no que o sistema cliente que, en combinación cun sistema de posicionamento global se emprega na recollida de información nas parcelas agrícolas, está composto por un hardware baseado en tablet PC, cuxo software é alimentado a través do sistema servidor, coa información alfanumérica de parcelas e solicitantes obxecto do control desde as bases de datos do Sistema Integrado de Xestión e Control (SIXC), e coa información tanto gráfica como alfanumérica do SIXPAC.

Esta combinación cliente-servidor permite, así mesmo a descarga dos datos resultantes dos controis sobre as propias bases de datos do SIXC para o seu tratamento.

#### Superficies validadas e axudas

Despois de incorporar os resultados dos controis ás bases de datos, as superficies de cultivos herbáceos que se validaron para os efectos de percibir as axudas por cultivos herbáceos ascenderon a 72.511,10 ha de secaño e 398,85 ha de regadío (cadro 3.5).

Cultivo	Secaño	Regadío	Total
Millo	54.760,41	398,85	55.159,26
Outros cereais	17.680,73	0,00	17.680,73
Retirada voluntaria	19,34	0,00	19,34
Outros produtos	50,62	0,00	50,62
<b>Total</b>	<b>72.511,10</b>	<b>398,85</b>	<b>72.909,95</b>

Cadro 3.5  
Grupos de cultivo e superficies validadas en axudas ligadas. Campaña 2009

No conxunto do Estado español produciuse un sobrepasamento do 5,02% da superficie de base solicitada para cultivos herbáceos de secaño, polo que foi preciso verificar que comunidades autónomas foron as que superaron as súas subsuperficies de base.

No caso de Galicia, aínda que a superficie total pola que se solicitou o pagamento a cultivos herbáceos de secaño foi de 72.511,10 ha, de acordo coa interpretación feita polo FEGA da normativa reguladora destas axudas, foi preciso contabilizar tamén para o cálculo deste **sobrepasamento**

**6.011 ha declaradas** como superficie de cultivo de cereal de secaño con destino forraxeiro e polas que non se solicitaron pagamentos. Deste xeito en Galicia foi preciso aplicar un coeficiente redutor do 0,9596 á superficie declarada para cultivos herbáceos de secaño.

Por outra banda, a superficie de millo en regadío ascendeu a 398,85 ha, que non superan a superficie de base de Galicia, que é de 498 ha, polo que non houbo necesidade de lles reducir as axudas aos produtores.

A maior parte da superficie de cultivos herbáceos que percibe axudas ligadas en Galicia corresponde a millo en secaño, 54.760,41 ha, o que supón un 75,1 % do total; a outros cereais en secaño dedícanse 17.680,73 ha (24,2%) e o resto a outros cultivos.

Por outro lado, a percepción do pagamento único, así como a prima adicional a vacas nutrices, tamén está relacionada coa utilización de superficies forraxeiras, ben mediante pastoreo ou sega ou por aproveitamento mixto.

No Cadro 3.6 resúmense os produtores que declararon superficies forraxeiras en cada provincia e as superficies forraxeiras validadas a estes. O maior número de produtores correspóndelle a Lugo, 14.338 (37,90 % do total de Galicia), e a maior parte da superficie corresponde tamén a Lugo (235.496,86 has, o 52,10 % da de Galicia). Neste cadro inclúese tamén a superficie forraxeira que non é de uso exclusivo dun produtor senón que se trata de montes veciñais ou outras superficies que se utilizan en común por varios gandeiros e, para efectos de axuda, un produtor declara a parte proporcional que lle corresponde.

Cadro 3.6  
Produtores e superficies forraxeiras validadas por provincias. Campaña 2009

Provincia	Produtores	Superficie (ha)
A Coruña	13.768	104.863,44
Lugo	14.338	235.496,86
Ourense	5.041	66.525,96
Pontevedra	4.631	45.025,10
<b>Galicia</b>	<b>37.778</b>	<b>451.911,36</b>

No Cadro 3.7 resúmese, por provincias, a superficie forraxeira de uso en común validada, que foi declarada por produtores, que ascende a 52.738,45 hectáreas en toda a Comunidade Autónoma e equivale ao 11,60 % do total da superficie forraxeira validada. Un 85,90 % desa superficie corresponde a pasto arbustivo ou pasto con arboredo e un 14,10 % a prados e praderías; un 46,70 % da superficie forraxeira de uso común está na provincia de Lugo e un 25,90 % na de Ourense.

Para a declaración polos produtores das superficies de uso común é necesario que os responsables da xestión desa superficies (presidentes das comunidades de montes veciñais en man común e similares) emitan certificados a cada gandeiro relativos á superficie e usos que, proporcionalmente, lle corresponden en relación co resto dos gandeiros. Ademais, o responsable debe declarar as parcelas, superficie e tipo de pasto que se están a utilizar en común.

Cadro 3.7  
Superficies forraxeiras (ha) de uso común, validadas, declaradas polos produtores, por provincias. Campaña 2009

Provincia	Prados ou praderías	Pasto arbustivo ou con arboredo	Total superficie
A Coruña	237,62	4.587,32	4.824,94
Lugo	6.736,74	17.930,45	24.667,19
Ourense	305,56	13.375,00	13.680,56
Pontevedra	138,50	9.427,26	9.565,76
<b>Galicia</b>	<b>7.418,42</b>	<b>45.320,03</b>	<b>52.738,45</b>

No Cadro 3.8 resúmense as superficies forraxeiras de uso común (montes) validadas en cada provincia, segundo o tipo de pasto, entre as declaradas por 948 responsables destas en Galicia.

Provincia	Nº Montes	Prados ou praderías	Pasto arbustivo ou con arboredo	Total Superficie
A Coruña	38	409,45	7.863,90	8.273,35
Lugo	492	8.002,65	29.296,09	37.298,74
Ourense	296	758,49	75.035,82	75.794,31
Pontevedra	122	163,99	24.436,72	24.600,71
<b>Galicia</b>	<b>948</b>	<b>9.334,58</b>	<b>136.632,53</b>	<b>145.967,11</b>

Cadro 3.8  
Superficies forraxeiras de uso común (ha), validadas, declaradas polos responsables dos montes, por provincias. Campaña 2009

Na campaña 2009 a Comisión Europea mediante o Regulamento (CE) nº 691/2009, do 30 de xullo de 2009, autorizou o pagamento dun anticipo de ata un 70 % da axuda por superficies de cultivos herbáceos, que o FOGGA transferiu aos agricultores na segunda quincena

de outubro por un importe total de 2.298.734,00 euros a 19.906 agricultores aos que se lles tiñan rematados os controis administrativos e os controis sobre o terreo, segundo se resume no cadro 3.9

Provincia	Agricultores		Importes	
	Número	%	Número	%
A Coruña	10.042	50,45	1.185.972,35	51,59
Lugo	3.992	20,05	491.457,78	21,38
Ourense	3.440	17,28	448.845,87	19,53
Pontevedra	2.432	12,22	172.458,00	7,50
<b>Galicia</b>	<b>19.906</b>	<b>100,00</b>	<b>2.298.734,00</b>	<b>100,00</b>

Cadro 3.9  
Axudas ligadas de cultivos herbáceos. Campaña 2009. Anticipos pagados por aplicación do Regulamento (CE) nº 691/2009

As axudas por superficies de cultivos herbáceos pagadas até 31 de decembro de 2009 e correspondentes á campaña 2009 resúmense no cadro 3.10 por provincias, (anticipos incluídos) indicando o número de produtores, a

superficie e o importe pagado. O total de axudas ascendeu a 3.929.576,85 € o que significa 169,23 € por produtor para unha superficie media de 3,07 ha por explotación.

Provincia	Produtores	Superficie (ha)	Axuda (€)
A Coruña	11.440	35.928,11	1.991.483,55
Lugo	4.917	16.728,55	902.358,38
Ourense	4.030	13.776,43	742.600,37
Pontevedra	2.834	4.923,25	293.134,55
<b>Galicia</b>	<b>23.221</b>	<b>71.356,34</b>	<b>3.929.576,85</b>

Cadro 3.10  
Produtores, superficies e axudas ligadas, de cultivos herbáceos pagados por provincias. Campaña 2009

O cálculo dos importes está condicionado en cada campaña polo valor que toman determinados coeficientes establecidos na normativa. En 2009 a "modulación" das axudas significou un 7% de redución nos pagamento a


partir de que a suma dos pagamentos de axudas superen os 5.000 euros por agricultor, pero non nos primeiros 5.000 euros e, ademais, o sobrepasamento no Estado español do límite presupostario para as axudas aos

cultivos herbáceos motivou a aplicación a nivel estatal e, consecuentemente tamén en Galicia, dun coeficiente reductor do 0,98065.

No mapa nº 3 indícase a distribución por concellos da axuda por superficies pagada no ano 2009, podéndose

observar que en 3 concellos o conxunto de agricultores perciben máis de 100.000 euros, mentres que existen 30 concellos nos que non se ten percibido ningunha axuda deste tipo en 2009.

MAPA Nº 3.  
Distribución por concellos do pagamento ligado á superficie de cultivos herbáceos Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2009 ao 31.12.2009



Ademais das superficies detalladas neste apartado con anterioridade, as declaracións de superficies para as axudas directas da PAC na campaña 2009 incluíron outras superficies complementarias, que figuran no cadro 3.10, válidas só para percibir o pagamento único (cereal

cultivado en recintos SIXPAC non elixibles para a axuda ligada, retirada obrigatoria de terras e barbeito) ou ben parcelas con produtos non subvencionables e declaradas exclusivamente para efectos do control da condicionalidade e da compatibilidade entre axudas.

Utilización	Superficie (ha)
Cereal sen axuda ligada	685,73
Barbeito	1.800,53
Forestación de terras agrarias	942,47
Forraxes desecadas	112,71
Outras utilización	37.310,64
<b>Total</b>	<b>40.852,08</b>

Cadro 3.11  
Outras superficies  
declaradas.  
Campaña 2009

#### Comparación dos pagamentos por cultivos herbáceos en relación coa campaña 2008

- En relación coa xestión da campaña anterior cabe destacar os seguintes datos:
- Incremento do 3,03% da superficie obxecto de subvención.
- Diminución do 7,25% do número de produtores que solicitaron axudas por superficie, pola reestruturación do sector.
- Incremento do 0,56% da superficie forraxeira declarada.
- Diminución do 2,22% do número de declaracións de superficie forraxeira.
- Incremento do 10,3% no importe das axudas pagadas como consecuencia do incremento da superficie

obxecto de subvención, máis da non aplicación da modulación aos importes menores de 5.000 euros de xudas directas totais

#### Evolución das axudas ligadas por superficie no período 1995-2009

No cadro 3.12 indícase a evolución do número de produtores e superficies solicitadas e primadas no período 1995-2009 en Galicia. Ao longo dese período mantense a tendencia a diminuír o número de produtores e a aumentar a superficie solicitada e primada até o ano 2004. Aínda que desde o ano 2006 se viña producindo unha paulatina diminución da superficie polo feito de desligar as axudas da produción, esta tendencia rompeuse neste ano 2009 no que se produciu un incremento do 8,20% respecto do ano 2008.

Campaña	Solicitudes	Hectáreas Solicitadas	Hectáreas Pagadas	Ha Pag / Ha Solic (%)
1995	39.516	65.949,77	65.794,39	99,8%
1996	40.481	67.982,00	65.730,38	96,7%
1997	39.743	68.793,22	65.095,63	94,6%
1998	39.967	73.427,76	71.553,93	97,4%
1999	39.473	74.203,64	71.437,96	96,3%
2000	38.063	72.245,03	71.817,15	99,4%
2001	36.886	74.385,24	73.529,53	98,8%
2002	36.177	80.279,21	79.570,72	99,1%
2003	35.644	82.935,76	81.994,53	98,9%
2004	34.216	84.370,36	83.413,11	98,9%
2005	32.066	83.946,13	81.157,47	96,7%
2006	29.879	76.425,98	74.906,19	98,0%
2007	27.321	72.130,81	71.215,28	98,7%
2008	25.035	69.411,71	65.255,81	93,9%
2009	23.221	73.404,26	71.356,34	97,2%

Cadro 3.12  
Evolución das  
axudas ligadas:  
produtores e  
superficies por  
campaña.  
Galicia 1995-2009

No total do período a diminución de produtores foi do 41,24% e o incremento da superficie pagada do 9,35%.


Resúmese no cadro 3.13 e no gráfico 3.1 a evolución de produtores e importes pagados nas axudas por superficies en Galicia no período 1999-2009. O importe anual das axudas ligadas pagadas pasou de 8.173.322,57 € en 1995 a 18.451.354,38 € no ano 2005, o que supón un incremento do 125,75%, debido ao incremento de superficie solicitada, aumento dos rendementos en toneladas

por hectárea considerados en cada zona de Galicia e do importe de axuda unitaria en €/tonelada derivados da Axenda 2000. A diminución dos pagamentos desde o ano 2006 débese fundamentalmente ao inicio do pagamento único nese ano, que supuxo que só permanecera ligada aos cultivos herbáceos o 25% da axuda existente nas campañas anteriores ao que hai que engadir en 2008 e 2009 a aplicación dos coeficientes de axuste da superficie solicitada en secaño á superficie de base nacional e de axuste orzamentario.

Cadro 3.13  
Evolución de produtores e importes de axudas ligadas por superficies.  
Galicia 1995-2009

Campaña	Solicitantes	Importe das axudas (Euros)	sup./solicitante	Euros/Solicit
1995	39.516	8.173.322,57	1,7	206,8
1996	40.481	8.005.668,22	1,6	197,8
1997	39.743	12.335.947,95	1,6	310,4
1998	39.967	13.786.976,93	1,8	345,0
1999	39.473	13.601.689,75	1,8	344,6
2000	38.063	15.925.818,80	1,9	418,4
2001	36.886	17.524.042,53	2,0	475,1
2002	36.177	18.977.732,66	2,2	524,6
2003	35.644	19.528.572,89	2,3	547,9
2004	34.216	19.826.639,46	2,5	579,5
2005	32.066	18.451.354,38	2,6	575,4
2006	29.879	4.327.235,00	2,5	144,82
2007	27.321	4.009.287,12	2,6	146,75
2008	25.035	3.562.615,63	2,7	142,35
2009	23.221	3.929.576,85	3,1	169,23

Gráfico 3.1  
Evolución de produtores e axudas por superficies pagadas por campaña.  
Galicia 1995-2009.



## 3.2. Hortofrutícola

### 3.2.1. Programa de distribución gratuíta de retiradas de froitas e hortalizas en entidades benéficas

#### 3.2.1.1. Marco comunitario de apoio ao mercado

O Regulamento (CE) nº 1580/2007, da Comisión, do 21 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos Regulamentos (CE) nº 2200/1996, (CE) nº 2201/1996 e (CE) nº 1182/2007, do Consello, no sector das froitas e hortalizas establece, dentro dos programas operativos, accións de xestión de crise entre as que se atopan a distribución gratuíta das retiradas de froitas e hortalizas.

As actuacións neste sector realízanse a través das organizacións de produtores de froitas e hortalizas. Estas organizacións, no relativo a produtos transformados de cítricos, tomate, melocotón e pera que se destinen a

transformacións industriais, reciben unha axuda comunitaria á transformación, polo que quedan os prezos de venda libres entre a industria e a organización.

No relativo ao sector de produtos frescos, as intervencións fican reducidas ás retiradas de produtos do mercado cunha indemnización comunitaria por retirada que perciben as organizacións de produtores. O destino destes produtos pode ser a biodegradación ou fertilizante orgánico, a alimentación do gando en fresco ou a distribución gratuíta a entidades benéficas.

En Galicia non existen organizacións de produtores recoñecidas, pero entidades benéficas con domicilio na Comunidade Autónoma benefíciense da distribución de froitas obxecto de retirada do mercado.

O FOGGA proponlle ao FEGA os centros benéficos receptores destes produtos e efectúa os controis da recepción, nestes centros, de froitas procedentes de organizacións de produtores doutras comunidades autónomas. Os cen-



tros benéficos propostos polo FOGGA asinan convenios de colaboración coas diferentes organizacións de España, a través das que se reciben os diferentes produtos.

### 3.2.1.2. Resultados da xestión

Da distribución gratuíta de froitas procedentes de retiradas do mercado beneficiáronse en Galicia 196 entidades no ano 2009, segundo se indica no cadro 3.14:

Cadro 3.14  
Distribución gratuíta de froitas. Resumo provincial de entidades e controis. Ano 2009

Provincia	Entidades benéficas (número)	Controis realizados (número)
A Coruña	84	30
Lugo	21	13
Ourense	21	5
Pontevedra	70	27
<b>Galicia</b>	<b>196</b>	<b>75</b>

A verificación da recepción e utilización das froitas realizouna o FOGGA mediante 75 controis nas entidades benéficas.

No cadro 3.15 indícanse os tipos de produtos distribuídos e as cantidades, que nun 61,57% corresponden a outras froitas (nectarinas, melocotóns, sandías e ameixas), e a distribución provincial, na que corresponde á provincia de Pontevedra o 49,45%.

Cadro 3.15  
Distribución gratuíta de froitas. Resumo provincial de produtos distribuídos. Ano 2009

Provincia	Tipo de produto (Kg)				Total
	Cítricos	Mazás	Peras	Outras froitas	
A Coruña	27.439	0	0	34.401	65.840
Lugo	31.199	9.968	23.275	173.680	238.122
Ourense	6.249	1.547	0	14.686	22.482
Pontevedra	28.287	62.580	57.665	170.836	319.368
<b>Galicia</b>	<b>93.174</b>	<b>74.095</b>	<b>80.940</b>	<b>397.603</b>	<b>645.812</b>

En relación coa xestión no ano 2008, é necesario salientar que o número de entidades benéficas beneficiarias incrementouse de 189 a 196 (6,52%), a cantidade de produtos distribuídos pasou de 393.658 a 645.812 quilogramos, aumentando nun 35,95%, e os controis realizados pasaron de 31 a 75, aumentando nun 141,94%.

### 3.2.2. Programa de axudas para a distribución de froita fresca ao alumnado de centros escolares

#### 3.2.2.1. Marco comunitario de apoio ao mercado

As axudas para a distribución de froitas frescas nos centros escolares comprende o período que vai entre o 1 de setembro de 2009 e o 31 de agosto de 2010.

O Regulamento (CE) nº 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, contempla no seu artigo 103 octies bis as disposicións polas cales a Unión Europea sufraga unha axuda comunitaria para a distribución de froitas e hortalizas, froitas e hortalizas transformadas e produtos do plátano aos alumnos nos centros escolares.

O Regulamento (CE) nº 288/2009, da Comisión, do 7 de abril, establece as disposicións de aplicación para a concesión dunha axuda comunitaria para a distribución de froitas e hortalizas, froitas e hortalizas transformadas e produtos do plátano aos alumnos nos centros escolares.

Neste contexto, a Resolución do 29 de setembro de 2009 establece o procedemento para a tramitación e concesión das axudas aos alumnos de centros escolares para a distribución de froitas frescas no ámbito da nosa comunidade autónoma. Esta resolución foi modificada pola Resolución do 26 de outubro pola que se amplía o prazo de presentación das solicitudes de autorización para os centros escolares como solicitantes da axuda.

Poden beneficiarse desta axuda os alumnos que asistan regularmente aos centros escolares, recoñecidos oficialmente, de educación infantil, primaria e secundaria.

A axuda poden solicitala os centros escolares autorizados que pertencen aos niveis de educación anteditos e teñan a súa sede na Comunidade Autónoma de Galicia. A axuda concédese para a lista de produtos incluídos no **Plan de consumo de froita nas escolas**:

- Mazás, peras, plátanos e mandarinas.
- Outras froitas frescas de tempada se son obtidas nas comarcas dos centros escolares: cereixas, ameixas, amorodos, figos, uvas e kiwis, sempre e cando sexan de excelente calidade, se atopen no seu óptimo grao de madureza, se consuman nas dependencias do centro escolar no momento do recreo e ademais cumpran as normas de hixiene dos produtos alimenticios. A axuda máxima é de 0,30 € por alumno e día lectivo.

### 3.2.2.2. Resultados da xestión

Aínda que o orzamento imputable para o curso 2009/2010 foi de 468.865,33€, o importe máximo das axudas solicitadas e aprobadas para os centros escolares foi de 107.226,00€ segundo se pode ver no seguinte cadro:

Provincia	Nº centros escolares	Alumnos	Importe máximo da axuda solicitada (€)
A Coruña	48	11.248	46.747,20
Lugo	27	3.367	18.575,10
Ourense	17	2.847	16.537,50
Pontevedra	31	7.073	25.366,20
Galicia	123	24.535	107.226,00

Cadro 3.16  
Importe de axudas á distribución de froita escolar solicitadas  
Curso 2009-2010

Tendo en conta que o curso escolar non remata ata xuño de 2010, a 31 de decembro de 2009 non se ten información das cantidades de froitas distribuídas ao longo do curso nin do importe da axuda que lles corresponderá.





# ACTUACIONES EN PRODUCCIONES GANDEIRAS

A reforma da PAC aplicada a partir de 2006 no Estado español suprimiu determinadas axudas, como a prima especial a produtores de gando vacún, a prima por extensificación e a prima láctea, que se integran totalmente no Réxime de Pagamento Único (RPU). Non obstante, para a percepción de determinadas axudas na súa totalidade, como as relativas a cultivos herbáceos, ovino-cabrún, vacas nutrices ou prima por sacrificio de vacún, en Galicia é necesario manter a actividade produtiva correspondente.

Por outra banda, introducíronse axudas novas para a mellora da calidade das producións ou para a conservación e mellora do medio (art. 69 do Regulamento 1782/2003): o pagamento adicional do sector lácteo, o pagamento a produtores de vacún de calidade e o pagamento adicional a gandeiros con vacas nutrices.

## 4.1 Carne de vacún

### 4.1.1 Marco comunitario de apoio ao sector

Anteriormente á reforma da PAC que se comezou a aplicar en 2006, polo tanto até a campaña 2005, estaban establecidas as seguintes axudas ligadas á produción:

- Prima á vaca nutriz, que incluía ademais a prima nacional complementaria e a prima por extensificación a determinados produtores.
- Prima especial de bovino macho, que incluía ademais a prima por extensificación a determinados produtores.

- Prima por sacrificio para bovinos "tipo adulto" de 8 ou máis meses e para bovinos "tipo becerro" de 1 a 8 meses.
- Pagamentos adicionais en forma de pagamentos por cabeza de gando e que non podían superar o importe de 100 €/cabeza.

Despois da reforma da PAC, e polo tanto desde a campaña de solicitudes do ano 2006, mantéñense ligadas á produción as seguintes axudas:

- Prima á vaca nutriz, que inclúe ademais a prima nacional complementaria.
- Prima por sacrificio para bovinos "tipo adulto" de 8 ou máis meses e para bovinos "tipo becerro" de 1 a 8 meses.

Coa entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 1234/2007, do Consello, de 22 de outubro de 2007 polo que se crea unha organización en común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (regulamento único para as OCM), determínase que a carne de vacún pode ser obxecto de intervención a un prezo que será fixado pola Comisión mediante licitación, e que tamén poderá ser obxecto de axuda facultativa para almacenamento privado, ou mesmo de medidas especiais de intervención mediante apoio ao mercado por restricións no comercio derivadas da aplicación de medidas para loitar contra a propagación de enfermidades ou por perda da confianza dos consumidores por riscos para a saúde pública ou a sanidade animal.

#### **4.1.2 Resumo das normas aplicables ás axudas directas en 2009.**

As actuacións en relación coas axudas directas a produtores de carne de vacún realizáronse no marco da normativa comunitaria, estatal e autonómica indicada no punto 2.2 desta memoria.

##### **4.1.2.1 Axudas ligadas á produción**

###### **a) Prima por vaca nutriz**

Nesta prima durante a primeira metade do ano 2009 xestionouse o pagamento das solicitudes presentadas en 2008.

Para poder beneficiarse da prima os produtores teñen que ser titulares de dereitos individuais a esta. Concédese-lles aos produtores que manteñan un rabaño de vacas nutrices para a cría de xatos e que non vendan leite ou que, no caso de vendelo, a súa cantidade de referencia individual (cota láctea) dispoñible a 31 de marzo sexa inferior ou igual a 120.000 kg.

Así mesmo, os citados produtores deben asumir unha serie de compromisos, entre os que se atopa a obriga de manter na súa explotación, durante un mínimo de seis meses consecutivos a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude, un número de vacas nutrices polo menos igual ao 60% do número total de vacas e xovencas polo que se solicita a axuda, e un número de xovencas que sexa igual ou inferior ao 40% do total.

Os beneficiarios da prima por vaca nutriz obteñen unha prima complementaria para idéntico número de cabezas. Este importe é financiado polo FEAGA naquelas explotacións localizadas en rexións, como Galicia, que son obxectivo 1 (actualmente obxectivo converxencia).

###### **b) Prima por sacrificio de vacún**

Os produtores de gando vacún poden solicitar a prima por sacrificio cando os seus animais se sacrifiquen no interior da Unión Europea ou se exporten vivos a un terceiro país. Son subvencionables os bovinos que na data de sacrificio:

Teñan polo menos oito meses de idade (prima polo sacrificio de bovinos adultos).

Teñan máis dun mes e menos de oito meses e un peso en canal inferior a 185 Kg (prima polo sacrificio de bovinos "tipo becerro").

O produtor debe manter na súa explotación cada animal polo que solicita axuda durante un período de retención mínimo de dous meses, sempre que este finalizase no prazo máximo dun mes antes do sacrificio.

O límite máximo anual asignado ao Estado español pola Unión Europea é de 1.982.216 animais na prima por sacrificio de bovinos adultos e de 25.629 na prima por sacrificio de "tipo becerro".

A partir da campaña 2006, e de acordo co establecido no artigo 2 a) do Real decreto 1617/2005, integrouse no pagamento único o 60% da prima por sacrificio de adultos.

Resúmense deseguido os importes unitarios destas primas na campaña 2009.

Cadro 4.1  
Importes unitarios  
das primas de  
bovino. Campaña  
2009

PRIMA POR VACA NUTRIZ		Aprox (€/cabeza)
Concepto		
Prima base por vaca		186
Prima nacional complementaria		22,46
PRIMAS POR SACRIFICIO		Max (€/cabeza)
Concepto		
Touros, bois, vacas e xovencas de 8 ou máis meses		26,40
Bovinos de 1 a 8 meses		46,50

#### 4.1.2.2 Pagamentos adicionais no sector do gando vacún de carne. (Art. 69 do Regulamento 1782/2003)

De acordo co establecido no artigo 3.2 do Real decreto 1617/2005, polo que se regula a concesión dos dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único, retívose un 7% dos pagamentos no sector de carne de vacún por aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) nº 1782/2003, para conceder dous novos tipos de axudas a partir da campaña 2006:

- Pagamento adicional a explotacións que manteñan vacas nutrices.
- Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade recoñecida oficialmente.

Estas axudas regúlanse, para a campaña 2009, nos artigos 100 a 104 do Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.

##### a) Pagamento adicional a explotacións que manteñan vacas nutrices

O obxectivo desta axuda é conceder un pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices, co fin de incentivar o mantemento de actividades gandeiras beneficiosas desde o punto de vista ambiental, que realicen unha utilización racional dos recursos naturais pastados e conserven o patrimonio xenético da nosos efectivos gandeiros.

Para a percepción destas axudas non é necesario ter dereitos de prima de vaca nutriz asignados, aínda que o resto dos requisitos son similares aos esixidos para as axudas de vacas nutrices ligadas á produción. Ademais, nesta prima hai que cumprir co requisito de carga gandeira inferior a 1,5 UGM/ha cando a explotación teña máis de 15 UGM.

O importe total dos pagamentos adicionais anuais no sector das vacas nutrices é de 47.966.000 euros en todo o Estado español, e o Ministerio Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (MARM) establecerá anualmente a contía base por vaca tendo en conta os gandeiros a título principal, as explotacións asociativas e os estratos do rabaño.

##### b) Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade

O obxectivo é conceder aos produtores de carne de vacún un pagamento adicional para incentivar a mellora da calidade e a comercialización de carne de vacún sacrificado dentro dalgún dos seguintes sistemas de calidade de carne recoñecidos oficialmente:

- Denominacións de orixe protexidas ou indicacións xeográficas protexidas.
- Gandaría ecolóxica ou integrada.
- Etiquetaxe facultativa da carne que implique uns requisitos superiores aos esixidos na normativa xeral.

O importe global máximo anual que se destinará a estes pagamentos en todo o Estado español é de 7 millóns de



euros. Polo MARM establecerase anualmente a contía do pagamento adicional por cabeza dividindo o importe global entre o número de cabezas, cun máximo de 200 cabezas por explotación.

#### 4.1.3. Resultados da xestión de axudas ao sector de carne de vacún

##### 4.1.3.1. Vacas nutrices

Para a presentación de solicitudes de axuda por vacas nutrices contouse coa colaboración de entidades financeiras, de acordo co indicado no punto 2.3.2 e cadro

2.13 desta memoria, no prazo do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2009. A recepción e xestión das solicitudes de vacas nutrices realizouse de acordo co Manual de procedemento establecido pola dirección do FOGGA.

No ano 2009 recibíronse en Galicia 13.025 solicitudes de prima por vaca nutriz para un total 146.865 animais e 11,28 animais por produtor, das que 6.485 solicitudes (49,79 %) e 99.648 vacas (60,51 %) corresponden á provincia de Lugo.

No cadro seguinte, reflíctense estas solicitudes da campaña 2009 segundo a provincia:

PROVINCIA	SOLICITUDES	CABEZAS	CABEZAS/SOLICITUDE
A CORUÑA	3931	32394	8,24
LUGO	6.485	88.868	13,70
OURENSE	1.570	16.813	10,71
PONTEVEDRA	1039	8790	8,46
<b>GALICIA</b>	<b>13.025</b>	<b>146.865</b>	<b>11,28</b>

Cadro 4.2  
Solicitudes de primas por vaca nutriz segundo provincia. Campaña 2009.

#### Xestión de dereitos

A percepción da axuda por vaca nutriz está condicionada á dispoñibilidade de dereitos polo produtor en número igual ou superior aos animais polos que solicita prima.

Coa finalidade de equilibrar animais solicitados e dereitos dispoñibles realizáronse un total de 1.723 transferencias ou cesións na campaña 2009, por 8,464,7 dereitos de prima por vaca nutriz, segundo se indica no cadro seguinte.

Provincia	Transferencias				Cesións		Total	
	Con explotación		Sen explotación		Solicitudes	Dereitos	Solicitudes	Dereitos
	Solicitudes	Dereitos	Solicitudes	Dereitos				
A Coruña	121	952,0	329	1.214,9	65	177,7	515	2.344,6
Lugo	187	2.306,7	511	2.096,1	81	196,1	779	4.598,9
Ourense	46	342,6	203	560,3	23	57,1	272	960,0
Pontevedra	31	211,1	100	307,6	26	42,5	157	561,2
<b>GALICIA</b>	<b>385</b>	<b>3.812,4</b>	<b>1.143</b>	<b>4.178,9</b>	<b>195</b>	<b>473,4</b>	<b>1.723</b>	<b>8.464,7</b>

Cadro 4.3  
Transferencias e cesións de dereitos de prima de vacas nutrices, segundo a provincia. Campaña 2009

Destes dereitos, 4.178,9 (49,4 %) corresponden a transferencias sen explotación, e 3.812,4 (45,0 %) son transferencias con explotación, a maior parte por cambios de titularidade ou similares. O resto, 473,4 dereitos (5,6 %), son cesións temporais de dereitos de prima entre explotacións.

Despois da realización das retiradas de dereitos por non utilización e das transferencias para a campaña 2009, os gandeiros con vacas nutrices en Galicia dispoñían de 114.603,5 dereitos distribuídos en 13.011 explotacións, cunha media de 8,81 dereitos por produtor coa distribución provincial que se indica no cadro seguinte:




Cadro 4.4  
Distribución provincial de produtores e dereitos de prima por vaca nutriz. Campaña 2009

Provincia	Produtores		Dereitos		Dereitos por produtor
	Número	%	Número	%	
A Coruña	3.764	28,93	24.182,60	21,10	6,42
Lugo	6.597	50,70	71.409,10	62,31	10,82
Ourense	1.651	12,69	13.008,50	11,35	7,88
Pontevedra	999	7,68	6.003,30	5,24	6,01
<b>GALICIA</b>	<b>13.011</b>	<b>100</b>	<b>114.603,50</b>	<b>100</b>	<b>8,81</b>

As explotacións con vacas nutrices, tanto no relativo a produtores (50,70 %) como a dereitos (62,31 %), con-

céntranse na provincia de Lugo, que tamén ten a maior cantidade de dereitos por explotación, 10,82. Gráfico 4.1

Distribución provincial de produtores e dereitos de prima por vaca nutriz. Campaña 2009




No cadro e nos dous gráficos seguintes indícase a distribución de produtores e dereitos de vacas nutrices segundo o tamaño da explotación expresado en número de dereitos do seu titular, para Galicia na campaña 2009. Nos datos expostos ponse de manifesto o reducido tamaño dunha alta porcentaxe das explotacións, o que

condiciona a súa viabilidade. Unicamente un 9,76 % dos produtores, cun 38,63 % dos dereitos, teñen máis de 20 dereitos por explotación. Por outra banda, un 73,66 % dos gandeiros, cun 34,43 % dos dereitos, teñen menos de 10 dereitos por explotación.

Cadro 4.5  
Distribución de produtores de vacas nutrices segundo os dereitos por produtor. Campaña 2009

Rango Dereitos/produtor	Produtores		Dereitos	
	Número	%	Número	%
De 0,1 a 5	6.484	49,83	16.502,6	14,40
De 5,1 a 10	3.100	23,83	22.953,5	20,03
De 10,1 a 20	2.157	16,58	30.875,9	26,94
De 20,1 a 50	1.109	8,52	32.377,6	28,25
De 50,1 a 100	142	1,09	8.965,9	7,82
Máis de 100	19	0,15	2.928,0	2,55
<b>Total</b>	<b>13.011</b>	<b>100</b>	<b>114.603,5</b>	<b>100</b>

## PRODUTORES



## DEREITOS




Gráfico 4.2  
Distribución de  
produtores e  
dereitos con vacas  
nutrices segundo  
os dereitos por  
produtor. Campaña  
2009

Unha estrutura produtiva tan fráxil dá lugar a unha diminución do número de explotacións con dereitos, que pasan de 13.761 no ano 2008 a 13.011 en 2009, cunha perda de 750 produtores (5,45 %), e un descenso de dereitos de 116.889,7 en 2008 a 114.603,5 en 2009, cunha perda de 2286,2 dereitos (1,96 %), ben por transferencia a pro-


dutores doutras comunidades ou pola non utilización na solicitude de primas.

Nos últimos oito anos, a diminución de produtores e dereitos de prima por vaca nutriz en Galicia indícase no cadro e gráfico seguintes.

Campañas	Produtores			Dereitos		
	Número	Variación		Numero	Variación	
		Número	% ano anterior		Número	% ano anterior
2001	23.412			143.041		
2002	21.628	- 1.784	- 7,62	135.607	- 7.434	- 5,20
2003	19.392	- 2.236	- 10,34	131.219	- 4.388	- 3,24
2004	18.166	- 1.226	- 6,32	127.425	- 3.794	- 2,89
2005	16.881	- 1.285	- 7,07	123.548	- 3.877	- 3,04
2006	15.764	- 1.117	- 6,62	120.417	- 3.131	- 2,53
2007	14.711	- 1.053	- 6,68	117.256	- 3.161	- 2,63
2008	13.761	- 950	- 6,46	116.890	- 366	- 0,31
2009	13.011	- 750	- 5,45	114.603,5	- 2286,2	- 1,96

Cadro 4.6  
Evolución de  
produtores e  
dereitos de prima  
de vaca nutriz.  
Galicia 2001 a 2009

Gráfico 4.3  
Evolución de produtores e dereitos de prima por vaca nutriz. Galicia 2001 a 2009



Resúmese na perda de 10.401 produtores e 28.437 dereitos, 44,43 % e 19,88 % respectivamente, dos existentes en 2001. Neste período de oito anos produciuse unha diminución anual do 5,55 % dos produtores e o 2,49 % dos dereitos.

#### Plan de controis de primas de vacún

De acordo co establecido no manual de procedemento sobre controis administrativos e no Plan nacional de controis de axudas gandeiras para o ano 2009, redactado polo FEGA, o FOGGA aprobou o plan de controis administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia para a Campaña 2009.

Todos os controis administrativos relativos á verificación de documentación e a súa posterior gravación efectúanse no menor tempo posible para que as inspeccións sobre o terreo se poidan realizar no período de retención. Estes controis administrativos implican, para todas as solicitudes de cada prima presentada na campaña 2009, as comprobacións reflectidas no plan e segundo o manual de procedemento.

Os controis sobre o terreo fanse simultaneamente para a prima por vaca nutriz, pagamento adicional por vacas nutrices e prima por sacrificio se as ten solicitadas a explotación no momento de efectuar o control sobre o terreo, e teñen que ser como mínimo dun 5% dos solicitantes de primas por gando vacún e deben incluír como mínimo un 5% dos animais solicitados para cada réxime de axuda.

Na campaña 2009 presentaron solicitudes de axuda por primas ao gando vacún (cadro 4.7) 33.121 produtores que solicitaron axuda por vaca nutriz por 146.812 cabezas, por pagamento adicional por vaca nutriz para 202.920 cabezas, prima por sacrificio para 257.591 cabezas e pagamento adicional por carne de vacún de calidade para 72.536 cabezas, segundo os valores estimados ao inicio do plan de controis.

Provincia	Explotacións	Animais solicitados			
		Nutrices	Adic. Nutrices	Sacrificio	Adic. carne calidade
A Coruña	12.883	32.387	51.814	79.407	5.426
Lugo	13.477	88.822	114.658	120.882	41.284
Ourense	2.308	16.813	21.540	33.697	21.042
Pontevedra	4.453	8.790	14.908	23.605	4.784
<b>GALICIA</b>	<b>33.121</b>	<b>146.812</b>	<b>202.920</b>	<b>257.591</b>	<b>72.536</b>

Cadro 4.7  
Explotacións con solicitudes de vacún e animais solicitados.  
Campaña 2009

O número de explotacións e animais controlados sobre o terreo na campaña 2009 indícase no cadro seguinte:

Provincia	Explotacións controladas	Animais controlados			
		Nutrices	Adic. Nutrices	Sacrificio	Adic. carne calidade
A Coruña	796	7.375	9.038	9.862	1.346
Lugo	840	12.862	14.893	14.704	7.254
Ourense	178	3.880	4.848	7.863	5.959
Pontevedra	286	3.296	4.118	7.836	2.884
<b>GALICIA</b>	<b>2.100</b>	<b>27.413</b>	<b>32.897</b>	<b>40.265</b>	<b>17.443</b>

Cadro 4.8  
Explotacións de vacún e animais controlados sobre o terreo.  
Campaña 2009

Controláronse sobre o terreo o 6,34 % das explotacións con solicitude de axuda e o 18,67 % das vacas nutrices, o 16,21 % das vacas nutrices polas que se solicitou o pagamento adicional e o 15,62 % dos animais polos que se solicitou prima por sacrificio, así como o 24,05 % dos animais polos que se solicita o pagamento adicional de carne de calidade, e superáronse as porcentaxes mínimas establecidas no plan de controis, segundo se indica no cadro 4.8.

Para verificar a correcta execución dos controis sobre o terreo realizados na campaña anterior, o FOGGA fixo unha supervisión do 100% das actas de control.

A supervisión foi realizada nun 80% polos servizos provinciais do FOGGA, por persoal distinto do que executou o control sobre o terreo, e un 20%, escollido de xeito aleatorio, realizado polos servizos centrais do FOGGA, seguindo as directrices establecidas no Plan galego de controis das solicitudes de primas gandeiras da campaña 2008.

#### Pagamentos de axudas aos produtores de vacas nutrices

No ano 2009 efectuáronse os pagamentos de axudas aos produtores de vacas nutrices que a solicitaron no ano 2008, aos que se lles fixeron os controis, fundamentalmente, ao longo de 2008. A obriga da realización dos controis e de aplicar as reducións e exclusións de animais en conxunto para todas as primas de gando vacún, incluída a prima por sacrificio, así como o axuste das axudas ás contías máximas establecidas a nivel de todo o Estado, condiciona a realización dos pagamentos das primas de vacún en datas anteriores a xuño.

Tendo en conta o anterior, en marzo de 2009 pagouse un anticipo, equivalente ao 60 % da prima por vaca nutriz a 11.806 produtores por un importe total de 12.014.497,20 euros.

Despois de aplicar os coeficientes redutores por límites orzamentarios estatais de 0,99504155 na prima base e de 0,98890627 na prima complementaria por vaca nutriz, os pagamentos dos saldos das primas por vacas nutrices

foron realizados no mes de xuño 2009. As primas totais, anticipos incluídos, a produtores por vacas nutrices do ano 2008, en cada provincia, indícanse no cadro seguinte:

Cadro 4-9  
Prima por vacas nutrices. Produtores, cabezas e pagamentos totais en 2009 segundo as provincias. Solicitudes da campaña 2008.

Provincia	Produtores	Cabezas	Pagos totais (€)
A coruña	3.577	23.857,1	4.654.934,76
Lugo	6.490	71.536,8	14.031.776,34
Ourense	1.595	12.685,3	2.471.159,32
Pontevedra	926	5.783,1	1.115.462,97
<b>GALICIA</b>	<b>12.588</b>	<b>113.862,3</b>	<b>22.273.333,39</b>

Un total de 12.588 produtores percibiron 22.273.333,39 euros correspondentes a 113.862 vacas nutrices, o que supón unha media de 1.769,41 euros e 9,05 vacas primadas por explotación.

Aos pagamentos de vacún do ano 2008 aplicóuselhes o desconto correspondente á modulación, que nese ano foi do 5 %.

Esta prima total distribuíuse en dous conceptos para as solicitudes da campaña 2008: prima base e prima nacional complementaria, despois da integración no pagamento único por explotación da prima por extensificación e os pagamentos adicionais, a partir da campaña 2006.

Cadro 4-10  
Prima por vacas nutrices. Distribución provincial segundo o tipo de pagamento feito no ano 2009. Solicitudes da campaña 2008.

Provincia	Importes pagados (€)		
	Prima base	Prima complementaria	Total
A coruña	4.156.161,76	498.773,00	4.654.934,76
Lugo	12.528.279,02	1.503.497,32	14.031.776,34
Ourense	2.206.376,38	264.782,94	2.471.159,32
Pontevedra	995.942,09	119.520,88	1.115.462,97
<b>GALICIA</b>	<b>19.886.759,25</b>	<b>2.386.574,14</b>	<b>22.273.333,39</b>


No conxunto de Galicia a prima base supón un 89,29% do total, a prima nacional complementaria o 10,71%.

No mapa nº 4 reflíctese a distribución dos importes pagados aos gandeiros de cada concello de Galicia en concepto

de primas por vaca nutriz, e obsérvase que os gandeiros de 8 concellos perciben máis de 500.000 euros por este tipo de axuda, mentres nos outros 42 concellos non se perciben axudas deste tipo.



MAPA Nº 4.  
Distribución por concellos do pagamento por vacas nutrices  
Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2009 ao 31.12.2009



### Comparación coa campaña anterior

No ano 2009 efectuáronse os pagamentos a produtores que solicitaron a prima de nutrices na campaña 2008. Na súa comparación cos pagamentos da campaña 2007 constátase o seguinte:

- Unha diminución do 0,71 % no importe total das primas.
- Unha diminución do 0,07 % do número de vacas primadas.
- Unha diminución do 4,83 % no número de produtores con prima.

- Un aumento do 4,33 % no importe da prima por explotación.

A diminución do número de explotacións con prima leva consigo unha diminución de animais primables, aínda que en menor proporción, xa que a diminución do censo relativo ás explotacións que abandonan é compensado parcialmente polo incremento dos animais nas explotacións que permanecen no sector.

### Evolución das axudas por vacas nutrices no período 1994-2008

No cadro 4.14 indícase a evolución do número de produtores e animais solicitados e primados no período

1994-2008 en Galicia. Ao longo dese período mantense a tendencia a diminuír o número de produtores, pero o número de animais solicitados e primados incrementábase até os anos 1997-1998, para logo iniciar un descenso continuado hasta 2007, neses momentos está no nivel máis baixo de todo o período.

No ano 2008, o número de animais solicitados incrementouse de novo para chegar a niveis do ano 2003. Este

incremento pódese asociar para ao efecto da repartición de dereitos da reserva nacional, polo que se incrementarían as expectativas de moitos produtores de conseguir dereitos.

No relativo a animais primados a asignación da reserva nacional mitigou parcialmente o descenso continuado que se vén producindo neste número de animais desde o ano 2000.

Cadro 4.11  
Prima por vaca nutriz. Evolución anual de solicitantes e animais solicitados e primados. 1994-2008

CAMPAÑA	SOLICITUDES	ANIMAIS SOLICITADOS	ANIMAIS PRIMADOS	PRIM /SOLIC (%)
1994	29.912	146.861	119.099	81,1%
1995	28.416	142.637	119.385	83,7%
1996	29.186	155.367	126.979	81,7%
1997	28.167	162.016	143.922	88,8%
1998	26.906	171.860	143.604	83,6%
1999	25.453	171.389	141.797	82,7%
2000	23.493	173.016	141.971	82,1%
2001	21.908	162.604	133.783	82,3%
2002	19.798	150.853	128.021	84,9%
2003	17.540	144.873	126.802	91,7%
2004	16.968	138.286	124.117	89,7%
2005	15.746	140.244	120.420	85,9%
2006	13.897	140.396	114.995	81,91%
2007	13.227	135.711	113.942	83,86%
2008	12.588,0	146.865	113.862	77,53%

CAMPAÑA	SOLICITANTES	IMPORTE DAS PRIMAS (€)	ANIMAIS/ SOLICITANTE	EUROS/ SOLICITANTE
1994	29.912	18.325.058	4,9	612,6
1995	28.416	22.205.205	5,0	781,4
1996	29.186	24.608.228	5,3	843,2
1997	28.167	28.912.936	5,8	1.026,5
1998	26.906	29.367.487	6,4	1.091,5
1999	25.453	29.097.060	6,7	1.143,2
2000	23.493	36.738.794	7,4	1.563,8
2001	21.908	36.166.117	7,4	1.650,8
2002	19.798	39.597.436	7,6	2.000,1
2003	17.540	40.192.336	7,2	2.291,5
2004	16.862	39.637.118	7,4	2.350,7
2005	15.746	36.065.605	7,6	2.290,7
2006	13.897	22.788.106	8,3	1.639,8
2007	13.227	22.433.647	8,6	1.696,0
2008	12.588	22.273.333	9,0	1.769,4

Cadro 4.12  
Prima por vaca  
nutriz.  
Evolución anual  
de solicitantes e  
primas pagadas

No cadro 4.12 e no gráfico 4.4 indícanse os importes totais da prima percibidos polos produtores de vacas nutrices. Estes incrementáronse, pasando de 18.325.058 € en 1994 a 40.192.336€ en 2003, para diminuír a pouco máis de

22 millóns de euros nos tres últimos anos como consecuencia, fundamentalmente, da integración de parte da axuda no pagamento único, pero tamén da diminución de dereitos de prima.




Gráfico 4.4  
Prima por vaca  
nutriz.  
Evolución anual  
de solicitantes e  
primas pagadas  
1994-2008



Por outra banda, o número de beneficiarios ten diminuído de 29.912 en 1994 a 12.588 en 2008, cunha redución do 57,9 % equivalente a un 4,14 % anual.

É necesario salientar tamén que un produtor con vacas nutrices en 2008 percibiu unha media de 1.769,14 euros, 2,89 veces a axuda que percibía en 1994 (612,6 euros).

#### 4.1.3.2 Prima por sacrificio de bovinos

No ano 2009 debe destacar como principal novidade a modificación no procedemento de solicitude da prima por sacrificio de bovinos debido a que esta prima incorporouse na solicitude única do ano 2009, polo que os solicitantes non precisan presentar, como nas campañas anteriores, declaracións, en catro períodos do ano, de animais solicitados. Para a presentación destas solicitudes contouse coa colaboración de entidades financeiras, de acordo co

indicado no punto 2.3.2 e o cadro 2.18 desta memoria, do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2009. A recepción destas solicitudes e a xestión destas faise de acordo co Manual de procedemento establecido polo FOGGA

Na campaña 2009 recibíronse en Galicia 32.470 solicitudes de prima por sacrificio para un total de 266.781 animais, o que supón que a cada solicitude presentada correspóndelle unha media de 8,2 cabezas sacrificadas segundo se indica no cadro seguinte. No ano 2008 recibíranse 57.940 solicitudes por un total de 231.096 animais, o que supón que os produtores galegos que presentaron 25.470 solicitudes menos solicitaron prima por 35.605 animais máis como consecuencia da simplificación do sistema de tramitación e da utilización da información das bases de datos oficiais para a xestión das solicitudes.

Cadro 4.13  
Solicitudes de primas por sacrificio segundo provincia. Campaña 2009

PROVINCIA	SOLICITUDES	CABEZAS	CABEZAS/SOLICITUDE
A CORUÑA	12.677	81.699	6,4
LUGO	13.264	123.650	9,3
OURENSE	2.214	37.040	16,7
PONTEVEDRA	4.315	24.392	5,7
<b>GALICIA</b>	<b>32.470</b>	<b>266.781</b>	<b>8,2</b>

#### Plan de controis

De acordo co establecido no Manual de procedemento sobre controis administrativos e no plan nacional de controis de axudas gandeiras para o ano 2009, redactado polo FEGA, o FOGGA aprobou o plan de controis administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia na campaña 2009. Os controis administrativos implican para todas as solicitudes de cada prima presentada na campaña 2009 as comprobacións reflectidas no plan, e segundo o manual de procedemento.

Os controis sobre o terreo fanse simultaneamente para a prima por vaca nutriz e prima por sacrificio se as ten solicitadas a explotación no momento de efectuar o control sobre o terreo, e teñen que ser, como mínimo, dun 5% dos

solicitantes de primas por gando vacún e deben incluír, como mínimo, un 5% dos animais solicitados para cada réxime de axuda. O número de explotacións e animais polos que se solicitou a prima por sacrificio obxecto de control na campaña 2009 indícase no cadro 4.7 do apartado da prima por vacas nutrices.

Controláronse sobre o terreo o 6,34 % das explotacións de vacún con solicitude e o 15,62 % dos animais polos que se solicitou a prima por sacrificio, e superáronse se as porcentaxes mínimas establecidas no plan de controis (cadro 4-10).

Por outra banda, no plan de controis, establécese que deberán controlarse o 30% dos establecementos de sacrificio ou matadoiros que presentasen unha declaración de participación da xestión da prima, e neles contrólense

un mínimo do 5% dos animais solicitados e sacrificados durante os 12 meses anteriores ao control sobre o terreo. Dos 45 matadoiros participantes, controláronse 15, que

representa o 33% do total, coa comprobación de 52.931 animais por mostraxe, o que supón un 12.42 % dos sacrificados nos establecementos colaboradores (cadro 4.17).

	Matadoiros		Bovinos	
	Total	Controlados	Sacrificados	Controlados
A Coruña	12	4	125.135	15.327
Lugo	13	4	112.885	17.078
Ourense	9	3	74.205	6.846
Pontevedra	11	4	113.850	13.681
<b>GALICIA</b>	<b>45</b>	<b>15</b>	<b>426.075</b>	<b>52.931</b>

Cadro 4.14  
Campaña 2009  
Establecementos de sacrificio controlados e animais controlados nestes .

**Pagamentos de axudas a produtores que solicitaron prima por sacrificio.**

Os pagamentos realizados no ano 2009 corresponden á campaña 2008.

Despois de coñecer os coeficientes redutores resultantes do número de animais solicitados en todo o Estado Español e a súa relación con máximos establecidos pola UE para o Estado para animais de menos de 8 meses (25.629 cabezas) e para máis de 8 meses (1.982.216 cabezas), que foron respectivamente no ano 2008 de 0,7052171 e

0,87700873, e os coeficientes de axuste ao límite orzamentario establecido pola UE para a prima de becerros (0,47464563) e para a prima de adultos (0,90615638) realizouse o pagamento da prima base e o pagamento adicional aos produtores que cumpriron as condicións establecidas, no mes de xuño de 2008. Aplícase tamén a redución do 5 % relativa á modulación.

A distribución provincial de produtores e cabezas primadas segundo o tipo de animal sacrificado indícase no cadro seguinte.

Provincia	Produtores	Becerros	Adultos	Cabezas
A coruña	8550	5684	57166	62.850
Lugo	9901	7797	95384	103.181
Ourense	1718	1851	36222	38.073
Pontevedra	2825	2620	18963	21.583
<b>GALICIA</b>	<b>22.994</b>	<b>17.952</b>	<b>207.735</b>	<b>225.687</b>

Cadro 4.15  
Primas por sacrificio. Produtores e cabezas segundo o tipo animal e provincias.  
Solicitudes da campaña 2008.

O total de 22.994 produtores percibiron 4.387.244,7 € por un total de 225.687 cabezas sacrificadas. Un 45,91% da axuda corresponde a Lugo, 27,67% A Coruña, 17,00% a Ourense e a Pontevedra o 9,42% restante. No relativo a animais primados por explotación, sendo a media en

Galicia de 9,81, en Ourense é de 22,16 e en A Coruña de 7,35 cabezas por produtor.

O total indicado de prima por sacrificio distribúese entre becerros e adultos segundo se indica no cadro 4.20.

Cadro 4.16  
Primas por sacrificio. Distribución provincial segundo o tipo de pagamento. Campaña 2008


Provincia	Importes pagados (€)		
	Beceros	Adultos	Total
A coruña	81.285,41	1.132.748,67	1.214.034,08
Lugo	113.334,23	1.901.019,24	2.014.353,47
Ourense	26.802,80	718.935,60	745.738,40
Pontevedra	37.592,67	375.526,08	413.118,75
<b>GALICIA</b>	<b>259.015,11</b>	<b>4.128.229,59</b>	<b>4.387.244,70</b>

A prima por sacrificio de adultos supón o 94,10 % do total pagado e a prima por sacrificio de animais novos, de menos de 8 meses, o 5,90 %, sendo Lugo a provincia que percibe a maior parte da prima total (45,91 %).

concepto de prima por sacrificio, existen 2 concellos nos que o conxunto de produtores percibiron máis de 100.000 euros por esta prima e 78 nos que percibindo primas non chegan a 1.000 euros, e outros 12 nos que non se reciben primas deste tipo

No mapa nº 5 reflíctese a distribución de importes pagados aos gandeiros de cada concello de Galicia en

MAPA Nº 5.  
Distribución por concellos do pagamento Por sacrificio de vacún Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2009 ao 31.12.2009



### Comparación coa campaña anterior

A comparación dos pagamentos feitos en 2009, correspondentes á campaña 2008, cos pagamentos relativos á campaña 2007 para a prima por sacrificio, indica:

- Un decremento do 5,00% no importe total das primas pagadas.
- Un decremento do 2,03 % número de animais primados.
- Un decremento do 10,95 % no número de produtores que perciben prima.
- Un incremento do 6,69 % no importe da prima percibida por explotación.

Respecto do ano anterior, houbo un descenso (5,0%) das axudas percibidas polo sector en Galicia, posto que aínda que houbo un descenso do 2,03 % no número de animais primados, os coeficientes redutores que se van aplicar aos animais e aos importes na campaña 2008 foron máis desfavorables que os correspondentes á campaña 2007 polo aumento de animais primables a nivel de todo o Estado, o que contribúe tamén ao descenso do importe pagado o incremento da modulación do 4 ao 5 %.

### Evolución da prima por sacrificio no período 2000-2008

No cadro seguinte indícase a evolución do número de solicitudes, animais solicitados e primados por sacrificio, novos e adultos, desde 2000, ano no que estableceu esta prima a Unión Europea, até o ano 2008.

CAMPAÑA	SOLICITUDES	ANIMAIS SOLICITADOS	ANIMAIS PRIMADOS	PRIM /SOLIC (%)
2000	31.249	113.644	102.353	90,1%
2001	37.916	145.264	128.368	88,4%
2002	53.115	178.220	167.320	93,9%
2003	70.015	225.789	218.349	96,7%
2004	76.377	250.532	245.574	98,0%
2005	79.678	274.032	267.770	97,7%
2006	69.749	248.387	242.027	97,4%
2007	57.940	232.317	230.353	99,2%
2008	57.944	228.939	225.687	98,6%

Cadro 4.17  
Primas por sacrificio.  
Evolución anual de solicitudes e animais solicitados e pagados 2000-2008

Ao longo de todo ese período mantense a tendencia a incrementar tanto o número de solicitudes como os animais solicitados e primados até a campaña 2005, mentres que na campaña 2006 prodúcese un descenso. Esta tendencia ao incremento débese a un incremento das primas por cabeza, como consecuencia da Axenda 2000, e a unha mellor información dos produtores e ao


perfeccionamento dos sistemas de tramitación e xestión, pero en 2006 ao reducirse a prima unitaria nun 60%, por integración no pagamento único, isto contribuíu á diminución de animais solicitados e primados.

No cadro 4.22 e no gráfico 4.5 resúmense os datos de solicitantes e importes totais de primas pagadas no período 2000-2008

Cadro 4.18  
Prima por sacrificio.  
Evolución anual de solicitantes e primas pagadas 2000-2008

CAMPAÑA	SOLICITANTES	IMPORTE DAS PRIMAS (€)	ANIMAIS/ SOLICITANTE	EUROS/ SOLICITANTE
2000	16.807	4.403.615	6,8	262,0
2001	20.820	9.318.660	7,0	447,6
2002	27.143	13.157.581	6,6	484,8
2003	32.994	15.852.938	6,6	480,4
2004	35.055	17.325.728	7,0	494,2
2005	34.065	15.638.161	7,9	459,1
2006	29.212	4.550.581	8,3	155,8
2007	25.822	4.617.958	8,9	178,8
2008	22.994	4.387.245	9,8	190,8

Gráfico 4.5 Prima por sacrificio de bovinos.  
Evolución anual de solicitantes e primas pagadas 2000-2008.



Tanto as solicitantes como os animais primables incrementáanse de ano en ano até 2005, e descenden en 2006. O número de solicitantes pasou de 16.807 en 2000 a 22.994 en 2008, multiplicouse por 1,37, e os animais primados por 2,20 no período de 8 anos. Os importes pagados pasaron de 4.403.615 a 4.387.245 euros no mesmo período, aínda que o pico foi no ano 2004 con

17.325.728 euros. O descenso máis importante produciuse no ano 2006 como consecuencia da integración do 60% da prima de animais adultos no pagamento único. O importe percibido por beneficiario pasou de 262,0 a 190,8 euros desde o ano 2000 ao ano 2008, o que supón unha diminución do 27,2 %.

**4.1.3.3 Pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices (art. 69 Regulamento 1782/2003).**

Para a presentación destas solicitudes contouse coa colaboración de entidades financeiras, de acordo co indicado no punto 2.3.2 e o cadro 2.18 desta memoria, do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2009. A recepción destas solicitudes e a xestión destas faise de acordo co manual de procedemento establecido polo FOGGA.

No ano 2009 recibíronse en Galicia 19.524 solicitudes deste pagamento adicional para un total de 203.104 animais e 10.4 animais por gandeiro, segundo se indica no cadro 4.23.

PROVINCIA	SOLICITUDES	CABEZAS	CABEZAS/SOLICITUDE
A CORUÑA	7.017	51.886	7,4
LUGO	8.560	114.770	13,4
OURENSE	1.859	21.540	11,6
PONTEVEDRA	2.088	14.908	7,1
<b>GALICIA</b>	<b>19.524</b>	<b>203.104</b>	<b>10,4</b>

Cadro 4.19  
Solicitudes de pagamento adicionais aos produtores que manteñan vacas nutrices (art. 69 do R.1782/2003). Campaña 2009

A percepción desta axuda non está condicionada á dispoñibilidade de dereitos de prima polo gandeiro.

**Plan de controis**

Esta axuda está incluída no plan de controis administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras da comunidade autónoma de Galicia para a campaña 2009, téndose realizado os controis indicados no cadro 4.8 desta memoria.

**Pagamento de axuda**

De acordo co establecido no artigo 28 do Regulamento (CE) 1782/2003, o pagamento destas axudas solicitadas en 2008 efectuarase no período comprendido entre o 1 de decembro de 2008 e o 30 de xuño de 2009.

No ano 2009 realizáronse os pagamentos correspondentes ás solicitudes de pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices presentadas no ano 2008.

Despois de coñecer as solicitudes presentadas e animais con dereito a prima en todo o Estado español, o FEGA estableceu os importes unitarios de prima que cómpre aplicar, que foron os seguintes:

- Primeiras 40 cabezas..... 32,03144191 € animal.
- De 41 a 70 cabezas..... 21,46106608 € animal.
- De 71 a 100 cabeza..... 10,57037583 € animal.

Aplicando estes importes realizouse o pagamento da prima aos produtores, no mes de xuño de 2009, tamén se aplicou o 5 % de modulación.

A distribución provincial de produtores e cabezas primadas indícase no cadro 4.20.


Cadro 4.20  
Prima de pagamento adicionais aos produtores que manteñan vacas nutrices (art. 69 do R.1782/2003). Campaña 2008

PROVINCIA	PRODUTORES	CABEZAS	PAGAMENTOS TOTAIS (€)
A CORUÑA	5.817	41.111	1.216.000,43
LUGO	7.977	102.100	3.044.624,14
OURENSE	1.846	19.342	560.542,42
PONTEVEDRA	1.788	12.228	358.229,94
<b>GALICIA</b>	<b>17.428</b>	<b>174.781</b>	<b>5.179.396,93</b>

Un total de 17.428 produtores recibiron 5.179.396,93 euros por 174.781 cabezas con dereito á axuda. Un 58,8 % da axuda e un 58,4 % das cabezas primadas corresponden á provincia de Lugo. Á súa vez o total desta axuda supón un 10,79 % do total desta axuda a nivel de todo o Estado español (47.966.030 euros) na campaña 2008, e o 23,25 % da prima de vacas nutrices percibida en Galicia, ligada a dereito de prima no mesmo ano.

No mapa nº 6 indícase a distribución de importes pagados aos gandeiros de cada concello en concepto de pagamento adicional por vaca nutriz, existen 25 concellos nos que non perciben axudas por este concepto e 8 que perciben máis de 100.000 euros.

MAPA Nº 6.  
Distribución por concellos do pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices  
Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2009 ao 31.12.2009



Evolución do pagamento adicional a produtores que manteñan vacas nutrices no período 2006-2008

adicional de vacas nutrices desde 2006, ano no que estableceu esta prima, até o ano 2008.

No cadro seguinte indícase a evolución do número de solicitudes, animais solicitados e primados no pagamento

CAMPAÑA	SOLICITUDES	ANIMAIS SOLICITADOS	ANIMAIS PRIMADOS	PRIM /SOLIC (%)
2006	22.273	209.902	174.879	83,3%
2007	21.080	197.328	175.490	88,9%
2008	19.412	197.201	174.781	88,6%

Cadro 4.21  
Prima de pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices.  
Evolución anual de solicitudes e animais solicitados e pagados 2006-2008

Pódese observar que, malia a redución do número de solicitudes, o número de animais solicitados apenas se reduciu en 128 animais entre 2007 e 2008 e no número de animais primables é similar durante todo o período.

ración ao sector de carne de explotacións que abandonan o sector lácteo pero se manteñen cun pequeno censo de vacas nutrices.

O abandono do sector das pequenas explotacións de vacas nutrices pode estar compensado polo incremento de censo das que permanecen no sector e pola incorpo-

No cadro 4.22 e no gráfico 4.6 resúmense os datos de solicitantes e importes totais de primas pagadas no período 2006-2008

CAMPAÑA	SOLICITANTES	IMPORTE DAS PRIMAS (€)	ANIMAIS/ SOLICITANTE	EUROS/ SOLICITANTE
2006	22.273	5.347.907	9,4	240,1
2007	21.080	5.317.104	9,4	252,2
2008	19.412	5.179.397	10,2	266,8

Cadro 4.22  
Prima de pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices.  
Evolución anual de solicitantes e primas pagadas 2006-2008




Gráfico 4.6  
Prima de pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices.  
Evolución anual de solicitantes e primas pagadas 2006-2008.



Pódese observar que malia que entre 2006 e 2008 se reduciu o número de solicitudes de 22.273 a 19.412, o que representa un 12,85%, os importes pagados reducíronse de 5.347.907 a 5.179.397, o que representa un 3,15%. O importe percibido por beneficiario pasou de 240,1 a 266,8 euros desde o ano 2006 ao ano 2008, o que supón un incremento do 11,1 % principalmente asociado ao incremento de animais primados por solicitude.

#### 4.1.3.4 Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade (art. 69 do Regulamento 1782/2003).

Para a presentación destas solicitudes, neste ano 2009, contou coa colaboración de entidades financeiras de acordo co procedemento indicado no punto 2.3.2 e o cadro 2.18 desta memoria, no prazo que vai do 1 de febreiro ao 30 de abril de 2009.

A recepción destas solicitudes e a xestión destas faise de acordo co manual de procedemento establecido polo FOGGA.

Na campaña 2009 recibíronse en Galicia 5.378 solicitudes desta axuda por un total de 70.376 animais, indicouse no cadro 4.23 a súa distribución por provincias.

	PROVINCIA	SOLICITUDES	CABEZAS	CABEZAS/SOLICITUDE
Cadro 4.23 Solicitudes de pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade (art. 69 do R. 1782/2003). Campaña 2009	A CORUÑA	539	5.408	10,03
	LUGO	4.271	38.872	9,10
	OURENSE	471	20.898	44,37
	PONTEVEDRA	97	5.198	53,59
	<b>GALICIA</b>	<b>5.378</b>	<b>70.376</b>	<b>13,09</b>

#### Pagamento das axudas

O prazo de pagamento desta axuda solicitada no ano 2009 vai do 1 de decembro de 2009 ao 30 de xuño de 2010.

No ano 2009 realizáronse os pagamentos relativos ás solicitudes de pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade presentadas no ano 2008. Despois de coñecer as solicitudes presentadas en todo o Estado

español, o FEGA estableceu o importe unitario de prima por cabeza sacrificada no marco dos distintos programas de calidade e que foi de 12,09724805 euros para a campaña 2008. De acordo con este importe realizouse o pagamento da axuda no mes de xuño de 2009, e descontouse o 5 % en concepto de modulación.


A distribución provincial de produtores e cabezas primadas indícanse no cadro 4.28.

	PROVINCIA	PRODUTORES	CABEZAS	PAGOS TOTAIS (€)
Cadro 4.24 Prima de pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade (art. 69 do R. 1782/2003). Campaña 2008	A CORUÑA	329	5.801	66.220,82
	LUGO	3.134	36.641	420.067,88
	OURENSE	276	17.485	200.102,22
	PONTEVEDRA	48	4.149	47.151,88
	<b>GALICIA</b>	<b>3.787</b>	<b>64.076</b>	<b>733.542,80</b>

Un total de 3.787 produtores recibiron 733.542,80 euros por un total de 64.076 cabezas solicitadas que cumprían coas condicións establecidas. O 57,3 % da axuda e das cabezas primadas corresponden á provincia de Lugo. En relación coa prima por sacrificio pagada da campaña 2008 en Galicia este pagamento adicional á produción de vacún de calidade supón o 16.72 % desta, e tamén o 10,48

% do total do importe destinado a esta prima a nivel de toda España (7.000.000 euros).

No mapa nº 7 figura a distribución de axuda pagada aos gandeiros acollidos a programas de calidade de vacún de carne, por concello; existen 124 concellos nos que non perciben este tipo de axudas e 23 nos que a axuda supera os 10.000 euros.



MAPA Nº 7.  
DISTRIBUCIÓN  
POR CONCELLOS  
DO PAGAMENTO  
ADICIONAL Á  
PRODUCCIÓN DE  
CARNE DE VACÚN  
DE CALIDADE

Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2009 ao 31.12.2009

Evolución do pagamento adicional á produción de carne de calidade no período 2006-2008

adicional de carne de calidade desde 2006, ano no que estableceu esta prima, até o ano 2008.

No cadro seguinte indícanse a evolución do número de solicitudes, animais solicitados e primados no pagamento

Cadro 4.25

Prima de pagamento adicional á produción de carne de calidade. Evolución anual de solicitudes e animais solicitados e pagados 2006-2008

CAMPAÑA	SOLICITUDES	ANIMAIS SOLICITADOS	ANIMAIS PRIMADOS	PRIM /SOLIC (%)
2006	3.868	76.129	59.894	78,7%
2007	3.616	75.346	59.174	78,5%
2008	4.802	74.323	64.076	86,2%

Se pode observar un repunte no número de solicitudes respecto os anos anteriores aínda que o número de animais solicitados apenas reduciuse entre 2006 e 2008. Sen embargo, incrementouse o número de animais primados o que indica que se solicitan por máis animais que realmente cumpren as condicións de elegibilidade.

No cadro 4.26 e no gráfico 4.7 resúmense os datos de solicitantes e importes totais de primas pagadas no período 2006-2008


Cadro 4.26

Prima de pagamento adicional á produción de carne de calidade. Evolución anual de solicitantes e primas pagadas 2006-2008

CAMPAÑA	SOLICITANTES	IMPORTE DAS PRIMAS (€)	ANIMAIS/ SOLICITANTE	EUROS/ SOLICITANTE
2006	3.868	843.484	15,5	218,1
2007	3.616	743.643	16,4	205,7
2008	4.802	733.543	13,3	152,8

Gráfico 4.7

Prima de pagamento adicional á produción de carne de calidade. Evolución anual de solicitantes e primas pagadas 2006-2008.



Se pode observar de que a pesar de que entre 2006 e 2008 se incrementou o número de solicitudes de 3.868 a 4.802 o que representa un 24,15%. Os importes pagados reducíronse de 843.484 a 733.543 que representa un 13,03% menos. O importe percibido por beneficiario, pasou de 218,1 a 152,8 euros desde o ano 2006 ao ano 2008, o que supón unha redución do 29,9 % principalmente asociado á redución da prima, que pasou de 13,27026796 en 2007 a 12,09724805 en 2008 (diminución do 8,84 %) debido que aumento de animais primables en todo o Estado.

## **4.2 Ovino-Cabrún**

### **4.2.1 Marco comunitario de apoio ao sector**

Están establecidas as seguintes axudas no marco do Regulamento 1782/2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da PAC e da normativa correspondente do Estado español :

- Prima base por ovella e cabra.
- Prima complementaria para gandeiros de zonas de montaña e desfavorecidas.

Coa entrada en vigor do Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello, de 22 de outubro de 2007 polo que se crea unha organización en común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), se determina que a carne de ovino e cabrún pode ser obxecto de axuda facultativa para almacenamento privado, ou mesmo de medidas especiais de intervención mediante apoio ao mercado por restricións no comercio derivadas da aplicación de medidas para loitar contra a propagación de enfermidades ou por perda da confianza dos consumidores por riscos para a saúde pública ou a sanidade animal.

### **4.2.2 Resumo das normas aplicables na campaña 2009**

Coa introdución do pagamento único no Estado Español en 2006, e tendo en conta que o Estado optou por ligar á produción o 50% da prima base por ovella e cabra e o 50% da prima complementaria para gandeiros de zonas de montaña e zonas desfavorecidas, incorporando o outro 50% máis o pagamento adicional a produtores de ovino-cabrún ao pagamento único por explotación desligado da produción, os novos importes unitarios máximos de axuda por cabeza diminuíron un 50%, quedando a partir de 2006 nos valores indicados no cadro 4-25.

#### **a) Prima base por ovella e cabra**

A prima de ovino e cabrún concédeselles aos produtores que manteñan un rabaño de ovellas e/ou cabras. A prima por cabra pode concedérselles a produtores das provincias de Ourense e Pontevedra e das zonas de montaña e desfavorecidas das provincias da Coruña e Lugo.

Para ter dereito ás axudas, os solicitantes deben ter asignado un límite individual de dereitos de prima e manter na súa explotación un número de animais que cumpran as condicións para a súa concesión igual a aquel polo que solicitaron a prima por un período de 100 días a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Tanto o número de animais solicitados como o dereitos dispoñibles non poden ser inferiores a dez.

#### **b) Prima complementaria**

Tamén obteñen unha prima complementaria os produtores de ovino e cabrún en cuxa explotación polo menos o 50% da superficie dedicada á agricultura se sitúe en zonas desfavorecidas.

Os importes na campaña 2009 se incrementaron con referencia aos da campaña anterior polo que os importes unitarios a aplicar tamén se incrementaron segundo se indica no cadro seguinte

Cadro 4.27  
Importes unitarios das primas de ovino/cabrún. Campaña 2009

Tipo de produtor	Euros/cabeza	
	Prima base	Prima complementaria
Años pesados	12,23469666	3,95731055
Años lixeiros/cabras	9,78775733	3,95731055

Estes incrementos unitarios supoñen porcentaxes próximas ao 20 % no caso de da prima base de ovellas con anos pesados respecto aos do 2008 e menores nas outras primas unitarias,

#### 4.2.3. Resultados da xestión das axudas

A tramitación e xestión das axudas a produtores de ovino e cabrún fíxose de acordo co establecido no Regulamento 1782/2003, polo que se establecen as disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da Política Agraria Común, e coa Orde da Consellería do Medio Rural, do 30 de xaneiro de 2009, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e ganderaría e a indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable

no ano 2009, esta axuda está incluída na solicitude unificada PAC 2009, tramitada coa colaboración de entidades financeiras.

Na presentación das solicitudes colaboraron as entidades financeiras segundo o indicado no apartado 2.3.2 e no cadro 2.18 desta memoria.

A tramitación das solicitudes fíxose de acordo co Manual de procedemento para a xestión da solicitude unificada de axudas PAC 2009 e outras primas gandeiras establecido pola dirección do FOGGA.

No ano 2009 recibíronse en Galicia 2.531 solicitudes da prima a produtores de ovino-cabrún por un total de 141.758 cabezas e 56,01 animais por explotación.

Cadro 4.28  
Solicitudes de primas de ovino-cabrún recibidas segundo a provincia. Campaña 2009

Provincia	Produtores	Cabezas
A Coruña	270	10.876
Lugo	795	40.369
Ourense	1.079	79.587
Pontevedra	387	10.926
<b>GALICIA</b>	<b>2.531</b>	<b>141.758</b>

#### Xestión dos dereitos de prima

De acordo co establecido no Real decreto 1839/1997 polo que se establecen normas para a realización de transferencias e cesións de dereitos de prima e para o acceso á

reserva nacional para os produtores de ovino e cabrún, xestionáronse en Galicia comunicacións de transferencias/cesións por un total de 12.432 dereitos, segundo se indica no cadro seguinte:

Provincia	Transferencias				Cesións		Total	
	Con explotación		Sen explotación		Solicitudes	Dereitos	Solicitudes	Dereitos
	Solicitudes	Dereitos	Solicitudes	Dereitos				
A Coruña	4	98	22	394	5	115	31	607
Lugo	16	965	42	1.079	9	174	67	2.218
Ourense	30	5.665	87	2.767	32	736	149	9.168
Pontevedra	11	260	13	172	2	7	26	439
<b>GALICIA</b>	<b>61</b>	<b>6.988</b>	<b>164</b>	<b>4.412</b>	<b>48</b>	<b>1.032</b>	<b>273</b>	<b>12.432</b>

Cadro 4.29  
Transferencias e cesións de dereitos de prima de ovino-cabrún. Campaña 2009

Destes dereitos, 6.988 (56,20 %) corresponden a transferencias sen explotación, practicamente na súa totalidade entre explotacións situadas en Galicia. Outros 4.412 dereitos (35,49 %) corresponden a transferencias con explotación por cambios de titularidade ou similares. Os 1.032 dereitos restantes (8,30 %) son cesións temporais entre explotacións.

Despois de integradas as transferencias de dereitos de prima de ovino e cabrún para a campaña, os produtores galegos dispuñan de 149.953 dereitos distribuídos entre 2.860 explotacións, a razón de 52,43 dereitos por explotación, que se indican no cadro seguinte a distribución provincial.

Provincia	Produtores		Dereitos		Dereitos por produtor
	Número	%	Número	%	
A Coruña	307	10,73	11.908	7,94	38,79
Lugo	889	31,08	43.358	28,91	48,77
Ourense	1.200	41,96	82.726	55,17	68,94
Pontevedra	464	16,22	11.961	7,98	25,78
<b>GALICIA</b>	<b>2.860</b>	<b>100</b>	<b>149.953</b>	<b>100</b>	<b>52,43</b>

Cadro 4.30  
Distribución provincial de produtores e dereitos de prima de ovino-cabrún. Campaña 2009

As explotacións de ovino-cabrún, tanto no relativo a produtores 1.200 (41,96 %) como a dereitos de prima 82.726 (55,17 %), concéntranse na provincia de Ourense, que

tamén ten a maior cantidade de dereitos por explotación, 68,94.





Gráfico 4.8  
Distribución provincial de produtores e dereitos de prima por ovino-cabrún. Campaña 2009

No cadro e nos dous gráficos seguintes resúmese a distribución de produtores e dereitos de ovino-cabrún segundo o tamaño da explotación, indícase en número de dereitos por produtor, para a campaña 2009 en Galicia. Ponse en evidencia o reducido tamaño dun alto número de explotacións, o que condiciona a súa rendibilidade e viabilidade.

Unicamente un 12,24% das explotacións, que dispoñen do 56,22 % dos dereitos, teñen máis de 100 dereitos por explotación. No outro extremo, 1.473 explotacións (51,51%) con 18.908 dereitos (12,61%) teñen menos de 20 dereitos por produtor.

Cadro 4.31  
Distribución de produtores de ovino-cabrún e dereitos segundo os dereitos por produtor. Campaña 2009.

Rango Dereitos/produtor	Produtores		Dereitos	
	Número	%	Número	%
De 1 a 10	400	13,99	3.203	2,14
De 10 a 20	1.073	37,52	15.705	10,47
De 20 a 50	697	24,37	22.325	14,89
De 50 a 100	340	11,89	24.418	16,28
Máis de 100	350	12,24	84.302	56,22
<b>Total</b>	<b>2.860</b>	<b>100</b>	<b>149.953</b>	<b>100</b>

Gráfico 4.9  
Distribución de produtores e dereitos de ovino-cabrún segundo dereitos por produtor. Campaña 2009



No ano 2009 houbo unha importante redución do número de produtores e de dereitos que contrasta coa baixa redución do ano anterior.

Nos últimos sete anos a evolución do número de produtores e dereitos de prima de ovino-cabrún indícase no cadro e gráfico seguintes.

Campañas	Produtores			Dereitos		
	Numero	Variación		Número	Variación	
		Número	% ano anterior		Número	% ano anterior
2001	4.262			164.091		
2002	4.011	-251	-5,89	162.516	-1.575	-0,96
2003	3.875	-136	-3,39	155.962	-6.554	-4,03
2004	3.699	-176	-4,54	157.380	1.418	0,91
2005	3.515	-184	-4,97	155.123	-2.257	-1,43
2006	3.307	-208	-5,92	152.212	-2.911	-1,88
2007	3.108	-199	-6,02	148.411	-3.801	-2,50
2008	3.074	-34	-1,09	163.685	15.274	10,29
2009	2.860	-214	-6,96	149.953	-13.732	-8,39

Cadro 4.32  
Evolución de produtores e dereitos de prima de ovino-cabrún. Galicia 2001 a 2009




Gráfico 4.10  
Evolución de produtores e dereitos de prima de ovino-cabrún. Galicia 2001 a 2009.

O resumo é unha perda continuada de produtores, 1.402 (32,90 % dos asistentes en 2001), e tamén de dereitos, cun saldo negativo, 14.138 (8,62 % dos dereitos en 2001), no total do período de 8 anos. Estas cifras equivalen a unha diminución anual media do 4,11% dos produtores e do 1,07% dos dereitos de prima.

#### Plan de controis

No marco do disposto no Manual de procedemento para a xestión da solicitude unificada de axudas PAC 2009 e

no plan nacional de controis administrativos e sobre o terreo de axudas gandeiras para o ano 2009, redactado polo FEGA, o FOGGA aprobou o plan correspondente para aplicalo na Comunidade Autónoma de Galicia. Nel recóllese as distintas comprobacións que hai que realizar, así como os controis sobre o terreo, que deben afectar, como mínimo, un 10% dos solicitantes de primas de ovino/cabrún. O número de explotacións e animais controlados resúmese no cadro seguinte:



Cadro 4.33  
Explotacións de ovino/cabrún e animais inspeccionados.  
Campaña 2009

Provincia	Explotacións	Animais
A Coruña	28	3.565
Lugo	103	11.563
Ourense	129	20.947
Pontevedra	54	2.827
<b>GALICIA</b>	<b>314</b>	<b>38.902</b>

En relación coas solicitudes recibidas, 2.531, o número de controis realizados, 314, supón o 12,41 % e os animais afectados polo control, 38.902, o 27,44 % dos 141.758 solicitados, supéranse así os mínimos establecidos no plan de control.

#### Pagos de axudas aos produtores de ovino-cabrún

Para a campaña 2009 efectuáronse os pagamentos de primas a produtores de ovino-cabrún que solicitaran a prima nos primeiros meses do mesmo ano.


No cadro seguinte indícanse as primas pagadas en cada provincia aos produtores de ovino e cabrún na campaña 2009, ata 31 de decembro.

Cadro 4.34  
Primas ovino-cabrún. Produtores, cabezas e pagamentos totais segundo provincias.  
Campaña 2009

Provincia	Produtores	Cabezas			Pagamentos totais (€)
		Ovinos	Caprinos	Total	
A Coruña	227	8.126	863	8.989	115.275,31
Lugo	700	27.580	6.518	34.098	507.236,70
Ourense	1000	61.654	10.271	71.925	1.096.794,65
Pontevedra	338	7.563	1.136	8.699	122.863,19
<b>GALICIA</b>	<b>2.265</b>	<b>104.923</b>	<b>18.788</b>	<b>123.711</b>	<b>1.842.169,85</b>

Un total de 2.265 produtores percibiron 1.842.169,85 euros por 123.711 cabezas, das que 104.923 eran ovelas e 18.788 cabras. A prima por explotación foi de 813,32 euros para un censo medio de 54,62 cabezas. As porcentaxes de prima de cada provincia son de 6,26 % na Coruña, 27,53 % en Lugo, 59,54 % en Ourense e 6,67% en Pontevedra.

No mapa nº 8 reflíctese a distribución de importes pagados aos produtores de ovino/cabrún de cada concello en concepto de primas, no que se observa que só en 4 concellos as axudas sobrepasan os 50.000 euros, existen 72 concellos nos que non se perciben axudas por esta prima.



MAPA Nº 8.  
Distribución por concellos do pagamento de ovino-cabrún ligado á produción  
Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2009 ao 31.12.2009

OVINO CABRÚN (Rangos en 1.000€)	
0	(72)
Entre 0 e 5	(139)
Entre 5 e 10	(47)
Entre 10 e 50	(53)
Máis de 50	(4)

A prima total distribúese en dous conceptos, unha prima base e unha prima específica de zonas desfavorecidas, segundo se indica no cadro seguinte, para cada provincia.

Provincia	Importes pagados (€)		
	Prima base	Prima específica	Total
A Coruña	98.647,22	16.628,09	115.275,31
Lugo	381.736,39	125.500,31	507.236,70
Ourense	827.840,09	268.954,56	1.096.794,65
Pontevedra	99.430,13	23.433,06	122.863,19
<b>Galicia</b>	<b>1.407.653,83</b>	<b>434.516,02</b>	<b>1.842.169,85</b>

Cadro 4.35  
Primas por ovino-cabrún. Distribución provincial segundo o tipo de pagamento. Campaña 2009

No conxunto de Galicia a porcentaxe da prima base é do 76,41 %, e a prima específica do 23,59 %.

Nos pagamentos executados na campaña 2009, iniciouse a aplicación do Regulamento 73/2009, polo que desaparece o 5% de redución da axuda a todos os agricultores e so se aplica a redución por modulación ás cantidades en exceso sobre 5.000 euros no tal das axudas directas percibidas na campaña. Se aplicou un 7% de redución das axudas cando o importe total recibido polo beneficiario supera os 5.000 euros e un 12% cando supera os 300.000 euros.

#### Comparación coa campaña anterior

Os pagamentos da campaña 2009 en relación cos efectuados para a campaña 2008, ata 31 de decembro, supoñen o seguinte:

- Un incremento do 10,32 % das cabezas primadas ata finais de 2009.
- Unha diminución do 7,58 % no número de produtores con prima.
- Un aumento do 13,54 % nos pagamentos executados até finais do ano polo incremento do número de animais primados e pola aumento do valor das primas segundo se indica no apartado 4.2.2.

#### Evolución das axudas por ovino-cabrún no período 1995-2009

No cadro seguinte indícase a evolución do número de produtores que solicitan a prima, dos animais solicitados e dos primados no período 1995-2009. Ao longo dese período mantense a tendencia decrecente do número de produtores e do número de animais primados.

Cadro 4.36  
Primas por ovino-cabrún. Evolución anual das solicitudes e animais solicitados e primados. Galicia 1995-2009

CAMPAÑA	Solicitantes primados	Importe das primas (Euros)	Anim./solicitante	Euros/Solicit
1995	5.240	4.632.216,00	29,6	884,01
1996	5.117	3.550.696,00	31,5	693,90
1997	4.739	3.271.404,00	33,8	690,32
1998	4.448	4.385.821,00	35,4	986,02
1999	4.321	4.349.149,00	37,2	1.006,51
2000	4.107	3.643.014,00	38,5	887,03
2001	3.928	2.290.481,00	39,5	583,12
2002	3.647	4.186.336,00	41,3	1.147,88
2003	3.478	4.076.199,00	42,4	1.172,00
2004	3.264	4.148.450,00	45,8	1.271,00
2005	2.924	3.715.111,00	50,3	1.270,50
2006	2.853	1.812.044,00	49,6	635,14
2007	2.538	1.648.947,05	53,6	649,70
2008	2.456	1.622.521,44	56,2	660,64
2009	2.265	1.842.169,85	54,6	813,32

No cadro e gráfico seguintes resúmense os importes das primas percibidas polos produtores no período 1995-2009 e o número destes, así como a media de animais e prima por solicitante.

CAMPAÑA	Solicitudes	Animais solicitados	Animais primados	Prim /Solic (%)
1995	5.240	184.990	155.023	83,8%
1996	5.117	194.128	161.267	83,1%
1997	4.739	189.140	160.189	84,7%
1998	4.448	182.776	157.487	86,2%
1999	4.321	183.465	160.830	87,7%
2000	4.107	180.894	158.087	87,4%
2001	3.928	175.087	155.067	88,6%
2002	3.647	168.212	150.825	89,7%
2003	3.478	161.512	147.758	91,5%
2004	3.264	162.885	149.565	91,8%
2005	3.149	163.012	147.144	90,3%
2006	2.951	163.415	141.606	86,7%
2007	2.808	155.326	136.097	87,6%
2008	2.677	153.385	137.949	89,9%
2009	2.531	141.758	123.711	87,3%

Cadro 4.37  
Primas por ovino-cabrún.  
Evolución anual de solicitantes e primas pagadas Galicia 1995-2009

PRIMA POR OVINO/CABRÚN. EVOLUCIÓN ANUAL DE SOLICITANTES E PRIMAS PAGADAS. GALICIA 1995-2009




Gráfico 4.11  
Primas por ovino-cabrún.  
Evolución anual de solicitantes e primas pagadas Galicia 1995-2009

A oscilación dos importes dun a outro ano débese a que, no pasado, as primas se fixaban en función da evolución dos prezos de cada campaña. Prezos da campaña altos daban lugar a menor compensación coas primas.

A diminución relativa á campaña 2006 foi debida á incorporación do 50 % das axudas ao pagamento único por explotación e o incremento en 2009 ao aumento da prima unitaria por cabeza.

Os beneficiarios de 2009, 2.265 , son o 43.23 % dos existentes en 1995.

A evolución de animais primados por explotación foi positiva ao longo do período, pasando de 29,6 en 1995 a 54.6 en 2009, o que supón un incremento de 25.0 cabezas/ explotación.

### 4.3. Leite e produtos lácteos

#### 4.3.1.- Marco comunitario para o sector

O Regulamento (CE) nº 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización en común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (regulamento único para as OCM), entre os que se atopa o leite e os produtos lácteos.

O elemento fundamental para a regulación do sector do leite e dos produtos lácteos é o réxime aplicado á produción e comercialización, baseado nas cotas. A Unión Europea fixa para cada Estado membro as cantidades máximas garantidas para a comercialización de leite para cada campaña. No caso de que un Estado membro supere as cantidades de referencia fixadas está establecida una taxa sobre o volume de leite que se comercialice por encima desas cantidades de referencia.

Ademais existen as seguintes medidas de intervención:

- Compras en réxime de intervención pública de manteiga e leite desnatado en po desde o 1 de marzo ata o 31 de agosto. Ata uns límites de 30.000 t e 109.00 t respectivamente a prezo de intervención e a partir desas cantidades mediante licitación
- Axuda para o almacenamento privado de manteiga
- Axuda para a subministración de leite e produtos lácteos a alumnos de centros escolares
- Axuda á compra de nata, manteiga e manteiga concentrada a prezos reducidos para fabricantes de pastelería e xeados e outros destinos.

- Axuda ao leite desnatado e ao leite desnatado en po destinado á alimentación animal.
- Axuda ao leite desnatado transformado en caseína e caseinatos.
- Medidas especiais de apoio ao mercado por restricións no comercio derivadas da aplicación de medidas para loitar contra a propagación de enfermidades animais, ou por perda da confianza dos consumidores por riscos para a saúde pública ou a sanidade animal.

No marco do artigo 69 do Regulamento 1782/2003 está establecido un pagamento adicional no sector lácteo para favorecer a calidade do leite cru producido nas explotacións.

#### 4.3.2.- Resumo das normas aplicables en 2009

##### 4.3.2.1.- Taxa suplementaria no sector lácteo

O réxime da taxa láctea regúlase no Estado español, para a campaña 2008-2009, a través do Real decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea nos seus aspectos de xestión, recadación e control.

A nivel autonómico, no ano 2007 publicouse o Decreto 158/2007, do 21 de xuño, polo que se regula en Galicia a aplicación do réxime de taxa láctea, que entrou en vigor na campaña 2007-2008.

O FOGGA, no marco da encomenda de xestión de actuacións de intervención e regulación de mercados establecida entre o MAPA e a Comunidade Autónoma de Galicia o 25 de marzo de 1996, realiza os controis de explotacións, compradores de leite e industrias situadas en Galicia.

A aplicación do réxime de cotas fai necesaria a asignación de cantidades de referencia individuais (cotas) aos produtores, de maneira que a suma delas non exceda as cantidades máximas garantidas para o Estado membro.

Como elementos base no réxime de cotas para os produtores destácanse os seguintes:

- Asignación, reasignación e anulación de cotas a produtores.
- Xestión da reserva nacional de cotas.
- Transvase de cotas de venda directa a cotas de entrega a compradores.
- Transferencias de cotas.
- Cesiões temporais de cota.
- A xestión destes aspectos correspóndelle en Galicia á Subdirección Xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias.
- Desde a perspectiva da xestión da taxa láctea considéranse elementos fundamentais:
- Autorización de compradores de leite.
- Declaración de compras e vendas feitas polos compradores.
- Declaracións de vendas dos gandeiros con cota para venda directa.

#### **4.3.2.2.- Pagamentos adicionais do sector lácteo (art. 69 do Regulamento 1782/2003)**

De acordo co establecido no artigo 3.2 do Real decreto 1617/2005, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único, retívoise un 10% da prima láctea e pagamentos adicionais no sector lácteo por aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) nº 1782/2003 para conceder unha axuda aos produtores de gando vacún leiteiro destinada a favorecer a calidade do leite cru producido nas explotacións, co compromiso do gandeiro de acollerse a un sistema de aseguramento da calidade.

Para a campaña 2009 esta axuda regúlase nos artigos 105 e 106 do Real decreto 1612/2008, do 3 de outubro, sobre aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería.

Existe un límite de pagamentos para todo o Estado español fixado en 19.700.000 euros. Polo Ministerio de

Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño establecerase anualmente o importe do pagamento adicional por cada quilo de cota dispoñible a 31 de marzo de cada ano, cun máximo de 500.0000 quilos por explotación agás no caso de explotacións asociativas.

#### **4.3.2.3.- Axuda á utilización de leite e derivados nos centros escolares**

As axudas á utilización de leite e derivados nos centros escolares comprende o período que vai entre o 1 de setembro de 2008 e o 31 de agosto de 2008.

O Regulamento (CE) nº 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, prevé no seu artigo 102.3 unha axuda comunitaria para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos transformados.

O Regulamento (CE) nº 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo, establece as modalidades de aplicación do antedito regulamento, no que atinxe á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos a alumnos de centros escolares. Este regulamento foi modificado polo Regulamento (CE) nº 966/2009, da Comisión, do 15 de outubro, concretamente no que se refire á lista de produtos que se poden beneficiar da axuda.

As distintas modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares establécense no Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, modificado polos reais decretos 460/2004, do 18 de marzo, e 313/2005, do 18 de marzo.

Neste contexto a Resolución do 11 de febreiro de 2009 establece o procedemento para a tramitación e concesión das axudas aos alumnos de centros escolares para o consumo de leite e determinados produtos lácteos no ámbito da nosa comunidade autónoma.

Poden beneficiarse desta axuda os alumnos que asistan regularmente aos centros escolares, recoñecidos oficialmente, de educación infantil, primaria e secundaria.

A axuda poden solicitala os centros, as autoridades educativas para os alumnos que teñan baixo a súa xurisdición, os provedores e as organizacións que actúen en nome dun ou máis centros escolares e que estean constituídas para este fin. A axuda concédese para leite, leite chocolateado ou con zume de froitas ou aromatizado, iogur de sabores ou con froitas e queixo por unha cantidade global máxima de 0,25 litros de equivalente de leite por alumno e día lectivo e deben consumirse nas dependencias do centro escolar.

O importe unitario da axuda por 100 Kg de produto é de 18,15 € para todo o leite ou os iogures. No caso do queixo, o importe da axuda varía de 54,45 €/100 Kg para queixos frescos e transformados, aromatizados ou non, que conteñan un 90% en peso de queixo até 138,85 €/100 Kg para os demais queixos.

#### **4.3.2.4.- Axuda ao almacenamento privado de manteiga**

O período para as operacións de entrada de manteiga nos almacéns frigoríficos no ano 2009 quedou fixado entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 28 de febreiro de 2010. Para o período de almacenamento comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de agosto a manteiga só puido ser retirada entre o 16 de agosto e o 28 de febreiro de 2010, almacenouse por un período mínimo de 90 días e un máximo de 227 días; para o período comprendido entre o 16 de agosto e o 28 de febreiro de 2010 as operacións de saída só se puideron realizar a partir do 16 de agosto, a manteiga puido permanecer en almacén un máximo de 365 días

A normativa comunitaria sobre os mecanismos do almacenamento privado de manteiga está constituída polo Regulamento (CEE) nº 2220/85, da Comisión, do 22 de xullo, polo que se establecen as modalidades comúns de

aplicación do réxime de garantías para os produtos agrícolas, o Regulamento (CE) 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (regulamento único para as OCM), o Regulamento (CE) nº 826/2008, da Comisión, do 20 de agosto, polo que se establecen disposicións para a concesión de axuda para o almacenamento privado de determinados produtos agrícolas, e o Regulamento (CE) nº 1182/2008, da Comisión, do 28 de novembro, polo que se fixa por anticipado o importe da axuda para o almacenamento privado de manteiga en 2009 (modificado polo Regulamento (CE) nº 701/2009, da Comisión, do 3 de agosto de 2009).

A nivel nacional está constituída polo Manual de procedemento nº 3/04 para a xestión das axudas ao almacenamento privado de manteiga e nata, a instrución xeral nº 4/04 e o anuncio de concesión de axudas ao almacenamento privado de manteiga do 17 de agosto de 2009 que modifica e substitúe ao anuncio do 23 de decembro de 2008, todos eles do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).

### **4.3.3. Resultados da xestión**

#### **4.3.3.1. Taxa suplementaria no sector lácteo. Balance da campaña láctea 2008-2009.**

##### **A) Produtores de leite en Galicia.**

##### **Final período 2008-2009**


Os períodos, para os efectos de réxime da taxa láctea, teñen o seu inicio o 1 de abril e rematan o 31 de marzo do ano seguinte. Polo tanto, no ano 2009 o 31 de marzo rematou o período 2008-2009 e o 1 de abril iniciouse o período 2009-2010.

A distribución de produtores e cota en Galicia correspondente ao final da campaña 2008-2009 indícase no cadro e gráfico seguintes para os produtores con cota de venda a compradores.

	Produtores	Cota (Tn)	Tn / Produtor
A Coruña	5.635	884.261,133	156,923
Lugo	5.327	989.744,079	185,797
Ourense	157	19.816,570	126,220
Pontevedra	2.076	244.778,282	117,909
<b>GALICIA</b>	<b>13.195</b>	<b>2.138.600,064</b>	<b>162,077</b>

Cadro 4.38  
Distribución provincial de produtores con venda á industria e cota láctea.  
Galicia, final período 2008-2009.

### Produtores de leite



### Cota láctea (t)




Gráfico 4.12  
Produtores e cota láctea. Distribución provincial.  
Final período 2008-2009.

Na campaña 2008-2009 existían en Galicia 13.195 explotacións con cota de entrega a compradores cun total de cota asignada de 2.138.600,064 toneladas, o que supón unha media de 162,077 toneladas por gandeiro. Esta media varía de 117,909 toneladas na provincia de Pontevedra a 185,797 en Lugo, provincia esta última que tamén ten a maior cantidade de cota asignada: 989.744,079

toneladas (46,28 % do total de Galicia). O maior número de produtores de leite está na provincia da Coruña, con 5.635, o que supón o 42,71 % do total de Galicia.

En relación cos produtores con venda directa, segundo se indica no cadro 4.41, un 85,84% deles e un 86,52% da cota correspondeulle á provincia da Coruña.

	Produtores	Cota (quilos)	Vendas (quilos)
A Coruña	97	4.502.814	4.210.195
Lugo	13	679.784	540.242
Ourense	0	0	0
Pontevedra	3	21.643	15.043
<b>GALICIA</b>	<b>113</b>	<b>5.204.241</b>	<b>4.763.307</b>

Cadro 4.39  
Distribución provincial de produtores con venda directa e cota láctea.  
Galicia. Período 2008-2009



No relativo ao tamaño das explotacións de leite de Galicia, indícase no cadro seguinte a situación a finais da campaña 2008-2009.



Cadro 4.40  
Distribución de produtores de leite con venda a compradores e cota, segundo cota por produtor. Galicia. Final período 2008-2009.

t/produtor	PRODUTORES		COTA	
	Numero	%	Toneladas	%
1 a 25	1.628	12,34	22.842,126	1,07
25 a 50	1.701	12,89	63.223,400	2,96
50 a 75	1.494	11,32	92.998,097	4,35
75 a 200	4.874	36,94	624.929,651	29,22
200 a 300	1.703	12,91	411.451,587	19,24
>300	1.795	13,60	923.155,203	43,17
<b>TOTAL</b>	<b>13.195</b>	<b>100,00</b>	<b>2.138.600,064</b>	<b>100,00</b>

Gráfico 4.13  
Cota láctea. Distribución de produtores e cota segundo cota por produtor. Galicia. Final período 2008-2009.



Os produtores con cota inferior a 75 toneladas (4.823) supoñen o 36,55 % dos produtores galegos e teñen asignada o 8,37 % da cota de Galicia. No extremo contrario, os gandeiros con cota maior de 200 toneladas, 3.498 (26,51 % do total), teñen asignada o 62,41 % da cota de Galicia.

**B) Compradores de leite en Galicia.**

**Final período 2008-2009**

No período 2008/2009 a compra de leite en Galicia realizárona un total de 78 compradores que recolleron

2.220.783,613 toneladas de leite, sen axustar pola porcentaxe de graxa, a 14.163 explotacións, aínda que unha explotación puido ter vendido leite a máis dun comprador ao longo do período.

No cadro seguinte resúmese a información dos compradores que actuaron en Galicia, segundo o seu domicilio social.

Domicilio comprador	Compradores		Gandeiros		Entregas			
	Número	%	Número	%	Número (*)	%	Toneladas	%
Galicia	68	87,18	11.242	79,38	11.373	79,55	1.534.027,918	69,08
Resto do Estado	10	12,82	2.921	20,62	2.924	20,45	686.755,695	30,92
<b>Total</b>	<b>78</b>	<b>100</b>	<b>14.163 (**)</b>	<b>100</b>	<b>14.297</b>	<b>100</b>	<b>2.220.783,613</b>	<b>100</b>

Cadro 4.41  
Compras de leite en Galicia segundo o domicilio do comprador.  
Período 2008-2009

(\*) Número de entregas, sucesivas e/ou simultáneas dun mesmo produtor a distintos compradores.

(\*\*) Número total de gandeiros con entregas en Galicia e resto de España: existen casos de produtores que entregan aos dous tipos de compradores (razón pola que este dato é superior ao número de produtores reais de Galicia: 13.195)

Aínda que en Galicia adquiren leite a gandeiros galegos 78 compradores, 10 deles teñen domicilio social fóra de Galicia, o que significa o 12,82% do total e recollen o 30,92% do leite da Comunidade Autónoma. Na campaña

anterior o leite recollido por compradores con domicilio fóra de Galicia foi do 30,23% do total de leite recollido.

No cadro seguinte resúmese, por cantidade comprada en Galicia, a distribución de compradores e cantidades adquiridas no período 2008-2009.

Toneladas t/período	Domicilio social en Galicia			Domicilio social fóra de Galicia		
	Compradores	Nº entregas	Entregas (kg)	Compradores	Nº Entregas	Entregas (kg)
<100	1	1	969	1	2	13.749
100 a 500	7	63	1.347.144	1	2	357.429
500 a 1000	5	110	3.851.599	0	0	0
1000 a 10000	25	1.808	131.307.737	1	19	5.710.685
10000 a 50000	25	4.294	509.132.434	2	302	61.577.011
50000 a 100000	1	390	65.099.147	2	728	123.436.507
>100000	4	4.707	823.288.888	3	1.871	495.660.314
<b>TOTAL</b>	<b>68</b>	<b>11.373</b>	<b>1.534.027.918</b>	<b>10</b>	<b>2.924</b>	<b>686.755.695</b>

Cadro 4.42  
Compras de leite en Galicia segundo a cantidade adquirida polo comprador na Comunidade Autónoma. Período 2008-2009

No período 2007-2008 os compradores que actuaron en Galicia e que polo tanto formaron o universo de control da taxa no ano 2009, indícanse no cadro seguinte:

Domicilio comprador	Compradores		Gandeiros		Entregas	
	Número	%	Número	%	Toneladas	%
Galicia	71	87,65	11.441	78,55	1.563.278,073	69,77
Resto do Estado	10	12,35	3.125	21,45	677.249,032	30,23
<b>Total</b>	<b>81</b>	<b>100</b>	<b>14.566</b>	<b>100</b>	<b>2.240.527,105</b>	<b>100</b>

Cadro 4.43  
Compras de leite en Galicia segundo domicilio do comprador.  
Período 2007-2008

Se o comparamos o período 2007-2008 co 2008-2009, obsérvase que neste último período hai 3 compradores menos (-3,70 %) e o número de entregas diminuíron nun 1,85%, mentres que as toneladas compradas o fixeron

nun 0,88%. Os compradores domiciliados en Galicia diminuíron nun 1,87% as súas compras, mentres que os do resto do Estado as aumentaron nun 1,40%.

**C) Controis relativos á taxa láctea**

Os controis realizados polo FOGGA no ano 2009 no marco da encomenda de xestión, no relativo á taxa láctea, enmárcanse no plan de control establecido polo FEGA para as declaracións de compras efectuadas polos com-

pradores na campaña 2007-2008 e das entregas feitas polos gandeiros e transporte de leite realizado no período 2008-2009, que rematou o 31 de marzo deste último ano.

A distribución provincial de compradores con domicilio social en Galicia figura no cadro seguinte:

Cadro 4.44	Provincia	Número	Compras (t)
Distribución provincial de compradores con domicilio social en Galicia	A Coruña	24	551.315,610
	Lugo	30	903.241,122
	Ourense	4	1.387,088
	Pontevedra	10	78.084,098
	<b>GALICIA</b>	<b>68</b>	<b>1.534.027,918</b>

A normativa comunitaria aplicable establece que o número de controis que se vai realizar non poderá ser inferior ao 40% da cantidade de leite declarado no período. A selección de empresas compradoras que vai controlar realizouna o FEGA mediante unha análise de risco no que interveñen máis de 10 criterios. No caso de gandeiros con

ventas directas, a normativa establece que o número de controis non poderá ser inferior ao 5% dos produtores con cota para venda directa. A selección, feita tamén polo FEGA, tivo en conta criterios de risco.

No cadro seguinte resúmense os controis de taxa realizados en Galicia.

Cadro 4.45	PROVINCIA	Compradores/Operadores			Produtores		Transporte
		Compradores	Compras (t)	Operadores	Venda directa	Venda industrias	
Distribución provincial dos controis da taxa no sector lácteo	A CORUÑA	9	84.348,274	2	2	105	79
	LUGO	13	452.803,378	1	1	107	78
	OURENSE	1	286,348	0	0	3	8
	PONTEVEDRA	4	11.880,026	1	0	15	20
	<b>GALICIA</b>	<b>27</b>	<b>549.318,026</b>	<b>4</b>	<b>3</b>	<b>230</b>	<b>185</b>

Realizáronse 27 controis a compradores con domicilio en Galicia (o 39% do total), cunhas entregas de leite de 549.318,026 toneladas, o que supón o 36% das entregas a compradores con domicilio en Galicia e o 25% das entregas totais de gandeiros galegos. Debe indicarse que 6 dos 27 compradores inspeccionados non fixeron recollidas de leite en todo o período.

Tamén se controlaron 230 gandeiros con explotación en Galicia e entregas a compradores con domicilio na nosa comunidade autónoma e 3 produtores con cota para venda directa no período 2008-2009.

Ademais fixéronse 185 controis ao transporte en toda a comunidade autónoma para o período 2008/2009.

Aparte destes controis, e tamén en relación coa taxa láctea, o FOGGA realizou funcións de asesoramento a compradores en relación coas altas, baixas e declaracións de compras e doutro tipo que deben efectuar ao FEGA.

**Liquidación da taxa láctea. Campaña 2008-2009**

No mes de agosto de 2009 o FEGA realizou liquidación da taxa correspondente á campaña 2008-2009, da que

se xunta un resumo no cadro 4.48 para o conxunto do Estado e tamén a correspondente aos produtores con explotación na Comunidade Autónoma de Galicia. Da liquidación resulta que non houbo superación da cota do

Estado español, xa que a diferenza entre entregas axustadas declaradas e a cota global dispoñible foi de -259.719 toneladas. Na Comunidade Autónoma de Galicia as entregas axustadas superaron a cota en 83.923 toneladas.

	ESPAÑA	GALICIA	G/E (%)
<b>ENTREGAS A COMPRADORES</b>			
-Produtores con entregas	23.580	13.195	55,96%
-Cota láctea (EC) (t)	6.173.231	2.138.600	34,64%
-Entregas axustadas (t)	5.913.512	2.220.784	37,55%
<b>SOBRANTES DE COTA</b>			
-Produtores	11.812	6.538	55,35%
-Cota sobrante (t)	355.083	134.175	37,79%
<b>REBASAMENTO DA COTA</b>			
-Produtores	10.842	6.657	61,40%
-Superación (t)	449.535	218.098	48,52%
BALANCE (sobrante-superación) (t)	94.452	89.923	88,85%
<b>LIQUIDACIÓN DESPOIS DA COMPENSACIÓN</b>			
-Cantidade (t)	0	0	
<b>-Importe (€)</b>	0	0	
<b>RETENCIÓNS A CONTA</b>			
-Produtores	5.592	2.846	50,89%
<b>-Importe (€)</b>	7.399.133,00	2.955.546,00	39,94%
<b>PRODUTORES CON TAXA PARA PAGAR</b>			
-Número	0	0	
<b>-Importe (€)</b>	0	0	

Cadro 4.46  
Balance da liquidación da taxa láctea. Entregas a compradores. Campaña 2008-2009

Aínda que o número de produtores con superación de cota en Galicia foi de 6.657, non houbo produtores con taxa para pagar.

#### Comparación coa campaña 2007-2008

En relación coa campaña 2007-2008, na campaña 2008-2009 cabe salientar os seguintes parámetros que reflicten a evolución da estrutura do sector:

- Unha diminución do número de produtores con entrega a compradores de 14.195 a 13.195, o que implica un descenso de 1.000 (-7,04%).
- Unha diminución da cota de venda a compradores, que pasou de 2.201.096 a 2.138.600 toneladas, cun

descenso de 62.436 toneladas equivalente a -2,84 % da cota da campaña anterior.

- Un aumento da cota por explotación de 155,061 toneladas a 162,077 toneladas, o que supón un incremento do 4,52%.
- As entregas de leite a compradores diminuíron de 2.240.527 toneladas a 2.220.784, o que supón un descenso do 0,88%.
- O leite comercializado por compradores con domicilio social en Galicia pasou do 69,77% na campaña 2007-2008 ao 69,08% na campaña 2008-2009.

- Na campaña 2008/2009 ningún produtor de Galicia tivo que facer fronte ao pagamento da taxa láctea, despois da liquidación practicada polo FEGA, e realizouse a devolución de 2.955.546,00 € a 2.846 produtores en concepto de retencións feitas ao longo da campaña.

#### 4.3.3.2.- Pagamentos adicionais do sector lácteo (art. 69 do Regulamento 1782/2003)

No ano 2009 xestionáronse as axudas do pagamento adicional do sector lácteo no marco da Orde da Consellería do Medio Rural do 29 de xaneiro de 2009, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e gandaría e a indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009, está incluída esta axuda na solicitude unificada PAC 2009 tramitada coa colaboración de entidades financeiras.

As solicitudes recibidas indícanse no cadro seguinte:

Cadro 4.47  
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Solicitudes de prima recibidas por provincia. Campaña 2009

PROVINCIA	PRODUTORES		COTA DISPOÑIBLE	
	Nº	%	Tn	%
A CORUÑA	5593	43,20	882.545.465	41,47
LUGO	5233	40,42	985.626.956	46,31
OURENSE	154	1,19	19.932.509	0,94
PONTEVEDRA	1968	15,20	240.206.845	11,29
<b>GALICIA</b>	<b>12.948</b>		<b>2.128.311.775</b>	

Presentáronse un total de 12.948 solicitudes cunha cota de 2.128.311.75 quilos, da que un 46,31 % foi solicitada por explotacións da provincia de Lugo.

#### Plan de controis

Os controis sobre o terreo fixéronse no marco do plan establecido polo FEGA e de acordo co plan redactado

polo FOGGA para esta finalidade, o número mínimo de controis que cómpre realizar foi do 2% dos produtores que solicitaron pagamento adicional lácteo no ano 2009.

No cadro seguinte indícanse os controis realizados en Galicia, por provincias.

Cadro 4.48  
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Produtores de leite inspeccionados. Campaña 2009.

	Explotacións inspeccionadas		Cota láctea inspeccionada	
	Número	%	Toneladas	%
A Coruña	353	48,29	88.007,71	52,98
Lugo	258	35,29	55.290,88	33,29
Ourense	9	1,23	2.037,34	1,23
Pontevedra	111	15,18	20.773,73	12,51
<b>GALICIA</b>	<b>731</b>	<b>100</b>	<b>166.109,66</b>	<b>100</b>

O número de controis realizados, 731 supón o 5,64 % dos produtores que solicitaron pagamentos e o 7,81 % da cota solicitada.

#### Pagamentos de axudas aos produtores de leite.

O período de aboamento para o pagamento adicional lácteo é do 1 de decembro de 2009 ao 30 de xuño de

2010. No cadro seguinte resúmense os pagamentos para cada provincia até o 31 de decembro de 2009.

PROVINCIA	PRODUTORES		COTA PRIMADA		PAGOS TOTAIS	
	Nº	%	Tn	%	€	%
A CORUÑA	5.068	43,00%	829.010	41,57	3.089.770,86	41,53
LUGO	4.854	41,19%	934.523	46,86	3.484.122,46	46,83
OURENSE	97	0,82%	13.207	0,66	49.105,70	0,66
PONTEVEDRA	1.766	14,99%	217.369	10,90	816.473,86	10,97
<b>GALICIA</b>	<b>11.785</b>	<b>100,00%</b>	<b>1.994.110</b>	<b>100,00</b>	<b>7.439.472,88</b>	<b>100,00</b>

Cadro 4.49  
Pagamentos adicionais no sector lácteo. Produtores, cota láctea e pagamentos totais, por provincia. Campaña 2009


Pagóuseltes un total de 7.439.472,88 euros a 11.785 produtores de Galicia, cunha media de 631,27 euros por explotación.

Este importe corresponde a unha axuda unitaria de 3,86665003 euros por tonelada de cota dispoñible establecida polo FEGA, de acordo co indicado no punto 4.3.2.2. En concepto de modulación descontóuseltes aos produtores con importes totais de axudas FEAGA supe-

rior a 5000 € un 7 % da contía en exceso dos 5.000 € mencionados.

No mapa nº 9 reflíctese a distribución dos pagamentos adicionais no sector lácteo por concellos, pódese observar deste xeito que en 21 concellos os pagamentos superan os 100.000 euros mentres en 137 concellos non se reciben pagamentos por este concepto.

MAPA Nº 9.  
Distribución por concellos dos pagamentos adicionais no sector lácteo  
Pagamentos realizados polo FOGGA do 01.01.2009 ao 31.12.2009



**Evolución do pagamento adicional lácteo no período 2006-2009**

Nos cadros 4-52 e 4-53 e no gráfico 4-14 indícase a evolución do número de solicitantes, cota solicitada, cota primada e importes de axuda entre as dúas campañas.

No período de tres anos existe unha diminución de 2.469 solicitantes, equivalentes ao 16.01 % dos solicitantes en

2006, debido ao abandono da produción láctea, aínda que a cota solicitada aumenta en 713 toneladas como consecuencia dos programas de reasignación de cota

Os pagamentos indicados e correspondentes a 2009, 7.439.472,88 euros, corresponden aos realizados até decembro, que supoñen o 99,7% do total dos efectuados para a campaña 2008

CAMPAÑA	Solicitantes	Cota dispoñible (t)	Cota primada (t)	Prim/Dispoñible
2006	15.417	2.127.599	2.096.763	98,6%
2007	14.149	2.203.876	2.144.270	97,3%
2008	13.588	2.148.410	2.065.774	96,2%
2009	12.948	2.128.312	1.994.110	93,7%

Cadro 4.50  
Pagamentos adicionais no sector lácteo.  
Evolución anual de solicitudes e cota solicitada e primada  
Galicia 2006-2009

CAMPAÑA	Solicitantes	Importe das primas (Euros)	t./solicitante	Euros/Solicit
2006	15.273	7.649.563,10	136,8	500,86
2007	13.919	7.632.081,55	150,5	548,32
2008	12.442	7.509.442,88	166,0	603,56
2009	11.785	7.439.472,88	169,2	631,27

Cadro 4.51  
Pagamentos adicionais no sector lácteo.  
Evolución anual de solicitudes e axudas pagadas  
Galicia 2006-2009




Gráfico 4.14  
Pagamento adicional no sector lácteo.  
Evolución anual de solicitantes e axudas pagadas  
Galicia 2006-2009

#### 4.3.3.3. Axudas á utilización de leite nos centros escolares.

Xestionouse esta axuda no marco da resolución do Fondo Galego de Garantía Agraria do 11 de febreiro de 2009 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros

escolares de leite e determinados produtos lácteos, e se convocan para o ano 2009.

Os produtos subministrados foron, principalmente, leite e queixos e en menor proporción iogures, segundo se indica no seguinte cadro.



Cadro 4.52		Produtos	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Cantidades de produtos distribuídos a centros escolares (quilos). Período 1 de setembro de 2008 a 31 de agosto de 2009		Leite	254.425,63	47.440,35	96.715,06	124.541,08	523.122,12
		logures	1.471,83	140,50	80,50	1.313,75	3.006,58
		Queixos	74.882,40	11.263,73	32.359,67	51.634,10	170.139,90
		<b>TOTAL</b>	<b>330.779,86</b>	<b>58.844,58</b>	<b>129.155,23</b>	<b>177.488,93</b>	<b>696.268,60</b>

A maior participación no programa corresponde á provincia da Coruña, tanto en centros como alumnos que reciben produtos lácteos, segundo se indica no cadro seguinte.

Cadro 4.53		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Centros escolares e alumnos participantes no programa de leite escolar. Período 1 de setembro de 2008 a 31 de agosto de 2009	Nº centros escolares	154	41	74	109	378
	Nº alumnos	34.497	5.166	8.537	18.958	67.158

Cadro 4.54		Provincia	Nº Expedientes	Toneladas	Euros
Distribución provincial das axudas á utilización de leite e produtos lácteos en centros escolares. Período 1 de setembro de 2008 a 31 de agosto de 2009	A CORUÑA	48	330,780	60.023,98	
	LUGO	37	58,845	10.680,48	
	OURENSE	44	129,155	23.441,69	
	PONTEVEDRA	36	177,489	32.197,48	
	<b>GALICIA</b>	<b>165</b>	<b>696,269</b>	<b>126.343,63</b>	

No cadro anterior indícase a distribución de axudas por provincias. No curso 2008/2009 subministráronse 696,269 toneladas de produtos e a axuda pagada foi de 126.343,63 euros.

En relación co ano anterior a axuda total pagada, diminuíu nun 31,85% e o consumo de produtos diminuíu nun 32,64%.

A contía escasa da axuda e o procedemento complexo da solicitude e tramitación son a causa de que os produtos distribuídos e o importe das axudas pagadas diminúan en relación co ano precedente.

#### 4.3.3.4. Axuda ao almacenamento privado de manteiga

A situación desfavorable dos prezos do mercado fixo que o 1 de xaneiro de 2009 se abriu o almacenamento privado de manteiga, permaneceu aberto durante todo o ano. Dúas empresas solicitaron axudas polo almacenamento de 682 toneladas de manteiga. Delas pagáronse no ano 2009 un total de 594 toneladas por un importe total de 57.023,56 €.

Nos gráficos seguintes indícanse tanto as solicitudes recibidas e cantidades de manteiga que se van almacenar, segundo o mes da solicitude, como as entradas e saídas de produto en cada mes do ano 2009.

A finais de decembro de 2009 non había existencias de manteiga en réxime de almacenamento privado.




Gráfico 4.15  
Almacenamento  
privado de  
manteiga.  
Solicitudes  
recibidas en 2009




Gráfico 4.16  
Almacenamento  
privado de  
manteiga.  
Evolución de  
existencias en  
2009

**4.3.3.5. Intervención de produtos lácteos**

A evolución dos prezos do mercado no sector lácteo no ano 2009 fixo necesaria a realización de compras de intervención de manteiga e leite desnatado en po.

A distribución das existencias de manteiga e leite desnatado en po entre as catro provincias, indicada no

cadro seguinte, supón un 49% para almacéns situados na provincia de Lugo, 28% para a provincia de Pontevedra e 23% para a provincia da Coruña no caso da manteiga, mentres que o leite desnatado en po está almacenado na súa totalidade na provincia da Coruña. Non existen almacéns de manteiga e leite desnatado en po en Ourense.

Cadro 4.55  
Intervención de  
manteiga e leite  
desnatado en po.  
Distribución  
provincial. Ano  
2009

	Manteiga (toneladas)	Leite desnatado en po (t)
A Coruña	1.333,000	677,000
Lugo	2.859,000	0,000
Ourense	0,000	0,000
Pontevedra	1.630,000	0,000
<b>Galicia</b>	<b>5.822,000</b>	<b>677,000</b>

En relación coa xestión de fondos para gastos comerciais e compra destes produtos, o cadro seguinte resume a correspondente ao ano 2009.

Cadro 4.56  
Intervención de  
produtos lácteos.  
Fondos solicitados  
ao FEGA. Ano  
2009.

Produto	Compra (€)	Gastos comerciais (€)
Manteiga	13.628.920,63	763.666,68
Leite desnatado en po	1.279.935,28	0,00
<b>Total</b>	<b>14.908.855,91</b>	<b>763.666,68</b>

En aplicación do Regulamento (CE) 884/2006, da Comisión, do 21 de xuño, antes da finalización do exercicio FEOGA 2009 (16 outubro 2008-15 de outubro 2009), realizáronse os controis nos almacéns frigoríficos para garantir a conformidade dos datos contables do almacenista cos que contan na Administración, así como para comprobar a presenza física en almacén das existencias

dos produtos de intervención que figuran na contabilidade. Estes controis foron realizados por persoal do FOGGA, acompañado por un representante da Intervención Xeral do Estado, visitáronse e inspeccionáronse os 5 frigoríficos nos que estaba almacenada manteiga e o almacén onde se encontraba o leite desnatado en po.



# XESTIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DE PARCELAS AGRÍCOLAS (SIXPAC)

## 5.1. Obxecto do SIXPAC

O sistema integrado de xestión e control de axudas directas a explotacións da política agraria común estivo composto, desde o seu establecemento en 1993, entre outros elementos, polas solicitudes de axuda e por un sistema alfanumérico de identificación de parcelas, o que permitía a realización de controis administrativos e sobre o terreo.

No caso do Estado español, o sistema de identificación de parcelas correspondía até o ano 2004 ás referencias catastrais en todo o territorio, pero no ano 2005, por obriga regulamentaria na UE, introduciuse un novo sistema gráfico dixital de identificación de parcelas agrícolas que utiliza técnicas de información xeográfica. En España este novo sistema utiliza ortofotoimaxes aéreas e denomínase Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC).

O SIXPAC regúlase polo Real decreto 2128/2004, do 29 de outubro, que establece que as comunidades autónomas son as responsables da explotación e mantemento do SIXPAC no seu territorio e que crea a “mesa de coordinación do SIXPAC”, na que cada comunidade autónoma integrada ten un representante. Esta mesa coordina a explotación e mantemento do SIXPAC e, entre outras funcións adicionais, acorda a información que estará vixente en cada campaña para a declaración e o control das axudas baseadas en superficies.

Nunha orde da entón Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural (hoxe Consellería do

Medio Rural), do 24 de xaneiro de 2005, que regulaba determinadas axudas da PAC nese ano e estableceu ademais o SIXPAC en Galicia, indícase no seu artigo 11 que esa Consellería, a través do FOGGA, é a responsable da explotación e mantemento do SIXPAC en Galicia.

## 5.2 Xestión no ano 2009

### 5.2.1. Actuacións para o mantemento do SIXPAC

Os usos dos recintos no SIXPAC pretenden reflectir a realidade do terreo en cada momento nas parcelas obxecto de declaración na PAC, polo que as alteracións dos usos que se produzan nesas parcelas deben ser comunicadas polos agricultores á Administración mediante as correspondentes “solicitudes de actualización” do SIXPAC, e tamén poden presentar “alegacións” para que se corrixa posibles erros que eles detecten na asignación inicial dos usos. Os agricultores presentan estas “solicitudes de modificación” (alegacións ou solicitudes de actualización) na Oficina Agraria Comarcal á que pertence a súa explotación e posteriormente son estudadas e resoltas polo FOGGA.

Por outro lado, e con independencia das solicitudes de modificación presentadas, as inspeccións sobre o terreo realizadas polo FOGGA sobre as parcelas declaradas nas solicitudes de axudas da PAC son tamén fonte de actualización do SIXPAC, cando se detecta no campo que o uso asignado non se corresponde coa realidade.

Nos cadros seguintes reflíctense datos relativos aos traballos de mantemento mencionados:

Provincia	Solicitudes		Tipo de modificación (*)				
	Expedientes	Recintos	Tipo 1	Tipo 2	Tipo 3	Tipo 4	Tipo 5
A Coruña	593	1.327	1.059	0	189	0	79
Lugo	1.076	2.959	2.317	2	593	4	43
Ourense	184	592	520	0	71	0	1
Pontevedra	262	881	673	0	171	0	37
<b>Galicia</b>	<b>2.115</b>	<b>5.759</b>	<b>4.569</b>	<b>2</b>	<b>1.024</b>	<b>4</b>	<b>160</b>

Cadro 5.1  
Solicitudes de modificación do SIXPAC tramitadas. Campaña 2009

(\*) Descripción dos tipos de modificación:

Tipo 1: Cambio de uso nun recinto completo.

Tipo 4: Partición dun recinto para cambiar o sistema de explotación (secaño/regadío) en parte del.

Tipo 2: Cambio de sistema de explotación (secaño/regadío) nun recinto completo.

Tipo 5: Existencia de parcela situada en zona urbana que ten un uso agrícola.

Tipo 3: Partición dun recinto para cambiar o uso en parte del.

Uso anterior	Uso proposto									
	FO	FY	IV	PA	PR	PS	TA	TH	VI	Total
Correntes de auga (AG)				2		6	1		2	11
Viais (CA)					2	3	33		4	42
Forestal (FO)		94		465	277	139	975	1	110	2.061
Froiteira (FY)	10			70	3	8	26	1	3	121
Improdutivo (IM)	1			1	3	8	19		2	34
Pasto con arboredo (PA)	16	1			4	20	82	1	3	127
Pasto arbustivo (PR)	181	11	6	102		284	1.819	25	49	2.477
Pasteiro (PS)	120	6	2	39	94		1		7	269
Terra arable (TA)	103	16		32	192	3	6		60	412
Horta (TH)	1					1				2
Vifedo (VI)	3	3	2		2		32	1		43
Zona urbana (ZU)			6		1	27	123	1	2	160
<b>Total</b>	<b>435</b>	<b>131</b>	<b>16</b>	<b>711</b>	<b>578</b>	<b>499</b>	<b>3.117</b>	<b>30</b>	<b>242</b>	<b>5.759</b>

Cadro 5.2.  
Cambios de uso en recintos SIXPAC tramitados. Campaña 2009

Provincia	Cambios realizados
A Coruña	4.732
Lugo	12.692
Ourense	3.496
Pontevedra	3.402
<b>Galicia</b>	<b>24.322</b>

Cadro 5.3  
Actualizacións do SIXPAC non solicitadas, baseadas en controis da xestión de axudas. Campaña 2009

Cadro 5.4  
Actualizacións  
do uso SIXPAC a  
forestal  
baseadas nas  
certificacións  
de axudas de  
forestación.  
Campaña 2009

Provincia	Cambios totais
A Coruña	2.784
Lugo	3.967
Ourense	1.760
Pontevedra	757
<b>Galicia</b>	<b>9.268</b>

En relación cos datos da campaña anterior, no 2009, malia producirse un incremento do 3,07 % no número de expedientes de modificación do SIXPAC xestionados a petición dos agricultores, o número de recintos afectados reduciuse nun 14,06%. Por outra banda, incrementábase o número de modificación derivadas dos controis sobre o terreo de solicitudes de axudas que pasan de 7.234 no ano 2008 a 3.50 en 2009, se se ten en conta o conxunto de axudas agrícolas e forestais, o que supón multiplicar por 4,64 os cambios de 2008.

A integración no sistema das solicitudes aceptadas ou dos cambios determinados a partir dos controis das axudas realízase por edición directa do FOGGA na base de datos central do SIXPAC do FEAGA cando implican modificación da información gráfica ou, nos outros casos, mediante o envío ao FEAGA de ficheiros de intercambio de información masiva e alfanumérica.

### 5.2.2. Renovación do SIXPAC

Ademais dos cambios puntuais mencionados con anterioridade existen actuacións periódicas de "renovación" do SIXPAC que determinan a actualización masiva dos recintos, normalmente en concellos completos.

A Comisión Europea recomenda que se actualice cada 5 anos a cobertura de ortoimaxes correspondentes ao sistema de información xeográfica para a identificación das parcelas agrícolas no sistema integrado de xestión e control.

O xa mencionado Real decreto 2128/2004 establece que a mesa de coordinación acordará a forma e condicións da


actualización do SIXPAC e aprobará o plan de renovación do sistema, se incluímos a actualización de ortofotos, modificacións parcelarias (debidas por exemplo a renovacións do catastro, a concentración parcelaria ou á execución de obras civís de gran envergadura), capas temáticas de usos agrarios e canta información deba ser obxecto de renovación periódica. O real decreto obriga tamén a coordinar a información coa do catastro.

En definitiva, as dúas causas principais que determinan a renovación dun concello no SIXPAC son a integración dunha nova cobertura de ortofotos e os cambios relacionados co catastro.

#### 5.2.2.1. Renovación da ortofotografía aérea.

As previsións de renovación da ortofoto no SIXPAC realízase tendo en conta a planificación de produción de ortofotos establecida polo Plan Nacional de Ortofotografía Aérea (PNOA), cuxa execución corresponde ao Instituto Xeográfico Nacional (IGN) conxuntamente coas comunidades autónomas.

Ao respecto cómpre indicar que durante o ano 2009 rematouse o proceso de elaboración de ortofotos da zona occidental de Galicia. As ditas ortofotos foron elaboradas a partir dos voos fotogramétricos efectuados no ano 2008 sobre unha superficie total de 14.680,65 km<sup>2</sup>, que cobre 181 concellos, deles a totalidade dos das provincias da Coruña e Pontevedra, ademais das áreas máis occidentais das provincias de Lugo e Ourense, conforme se pode observar no mapa nº 10.



MAPA N° 10.  
Distribución da  
cobertura do te-  
rritorio segundo o  
ano de renovación  
do voo da ortofoto  
do SIXPAC

A incorporación ao SIXPAC destas novas ortofotos leva consigo que entre a fase de revisión e actualización de recintos identificados a partir do uso declarado polos agricultores e a de revisión de recintos de zonas do te-

rritorio con cambios significativos resultaron modificados un total de 195.089 recintos e de 104.956 parcelas cuxa distribución provincial se reflicte no cadro 5.5.



XESTIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DE PARCELAS AGRÍCOLAS (SIXPAC)

Cadro 5.5  
 Datos de modificacións de uso SIXPAC debidas á revisión e actualización efectuadas a partir das ortofotografías renovadas no ano 2009.  
 Resumo por provincias

DATOS POR PROVINCIA					Nº Parcelas e recintos modificados	
Provincia	Nº Concellos	Nº Parcelas total	Nº Parcelas declaradas	Nº Recintos declarados	Nº Parcelas	Nº Recintos
A Coruña	93	2.932.173	293.774	380.969	50.504	95.575
Lugo	11	514.627	126.350	185.177	4.857	8.775
Ourense	17	892.431	20.707	24.054	2.647	4.995
Pontevedra	60	2.500.894	138.509	178.052	46.948	88.744
<b>Total</b>	<b>181</b>	<b>6.840.125</b>	<b>579.340</b>	<b>768.252</b>	<b>104.956</b>	<b>195.089</b>

DATOS PORCENTUAIS						
Provincia	Nº Concellos	Sobre declaradas			Sobre Total Parcelas	
		% Parcelas revisadas	% Parcelas modificadas	% Recintos modificados	% Parcelas revisadas	% Parcelas modificadas
A Coruña	93	100%	17,19%	24,30%	10,02%	1,72%
Lugo	11	100%	3,84%	4,74%	24,55%	0,94%
Ourense	17	100%	12,78%	20,77%	2,32%	0,30%
Pontevedra	60	100%	33,90%	49,84%	5,54%	1,88%
<b>Total</b>	<b>181</b>	<b>100%</b>	<b>18,12%</b>	<b>25,39%</b>	<b>8,47%</b>	<b>1,53%</b>

**5.2.2.2 Renovación da malla catastral.**

No inicio do ano 2009 integráronse no SIXPAC de Galicia os 43 concellos que se relacionan no cadro 5.6 que foron renovados por actualización, durante o ano 2008, da

malla catastral. A información do SIXPAC correspondente a esta malla renovada xa foi utilizada nas declaracións da campaña 2009.

PROVINCIA	CONCELLO		
NOME	CÓDIGO INE	CÓDIGO CAT	NOME
A CORUÑA	6	6	ARZUA
A CORUÑA	11	11	BOIRO
A CORUÑA	12	12	BOQUEIXON
A CORUÑA	13	13	BRION
A CORUÑA	33	33	DODRO
A CORUÑA	42	43	LOUSAME
A CORUÑA	46	47	MELIDE
A CORUÑA	57	58	NOIA
A CORUÑA	62	63	OUTES
A CORUÑA	65	66	PADRON
A CORUÑA	66	67	PINO (O)
A CORUÑA	67	68	POBRA DO CARAMIÑAL (A)
A CORUÑA	71	72	PORTO DO SON
A CORUÑA	72	73	RIANXO
A CORUÑA	73	74	RIBEIRA
A CORUÑA	74	75	ROIS
A CORUÑA	79	80	SANTISO
A CORUÑA	85	86	TOURO
A CORUÑA	86	87	TRAZO
A CORUÑA	88	89	VAL DO DUBRA
A CORUÑA	89	90	VEDRA
LUGO	2	2	ALFOZ
LUGO	5	5	BARREIROS
LUGO	13	13	CERVO
LUGO	19	19	FOZ
LUGO	25	25	XOVE
LUGO	27	27	LOURENZA
LUGO	29	29	MEIRA
LUGO	30	30	MONDOÑEDO
LUGO	38	38	OUROL
LUGO	51	51	RIBADEO
LUGO	56	56	RABADE
LUGO	63	63	VALADOURO (O)
LUGO	64	64	VICEDO (O)
LUGO	66	67	VIVEIRO
LUGO	902	68	BURELA
OURENSE	20	21	CARTELLE
OURENSE	47	48	MERCA (A)
PONTEVEDRA	12	12	COTOBADÉ
PONTEVEDRA	17	17	ESTRADA (A)
PONTEVEDRA	28	28	MEIS
PONTEVEDRA	52	52	SILLEDA
PONTEVEDRA	55	55	TUI

Cadro 5.6  
Concellos renovados por cambio da malla catastral e integrados no SIXPAC.  
Campaña 2009

### 5.2.2.3. Plan de converxencia con Catastro

O 8 de novembro de 2007 o FEGA e a Dirección Xeral de Catastro subscribiron o convenio de colaboración polo que se puxo en marcha o proxecto denominado Plan de converxencia con catastro. O obxectivo deste proxecto é o de establecer unha malla parcelaria única tanto para catastro como para o SIXPAC de forma que, unha vez establecida, calquera cambio que se produza nos límites das parcelas catastrais se reflicta no SIXPAC da forma máis inmediata posible.

As actuacións que se van realizar son as seguintes:

1. Comparación das mallas parcelarias de SIXPAC e do catastro para establecer a malla a partir da que se realizarán os traballos nas seguintes fases.
2. Obtención da malla parcelaria converxida mediante a adaptación da malla de partida á ortofoto máis recente.

3. Incorporación dos elementos propios do catastro á malla parcelaria converxida.
4. Incorporación dos elementos propios do SIXPAC á malla parcelaria converxida.
5. Mantemento da converxencia en SIXPAC mediante a incorporación das modificacións de catastro. Esta última fase é fundamental, pois dela dependerá que catastro e SIXPAC conserven a coincidencia no futuro.

Unha vez concluídos os traballos do plan de converxencia en 2011 existirá unha única malla catastral, común para catastro e SIXPAC, así como un procedemento de intercambio de información que asegurará o mantemento da converxencia.

A situación dos traballos de converxencia con catastro a inicio de 2010, na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a información facilitada polo FEGA é que se indica no cadro 5.6

Cadro 5.7  
Situación dos traballos de converxencia con catastro na Comunidade Autónoma de Galicia

	Concellos		Superficies	
	Número	%	Km 2	%
Fase 0	276	87,6	N D	N D
Fase 1	266	84,4	N D	N D
Fase 2	261	82,8	N D	N D
Converxencia Publicada	220	69,8	22.423,55	76,2
<b>TOTAL</b>	<b>315</b>	<b>100</b>	<b>29.547,96</b>	<b>100</b>

### 5.2.3. Outras actuacións en relación co SIXPAC

Finalmente, de acordo coas normas establecidas para ese efecto pola Mesa de coordinación do SIXPAC, o FOGGA

tramitou as solicitudes de cesión de ortofotos SIXPAC presentadas na Comunidade Autónoma de Galicia durante este ano, que se resume no cadro seguinte.


Cadro 5.8  
Autorizacións de cesión de ortofotos SIXPAC a organismos da Administración. Ano 2009

Organismos	Número
Administración autonómica	3
Administración Xeral do Estado	1
Administración local	19
Universidade	2
Outros	1
<b>Total</b>	<b>26</b>

As demandas recibidas no FOGGA das ortofotos e outros datos SIXPAC, así como o uso que se está facendo do visor en Internet por parte de todo tipo de usuarios, evidencian que a transcendencia do SIXPAC supera o ámbito da xestión das axudas da PAC.



06



# XESTIÓN DE AXUDAS AO DESENVOLVEMENTO RURAL

## 6.1 Marco normativo aplicable en 2009

O Regulamento (CE) nº 1698/2005, do 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) consolida o novo escenario xa configurado a partir da Axenda 2000, presentada o 16 de xullo de 1999, no que a política de desenvolvemento rural deixa de ser un instrumento exclusivo da política de cohesión para pasar a acompañar e completar as políticas de axuda ao mercado e aos ingresos aplicadas no marco da política agrícola común (PAC). De este modo a PAC pasa a apoiarse sobre dous piares: o primeiro, relativo á política de prezos e mercados, e o segundo, relativo á política de desenvolvemento rural.

O obxectivo final do FEADER céntrase por tanto na promoción dun desenvolvemento rural sostible en toda a comunidade, como complemento das políticas de apoio ao mercado e aos ingresos aplicadas no marco da política agrícola común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

A axuda ao desenvolvemento rural a través do FEADER debe contribuír á consecución dos seguintes obxectivos:

- a. Aumentar a competitividade da agricultura e a silvicultura mediante a axuda á reestruturación, o desenvolvemento e a innovación.
- b. Mellorar o medio natural e o medio rural mediante a xestión de terras.

- c. Mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e fomentar a diversificación da actividade económica.

O Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia para a etapa 2007-2013 constitúe a resposta de Galicia ás disposicións do Regulamento 1698/2005 e se articula arredor de catro eixes, que se corresponden cos enunciados no referido regulamento:

Eixo 1: Aumento da competitividade do sector agrícola e forestal.

Eixo 2: Mellora do medio natural e do contorno natural.

Eixo 3: Calidade de vida nas zonas rurais e diversificación da economía rural.

Eixo 4: Leader.

No eixe 2, de mellora do medio natural e do contorno natural, inclúense dúas medidas destinadas á utilización sostible de terras agrícolas postas en marcha en Galicia:

(211) Axudas destinadas a indemnizar os agricultores polas dificultades naturais en zonas de montaña.

(212) Axudas destinadas a indemnizar os agricultores polas dificultades naturais en zonas distintas das de montaña.

(214) Axudas agroambientais

(215) Axudas ao benestar dos animais

As dúas primeiras teñen por obxecto indemnizar os agricultores polos custos adicionais e as perdas de ingresos

derivados das dificultades que leva consigo a produción agrícola nas zonas desfavorecidas.

Estas axudas pretenden, ademais de evitar o abandono das zonas de montaña da comunidade autónoma, promover a utilización de prácticas agrícolas respectuosas co ambiente, previr os incendios forestais e a erosión do solo, o mantemento das comunidades rurais e a conservación da paisaxe.

O Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia para a etapa 2007-2013 ten tamén como obxectivo principal destas actuacións a remuneración das funcións territoriais, sociais e ambientais que se derivan de determinados sistemas agrícolas e gandeiros, ao tempo que simplifica a xestión das axudas. Mediante o contrato de explotación sustentable preténdese reforzar a sustentabilidade das explotacións e fomentar o desenvolvemento das producións sustentables.

As axudas agroambientais e as axudas para o benestar dos animais xestiónanse mediante o contrato de explotación sustentable.

No que atinxe á indemnización compensatoria o Regulamento (CE) nº 1698/2005 exceptúa na súa derogación do Regulamento (CE) nº 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, sobre a axuda ao desenvolvemento rural o artigo 13 letra a), o número 1 e os dous primeiros guións do número 2 do seu artigo 14, o artigo 15 e os artigos 17 a 20, todas disposicións relativas ás indemnizacións compensatorias.

Ademais o Regulamento (CE) nº 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro de 2006, establece disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005, do Consello, no que respecta á aplicación dos procedementos de control e da condicionalidade en relación coas medidas de desenvolvemento rural.

No marco da normativa autonómica a Orde da Consellería do Medio Rural do 25 de xaneiro de 2008 establece as bases reguladoras da concesión das axudas para o fomento dos sistemas de producións agrarias sustentables a través do Contrato de Explotación Sustentable (CES).

Así mesmo, a Orde do 13 de febreiro de 2008 pola que se desenvolve o procedemento para o recoñecemento e rexistro de entidades con servizos de aconsellamento ou xestión de Galicia, conforme o previsto no Decreto 235/2007, do 29 de novembro, polo que se regulan os servizos de aconsellamento e de xestión das explotacións agrarias.

Tamén a Orde do 19 de xaneiro de 2009 establece as bases reguladoras das axudas para o fomento das producións agrarias sustentables a través da implantación do contrato de explotación sustentable.

Finalmente a Orde da Consellería do Medio rural do 29 de xaneiro de 2009 regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e convoca as axudas previstas no contrato de explotación sustentable en 2009.

Así mesmo, de acordo co Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), correspóndelle a este, a través da Subdirección de Xestión da PAC, a xestión

das axudas á renda das persoas agricultoras no marco do programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013

## **6.2 Indemnización compensatoria**

### **6.2.1. Resumo das normas aplicables nas indemnizacións compensatorias na campaña 2009**

As axudas concédense a persoas físicas coa condición de titular ou cotitular de explotacións que desenvolven a súa actividade agraria en zonas desfavorecidas, de montaña ou distintas de montaña.

O solicitante ten que ser agricultor a título principal, titular dunha explotación agraria, ben a título individual ou como socio dunha entidade asociativa. Cada socio pode percibir a indemnización correspondente á súa cota de participación que, se é o caso, acumúlase á da súa explotación individual para os efectos de cálculo dunha



indemnización compensatoria única. Ademais debe residir no termo municipal no que estivese a súa explotación ou nalgún limítrofe situado en zonas desfavorecidas.

En canto aos requirimentos da explotación, esta debía ter a súa superficie declarada, en parte ou totalmente, sobre as zonas desfavorecidas indicadas no anexo 19 da orde de convocatoria 2009. De tratarse de explotacións gandeiras de vacún, ovino-cabrún ou equino, a carga gandeira máxima é de 2,00 UGM/ha de superficie forraxeira e a mínima de 0,40 UGM/ha, en zonas desfavorecidas de montaña, e de 0,70 UGM/ha, en zonas desfavorecidas distintas das anteriores. Para o resto das explotacións gandeiras e para as estritamente agrícolas, non se determina nin se establece límite de carga gandeira. Por último, todas as explotacións tiñan que ter unha superficie agrícola superior a 2 ha en zonas desfavorecidas.

Ademais os solicitantes deben comprometerse a:

- Cumprir os requisitos principais da condicionalidade definidos no Regulamento (CE) nº 73/2009, que aparecen recollidos nos anexos 21 e 22 da orde de convocatoria.
- Manter a actividade agraria en zonas desfavorecidas, polo menos durante os 5 anos seguintes á data en que cobre a indemnización, agás causa de forza maior. No caso de xubilación do solicitante, este deberá traspasar os compromisos de mantemento da actividade agraria a outro agricultor.

- Exercer unha agricultura sustentable empregando métodos e prácticas agrícolas que permitan manter boas condicións agrarias e agroambientais, adecuadas ás características agrarias da localidade, compatibles co ambiente e o mantemento do campo e da paisaxe indicadas no anexo 22 da orde de convocatoria.

O importe de indemnización compensatoria ten un límite inferior de 300 € e un superior de 2.500€. Dado que é unha axuda en réxime de concorrencia competitiva, establecéronse criterios de puntuación dos expedientes en función de se o solicitante era agricultor mozo, muller, se tiña aprobada algunha liña de axudas agroambientais, se tiña superficie en Rede Natura, se tiña subscrito un contrato de explotación sustentable ou se tiña unha explotación prioritaria.

### 6.2.2. Resultados da xestión da indemnización compensatoria

A indemnización compensatoria está integrada, para a súa solicitude e tramitación, na solicitude unificada de axudas da Política Agrícola Común e de Desenvolvemento Rural PAC - DR 2009, para a presentación de solicitudes contouse coa colaboración de entidades financeiras, de aconsellamento e cooperativas, de acordo co indicado no apartado 2.3.2.1, relativo á presentación de solicitudes desta memoria.

As solicitudes recibidas indícanse no cadro 6.1, por provincia e tipo de zona: montaña ou desfavorecida (distinta da de montaña).

Cadro 6.1  
Solicitudes de indemnización compensatoria recibidas na campaña 2009

Provincia	Zona Montaña	Zona desfavorecida	Total
A Coruña	431	1.325	1.756
Lugo	4.082	4.201	8.283
Ourense	990	477	1.467
Pontevedra	428	1.230	1.658
<b>GALICIA</b>	<b>5.931</b>	<b>7.233</b>	<b>13.164</b>

Recibíronse un total de 13.164 solicitudes, das que un 62,9 % corresponden á provincia de Lugo e un 45 % á zona de montaña.

Despois de feitos os controis correspondentes, e aplicadas as puntuacións previstas na normativa reguladora para a concorrência competitiva, aprobáronse as solicitudes que cumprindo os requisitos para acceder

ás axudas alcanzaron unha puntuación superior a 20,5 puntos en zona de montaña e de 16,75 puntos en zona desfavorecida.

Os pagamentos realizados ata o 31 de decembro de 2009 e correspondentes a solicitude de 2009 foron os indicados no cadro 6.2

	Zona Montaña			
	Solicitantes		Importes	
	Número	%	Euros	%
A Coruña	294	7	418.626,51	6
Lugo	2.990	72	5.081.319,82	71
Ourense	595	14	1.183.147,50	17
Pontevedra	278	7	426.205,11	6
<b>GALICIA</b>	<b>4.157</b>	<b>100</b>	<b>7.109.298,94</b>	<b>100</b>

Cadro 6.2  
Distribución de pagamentos de indemnización compensatoria segundo as zonas e provincias

	Zona Desfavorecida			
	Solicitantes		Importes	
	Número	%	Euros	%
A Coruña	847	18	821.139,41	17,69
Lugo	2.880	61	2.940.865,76	63,35
Ourense	175	4	178.286,72	3,84
Pontevedra	850	18	701.919,03	15,12
<b>GALICIA</b>	<b>4.752</b>	<b>100</b>	<b>4.642.210,92</b>	<b>100,00</b>


	Totais			
	Solicitantes		Importes	
	Número	%	Euros	%
A Coruña	1.112	14	1.239.765,92	10,5
Lugo	5.197	64	8.022.185,58	68,3
Ourense	729	9	1.361.434,22	11,6
Pontevedra	1.031	13	1.128.124,14	9,6
<b>GALICIA</b>	<b>8.069</b>	<b>100</b>	<b>11.751.509,86</b>	<b>100,00</b>

O importe medio por solicitante foi de 1.456,4 euros, sendo maior na zona de montaña (1.710,2) que na zona desfavorecida (976,4)

No mapa nº 9 indícase a distribución por concellos dos pagamentos por indemnización compensatoria solicitada

no ano 2009. Existen 132 concellos que non recibiron axudas por este concepto e tamén 40 concellos nos que os agricultores recibiron, en total, máis de 200.000 euros polas solicitudes presentadas en 2009.

MAPA Nº 11.  
Distribución por concellos dos pagamentos de indemnización compensatoria realizados polo FOGGA, Campaña 2009, ata 31 de decembro de 2009



### 6.3. Axudas incluídas no Contrato de Explotación Sustentable (CES).

#### 6.3.1. Resumo das normas aplicables nas axudas do contrato de explotación sustentable.

##### 6.3.1.1 Obxectivos e tipo de axudas

O Contrato de Explotación Sustentable (CES) está previsto no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013 e establécese co obxecto de reforzar o carácter multifuncional da actividade agraria, mellorar a sustentabilidade das explotacións e apoiar o desenvolvemento sustentable das áreas rurais.

A través do CES xestiónanse dúas medidas previstas no dito programa e reguladas pola Orde da Consellería do

Medio Rural do 19 de xaneiro de 2009 que establece as bases reguladoras das axudas para o fomento das producións agrarias sustentables a través da implantación do contrato de explotación sustentable e na Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009. Esas medidas son :

- a. Axudas agroambientais, previstas no artigo 36.a), iv) do Regulamento (CE) 1698/2005, para os/as produtores/as que establezan métodos de produción respectuosos co medio natural e que subscriben de forma voluntaria compromisos agroambientais:

- a. Cobren compromisos con maiores esixencias que a condicionalidade, os requisitos mínimos de fertilizantes e fitosanitarios e os requisitos obrigatorios da lexislación nacional establecidos no programa de desenvolvemento rural 2007-2013
  - b. Por un período de cinco anos
  - c. Teñan custos adicionais ou perda de ingresos
  - d. Importes unitarios limitados e que non poden superar uns máximos comunitarios
- b. b) Axudas relativas ao benestar dos animais, previstas no art. 36.a) v) do regulamento (CE)1698/2005, para os/as produtores/as que adopten sistemas de cría de animais en avicultura e produción porcina que, superando as normas obrigatorias de aplicación, garantan o seu benestar e sanidade e permitan, ademais, o mantemento dunha explotación viable. Contémplanse as seguintes submedidas ou liñas de axuda:
- i. Avicultura de curral para produción de carne.
  - ii. Porcino ao aire libre para a cría e ceba.

As submedidas e obxectivos específicos das axudas agroambientais son os seguintes:

1. Variedades autóctonas vexetais en risco de erosión xenética.

Fomentar a recuperación de determinadas especies e variedades de cultivos vexetais en perigo de extinción para manter superficies para a protección, uso e conservación da variedade xenética

2. Control integrado e produción integrada.

Reducir a potencial contaminación de solos e augas fomentando a adopción de métodos de produción vexetal así como métodos de loita natural, biolóxica e tecnolóxica contra os organismos nocivos, utilizando ao máximo os mecanismos de produción naturais e asegurando a longo prazo unha agricultura sustentable e a protección dos recursos naturais.

3. Agricultura e gandería ecolóxicas.

Fomento das tecnoloxías agrarias ecolóxicas para a obtención de alimentos baseados en métodos respectuosos co medio, compatibles coa obtención dunha rendibilidade razoable no marco do establecido no Regulamento (CE) nº 834/2007, do Consello, do 28 de xullo, sobre produción e etiquetaxe de produtos ecolóxicos.

4. Loita contra a erosión en medios fráxiles.

A protección do solo para evitar as perdas por arrastre debidas á erosión en cultivos leñosos ou herbáceos situados en zonas con fortes pendentes.

5. Mantemento de razas autóctonas puras en perigo de extinción.

Mantemento da riqueza xenética e biodiversidade para conservar estas especies animais en perigo de desaparición, perfectamente adaptadas, pola súa rusticidade, ao medio físico onde se desenvolven.

6. Utilización racional dos recursos forraxeiros.

Conservar os ecosistemas agrarios e os seus recursos facendo unha xestión racional dos pastos e forraxes coa gandería, o que contribúe a protexer a cuberta vexetal, mediante o establecemento dos seguintes tipos de primas:

- i. Prima base xeral
- ii. Prima base gando bovino
- iii. Prima sistemas extensivos vacún leite e cebo
- iv. Prima sistema pastoreo leite e cebo
- v. Prima complementaria roza
- vi. Prima complementaria pastoreo con razas autóctonas
- vii. Redución de carga gandeira en bovino e ovino

7. Apicultura para a mellora da diversidade en zonas fráxiles.

Mellora da biodiversidade nos agroecosistemas de praderías, pasteiros e monte onde poidan existir endemismos e especies relictas.

8. Mellora e conservación do medio físico en zonas de prados e pastos incluídos na Rede Natura 2000.

Propónse fomentar unha xestión racional dos pastos, coa redución efectiva da carga gandeira da explotación de orixe, con desprazamento do gando, o que contribúe á recuperación do solo e da súa diversidade florística nas áreas incluídas na Rede Natura 2000, mediante o establecemento das seguintes primas:

- i. Prima base bovino Rede Natura 2000
- ii. Prima base ovino Rede Natura 2000
- iii. Prima complementaria roza Rede Natura 2000
- iv. Prima complementaria pastoreo con razas autóctonas en zona Rede Natura 2000

O obxectivo específico das axudas ao benestar dos animais é fomentar a adopción de sistemas de cría de animais, en avicultura e produción porcina, que garantan o benestar e sanidade, que permita ademais o mantemento dunha explotación viable e produtiva.

#### 6.3.1.2 Beneficiarios e requisitos.

- Poden ser beneficiarios destas axudas incluídas no CES os agricultores que as soliciten e que cumpran, entre outros, os seguintes requisitos xerais e específicos:
  - a. Manter a actividade agraria
  - b. Manter e actualizar o “caderno de explotación” que deberá incluír un resumo da contabilidade e a elaboración dunha conta de explotación.
  - c. Recibir o servizo dunha entidade inscrita no “Registro de entidades de servizos de aconsellamento ou xestión de Galicia”.

- d. Cumprir coa normativa correspondente á condicionalidade e que inclúe os requisitos legais de xestión relativos aos ámbitos de medio natural, saúde pública, zoonidade e fitosanidade e benestar dos animais e as cuestións relativas ás boas condicións agrarias e ambientais”.
- e. No caso de produtores beneficiarios de axudas agroambientais, estes deberán cumprir ademais as normas mínimas sobre a utilización de fertilizantes e fitosanitarios.
- f. Durante a vixencia do CES, no caso de pagamentos por superficie, non se poderán cambiar as parcelas comprometidas, agás nos casos seguintes:
  - Concentración parcelaria, expropiación ou calquera tipo de intervención pública.
  - Relacións contractuais que devesen imposibles
  - Variación na superficie comunal adxudicada.
- Xustificación do cumprimento dos compromisos
  - a. Os solicitantes con axudas aprobadas incluídas no CES comunicarán ao FOGGA o cumprimento dos compromisos asumidos para o ano natural antes do 31 de marzo do ano seguinte. Esta comunicación consistirá na presentación do “caderno de explotación” actualizado como mínimo ao 31 de decembro, no Servizo Territorial do FOGGA correspondente á provincia da explotación. Para a elaboración deste caderno de explotación os técnicos das entidades de aconsellamento poden utilizar unha aplicación web desenvolvida pola Consellería do Medio Rural, con acceso á información limitado en función da explotación, técnico e entidade.
  - b. Os solicitantes deberán conservar, a disposición do FOGGA, as facturas, boletíns de análises e demais documentación xustificativa das anotacións no caderno de explotación.

### 6.3.2. Resultados da xestión das axudas do CES

As axudas ligadas ao CES está integradas, para a súa solicitude e tramitación, na solicitude unificada de axudas da Política Agrícola Común e de Desenvolvemento Rural PAC - DR 2009, e para a presentación de solicitudes contouse coa colaboración de entidades financeiras, de aconsellamento e cooperativas, de acordo co indicado no apartado 2.3.2.1, relativo á presentación de solicitudes desta memoria.

Tendo en conta a obriga da participación das entidades de aconsellamento no desenvolvemento do contrato da explotación sustentable (CES), é necesario indicar que 24 entidades participaron na presentación de 3.663 solicitudes PAC DR na campaña 2010 e que a finais de 2009 existían 108 entidades deste tipo autorizadas en Galicia.

Na campaña 2009 recibíronse un total de

	Tipo de expediente			TOTAL
	Pagamento	Ampliación e pagamento	Inicial	
A CORUÑA	301	59	197	557
LUGO	1.445	697	684	2.826
OURENSE	321	173	199	693
PONTEVEDRA	121	29	185	335
<b>GALICIA</b>	<b>2.188</b>	<b>958</b>	<b>1.265</b>	<b>4.411</b>

Cadro 6.3  
Distribución de expedientes do CES recibidas en 2009, segundo tipo e provincia

No ano 2009 continuouse coa xestión dos expedientes en 2008, realizouse as aprobacións e pagamentos das solicitudes de axudas das diferentes liñas de axuda incluídas en cada expediente que se resume nos cadros 6.4 e 6.5.

En relación coas aprobacións realizadas para os distintos tipos de axuda, 14.181.920 euros, un 74,8 por cen do importe total das axudas aprobadas corresponden á liña de utilización racional dos recursos forraxeiros da explotación. En canto á distribución entre provincias, un 65,3 por cen do importe aprobado corresponde á provincia de Lugo.

Os pagamentos de axudas do CES realizados en 2009, por un importe total de 11.381.936,74 euros corresponden

a axudas solicitadas en 2008 das que un 76,7 por cen foron destinados á liña de axuda de utilización racional dos recursos forraxeiros da explotación. No relativo á distribución entre provincias, un 65,7 por cen foron destinados a agricultores da provincia de Lugo.

No mapa nº 10 indícase a distribución por concellos dos pagamentos de axudas incluídas no contrato de explotación sustentable no ano 2009 e correspondentes á campaña 2008. Existen 127 Concellos que non recibiron axudas por este concepto e tamén 61 concellos nos que os agricultores recibiron, en total, máis de 50.000 euros polas solicitudes presentadas en 2008.

XESTIÓN DE AXUDA AO DESENVOLVEMENTO RURAL

Cadro 6.4  
Distribución das solicitudes aprobadas do CES, recibidas en 2008, segundo a axuda e provincia


Axuda	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Agric.	Importes	Agric.	Importes	Agric.	Importes	Agric.	Importes	Agric.	Importes
CONTROL INTEGRADO E PRODUCCIÓN INTEGRADA	348	341.831,75	1.481	1.455.092,78	414	296.888,46	96	162.708,49	2.339	2.256.521,48
VARIEDADES AUTÓCTONAS RISCO EROSIÓN XENÉTICA	2	384,18	-	-	8	17.572,25	1	12.764,68	11	30.721,11
LOITA CONTRA A EROSIÓN MEDIOS FRÁXILES	104	43.162,75	769	432.106,00	20	11.743,00	6	13.007,40	899	500.019,15
UTILIZACIÓN RACIONAL DOS RECURSOS FORRAXEIROS	342	1.182.908,11	2.088	7.021.741,00	470	1.823.976,35	140	579.141,43	3.040	10.607.766,89
MANTEMENTO DE RAZAS AUTÓCTONAS PERIGO EXTINCIÓN	18	30.338,20	60	99.000,20	70	188.948,20	10	44.294,80	158	362.581,40
AGRICULTURA GANDARÍA ECOLÓXICA	8	43.008,91	85	245.248,64	24	115.225,55	3	7.876,94	120	411.360,04
BENESTAR DOS ANIMAIS	1	932,47	5	8.301,14	2	3.716,26	-	-	8	12.949,87
<b>TOTAIS</b>	<b>823</b>	<b>1.642.566,37</b>	<b>4.488</b>	<b>9.261.489,76</b>	<b>1.008</b>	<b>2.458.070,07</b>	<b>256</b>	<b>819.793,74</b>	<b>6.575</b>	<b>14.181.919,94</b>

Cadro 6.5  
Distribución de solicitudes do CES pagadas en 2009, recibidas en 2008, segundo a axuda e provincia

Axuda	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Agric.	Importes	Agric.	Importes	Agric.	Importes	Agric.	Importes	Agric.	Importes
CONTROL INTEGRADO E PRODUCCIÓN INTEGRADA	287	279.058,92	1.214	1.131.870,60	354	239.699,77	63	53.701,30	1.918	1.704.330,59
VARIEDADES AUTÓCTONAS RISCO EROSIÓN XENÉTICA	2	364,97	-	-	7	16.038,57	-	-	9	16.403,54
LOITA CONTRA A EROSIÓN MEDIOS FRÁXILES	91	35.343,82	653	337.090,80	20	11.356,21	-	-	764	383.790,83
UTILIZACIÓN RACIONAL DOS RECURSOS FORRAXEIROS	285	996.773,08	1.778	5.761.831,38	402	1.522.894,33	117	469.761,02	2.582	8.751.259,81
MANTEMENTO DE RAZAS AUTÓCTONAS PERIGO EXTINCIÓN	12	16.514,20	41	63.101,90	60	146.625,00	2	7.050,00	115	233.291,10
AGRICULTURA GANDARÍA ECOLÓXICA	5	29.259,84	71	189.676,75	17	70.042,68	1	3.881,60	94	292.860,87
<b>TOTAIS</b>	<b>682</b>	<b>1.357.315</b>	<b>3.757</b>	<b>7.483.571</b>	<b>860</b>	<b>2.006.657</b>	<b>183</b>	<b>534.394</b>	<b>5.482</b>	<b>11.381.937</b>



MAPA Nº 12.  
Distribución por concellos dos  
pagamentos de  
axudas do contrato  
de explotación  
sustentable  
Pagamentos  
realizados polo  
FOGGA, Campaña  
2008, ata 31 de  
decembro de 2009









# XESTIÓN ECONÓMICA

## 7.1. Xestión do orzamento

### 7.1.1. Orzamento de gastos. Liquidación

O estado de execución do orzamento de gastos do Fogga (Servizo 11.90. Fondo Galego de Garantía Agraria), programas 713 F: regulación das producións agrarias e

apoio á renda dos agricultores, 712 B: modernización e diversificación do tecido produtivo rural, 713E: benestar animal e sanidade vexetal, ao 31/12/2009 é o establecido no cadro 6-1, precisando , no cadro 6-2 seguinte, o estado de execución dos seus capítulos VI e VII.

Cadro 7.1  
Execución do  
orzamento de  
gastos

CAPÍTULOS	CRÉDITOS INICIAIS	MODIFICACIÓNS INCORPORACIÓNS ADSCRICIÓN	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGAS	REMANENTE	%
CAPÍTULO I - GASTOS DE PERSOAL	4.157.211,00	378.224,62	4.535.435,62	4.522.543,95	12.891,67	99,72
PROGRAMA 713F	4.157.211,00	245.931,62	4.403.142,62	4.393.875,64	9.266,98	
PROGRAMA 713E		132.293,00	132.293,00	128.668,31	3.624,69	
CAPÍTULO II - GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS.	1.028.980,00	-317.241,11	711.738,89	699.520,66	12.218,23	98,28
CAPÍTULO IV - TRANSFERENCIAS CORRENTES	207.927,00	50.664,43	258.591,43	258.591,43	0,00	100,00
. A Xenética Fontao	207.927,00		207.927,00	207.927,00	0,00	
. A C.A. de Galicia		50.664,43	50.664,43	50.664,43	0,00	
CAPÍTULO VI - INVESTIMENTOS REAIS	3.216.641,00	-416.198,93	2.800.442,07	2.760.263,31	40.178,76	98,57
CAPÍTULO VII TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	50.675.621,00	130.747.761,95	181.423.382,95	172.975.872,12	8.447.510,83	95,34
· A produtores PAC	50.360.216,00	107.510.296,21	157.870.512,21	152.894.851,69	4.975.660,52	96,85
· A Xenética Fontao	315.405,00		315.405,00	315.405,00	0,00	
Modernización e Diversificación tecido produtivo rural		23.237.465,74	23.237.465,74	19.765.615,43	3.471.850,31	
<b>TOTAL</b>	<b>59.286.380,00</b>	<b>130.443.210,96</b>	<b>189.729.590,96</b>	<b>181.216.791,47</b>	<b>8.512.799,49</b>	<b>95,51</b>

A porcentaxe de execución do orzamento de gastos foi do 95,51%.

O orzamento inicial aprobado foi de 59.286.380 €. As modificacións orzamentarias tramitadas no exercicio, detalladas nos cadros 6.3 e 6.4, ascenderon a 130.443.210,96 €, destacando a **ampliación e incorporación de créditos**

**FEAGA** por importe de **107.510.296,21 €** e a **adscripción de créditos** do programa 712 B, do Servizo de Axudas Complementarias, por importe de **23.237.465,74 €**, como consecuencia da reestruturación orgánica da Xunta de Galicia aprobada polos decretos 82/2009 e 83/2009. Adscribíronse tamén os créditos do capítulo 1 no programa 713 E.

	PROXECTO	CLASF ECON.	CRÉDITOS INICIAIS	MODIFICAC	CRÉDITOS DEFIN.	OBRIGAS	REMAN.	MOD. FINAN.
<b>INVESTIMENTOS REAIS</b>								
ADQUIS VEHÍCULOS	2009 00003	624.1	60.000,00	-60.000,00	0,00	0,00	0,00	F. PROPIOS
ADQUISICIONS MOBILIARIO	200900004	625.1	30.000,00	-15.221,37	14.778,63	14.778,63	0,00	F. PROPIOS
EQUIPOS PROC. INFORMAC	2009 00005	626.1	30.000,00	-268,31	29.731,69	29.731,69	0,00	F. PROPIOS
REFORMAS EDIFICIOS	2009 00006	632.1	40.000,00		40.000,00	38.110,21	1.889,79	F. PROPIOS
INMOVIL INMATERIAL	2001 09006	640.1	3.056.641,00	-340.709,25	2.715.931,75	2.677.642,78	38.288,97	F. PROPIOS
<b>TOTAL CAPVI</b>			<b>3.216.641,00</b>	<b>-416.198,93</b>	<b>2.800.442,07</b>	<b>2.760.263,31</b>	<b>40.178,76</b>	
<b>TRANSFERENCIAS CAPITAL</b>								
A XENETICA FONTAO S.A.	2009 00007	741.0	315.405,00	0	315.405,00	360.405,00	-45.000,00	F. PROPIOS
AXUDAS PAC Superficies - Leite para escolares	2008 00008	779.0 779.1	5.277.650,00	935.296,21	6.212.946,21	4.253.785,84	1.959.160,37	FEAGA
PRIMAS GANDEIRAS	2002 09707 2008 00009	779.1	45.082.566,00	106.500.000,00	151.582.566,00	148.639.612,07	2.942.953,93	FEAGA
FROITA ESCOLAR	2009 01191	779.0		75.000,00	75.000,00	1.453,78	73.546,22	FEAGA F. PROPIOS
<b>TOTAL CAP. VII 713F</b>			<b>50.675.621,00</b>	<b>107.435.296,21</b>	<b>158.110.917,21</b>	<b>153.253.802,91</b>	<b>4.902.114,30</b>	
CONTR. AGROAMB. EXPLOT.	2007 00403	773.2			10.594.222,61	7.228.314,41	3.365.908,20	FEADER MARM-X
AXUDAS ZONAS ESPECIAIS	2007 00404	773.2			7.570.148,78	7.540.921,80	29.226,98	FEADER MARM-X
IC NON DE MONTAÑA	2007 00985	773.2			5.003.094,35	4.996.379,22	6.715,13	FEADER MARM-X
CONTR. EXPLOT. SUSTENT	2008 00436	773.2			60.000,00		60.000,00	FEADER MARM-X
AX COMPLEM. AXUD CES	2009 01190	773.2			10.000,00		10.000,00	FEADER MARM-X
<b>TOTAL CAP. VII 712B</b>					<b>23.237.465,74</b>	<b>19.765.615,43</b>	<b>3.471.850,31</b>	
<b>TOTAL CAPITULO 7</b>			<b>50.675.621,00</b>	<b>107.435.296,21</b>	<b>181.348.382,95</b>	<b>173.019.418,34</b>	<b>8.373.964,61</b>	
<b>CAPITULO VI E VII</b>			<b>53.892.262,00</b>	<b>107.019.097,28</b>	<b>184.148.825,02</b>	<b>175.779.681,65</b>	<b>8.414.143,37</b>	

Cadro 7.2  
Execución do orzamento ao 31/12/2009  
Capítulos VI e VII

**7.1.2. Modificacións orzamentarias**

Con respecto aos créditos iniciais, as modificacións orzamentarias aprobadas no exercicio ascenderon a un

total de **130.443.210,96 euros**, conforme o detalle dos cadros 7-3 e 7-4, e que se especifican individualmente a continuación dos cadros.

Cadro 7.3.  
Modificacións  
orzamentarias

CAPÍTULOS	AMPLIACIÓN INCORPORACIONES ADSCRICIONES	BAIXAS	TRANSFER. POSITIVAS	TRANSFER, NEGATIVAS	TOTAL
<b>1.- GASTOS DE PERSOAL</b>	298.255,51		105.739,11	-25.770,00	378.224,62
Persoal servizo axudas complementarias	120.293,00		12.000,00		132.293,00
Cotas Seguridade Social 713F	177.962,51				177.962,51
Pluses acción social xubilacións			20.770,00	-20.770,00	0,00
Laborais indefinidos execución sentenzas			52.969,11		52.969,11
Axustes soldos			32.000,00	-5.000,00	27.000,00
<b>2.- GASTOS BENS CORRENTES</b>		-290.241,11	33.000,00	-60.000,00	-317.241,11
Financiamento cotas Seguridade Social		-33.000,00			-33.000,00
Financiamento soldos				-27.000,00	-27.000,00
Plan de Austeridade C.M.R.		-50.000,00			-50.000,00
Financiamento alugueres			33.000,00	-33.000,00	0,00
Financiamento gastos comúns Presidencia		-207.241,11			-207.241,11
<b>4.-TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>	50.664,43				50.664,43
Devolución remanente Tesourería 2006	50.664,43				
<b>6.- INCREMENTOS REAIS</b>		-344.479,82		-71.719,11	-416.198,93
Financiamento cotas Seguridade Social		-127.000,00			
Laborais indefinidos execución sentenzas		-17.479,82		-52.969,11	
Cofinanciamento froita escolar				-18.750,00	
Plan de Austeridade C.M.R.		-200.000,00			
<b>7.- TRANSFERENCIAS CAPITAL</b>	130.729.011,95		18.750,00		130.747.761,95
Axudas produtores PAC, Froita escolar	107.491.546,21		18.750,00		
Modernización tecido produtivo rural	23.237.465,74				
<b>TOTAL</b>	<b>131.077.931,89</b>	<b>-634.720,93</b>	<b>157.489,11</b>	<b>-157.489,11</b>	<b>130.443.210,96</b>

Nº Expediente	Data de aprobación	Tipo de Modificación	Importe	Clasificación econ.	Importe
TR-11.90-001-09	19-01-09	Transferencia Negativa	-13.370,00	130 00	-13.370,00
		Transferencia Positiva	13.370,00	130 02	990,00
				162 04	12.380,00
	21-02-08	Incorporacións automática	5.452.036,96	7790 7791	2.635.296,21 2.816.740,75
TR-11.90-002-09	15-05-08	Transferencia Negativa	-33.000,00	22000 230	-13.000,00 -20.000,00
		Transferencia Positiva	33.000,00	202	33.000,00
TR-11.90-003-09	20-03-09	Transferencia Negativa	-5.600,00	12001	-5.600,00
		Transferencia Positiva	5.600,00	16204	5.600,00
BC-11.90-001-08	31-07-08	Baixa de crédito	-100.275,00	21	-100.275,00
			-106.966,11	22	-106.966,11
AM-11.90-001-09	04-08-09	Ampliación de crédito	15.911,19	160 33	15.911,19
BC-11.90-001-08	04-08-09	Baixa de crédito	-15.911,19	640 1	-15.911,19
TR-11.90-004-09	21-07-07	Transferencia Negativa	-1.800,00	12000	-1.800,00
		Transferencia Positiva	1.800,00	16204	1.800,00
TR-11.90-005-09	04-08-09	Transferencia Negativa	-48.215,70	640.1	-48.215,70
	04-08-09	Transferencia Positiva	48.215,70	133	48.215,70
AD-00,00-001-09	13-07-09	Adscrición de créditos	115.293,00	1	115.293,00
AD-00,00-001-09	13-07-09	Adscrición de créditos	23.237.465,74	7721	23.237.465,74
AM-11.90-002-09	16-09-09	Ampliación de crédito	101.983.259,25	779 1	101.983.259,25
AM-11.90-003-09	16-09-09	Ampliación de crédito	56.250,00	7790	56.250,00
TR-11.90-006-09	16-09-09	Transferencia Negativa	-18.750,00	640.1	-18.750,00
		Transferencia Positiva	18.750,00	7790	18.750,00
TR-11.90-007-09	26-10-09	Transferencia Negativa	-4.753,41	640.1	-4.753,41
	26-10-09	Transferencia Positiva	4.753,41	133	4.753,41
AM-11.90-004-09	05-11-09	Ampliación de crédito	100.000,00	160 00	100.000,00
BC-11.90-003-09	30-10-08	Baixa de crédito	-60.000,00	6241	-60.000,00
BC-11.90-003-09	30-10-08	Baixa de crédito	-40.000,00	6401	-40.000,00
TR-11.90-008-09	15-12-09	Transferencia Negativa	-27.000,00	22103	-27.000,00
		Transferencia Positiva	27.000,00	120	20.000,00
				130	7.000,00
AM-11.90-006-09	30-11-09	Ampliación de crédito	50.664,43	4100	50.664,43
AM-11.90-007-09	17-12-09	Ampliación de crédito	60.000,00	16000	60.000,00
BC-11.90-003-09	02-07-09	Baixas de crédito	-250.000,00	2	-50.000,00
				640	-200.000,00
BC-11.90-004-09	17-12-09	Baixas de crédito	-60.000,00	22	-33.000,00
				62	-27.000,00
TR-11.90-009-09	17-12-09	Transferencia Negativa	-5.000,00	13300	-5.000,00
	17-12-09	Transferencia Positiva	5.000,00	12000	5.000,00
AM-00.00-001-09	31-12-09	Ampliación de crédito	5.482,69	121	3.974,98
				130	242,47
				16000	1.265,24
<b>TOTAL</b>			<b>130.443.210,96</b>		<b>130.443.210,96</b>

Dentro das ditas modificacións, podemos establecer a clasificación entre aquelas que supoñen un incremento dos créditos iniciais, aquelas que supoñen unha diminución e as que non supoñen incremento nin diminución:

#### A) Modificacións que supoñen un incremento dos créditos inicialmente aprobados

1) Incorporación automática de remanentes de crédito por un importe de **5.452.036,96** de euros, créditos **FEAGA 100%**, de acordo co establecido na Orde do 20 de decembro de 2007 e as instrucións da Dirección Xeral de Orzamentos do 11 de xaneiro de 2010.

2) Ampliación de crédito por un importe de **15.911,19 €**, no capítulo I do orzamento de gastos, aprobada o 04/08/09 cotas Seguridade Social persoal temporal indefinido, execución de sentenzas xudiciais firmes, polas que se declaraba a catro demandantes, persoal laboral indefinido non fixo. Financiada con baixas de crédito no capítulo 6.

3) Adscrición de créditos no orzamento de gastos do FOGGA por importe de **115.293** euros no capítulo I programa 713 E, e **23.237.465,74** euros no capítulo VII programa 712 B, como consecuencia da **reestruturación orgánica da Xunta de Galicia** aprobada polos Decretos 82/2009 e 83/2009, polos que pasan ao FOGGA os créditos do Servizo de Axudas Complementarias.

4) Ampliación de crédito por un importe de **101.983.259,25 €**, aprobada o 16/09/09, (créditos **FEAGA 100%**), coa finalidade de afrontar os pagamentos de primas gandeiras, prima láctea e pagamento único 2009.

5) Ampliación de créditos FEAGA, para o financiamento da axuda **Froita escolar**. Esta axuda que é cofinanciada por importe de **18.750 €** con fondos propios financiose esta parte cunha transferencia do capítulo VI.

6) Ampliación de crédito por un importe de **100.000 €**, aprobada con data do 05/11/09, co obxecto de atender as obrigas de preceptivo cumprimento polo concepto de cotas sociais Seguridade Social. Esta ampliación financiose con baixas de crédito no capítulo 6.

7) Ampliación de crédito por un importe de **50.664,43 €**, na aplicación orzamentaria 11.90.713F.410.0 transferencias correntes á Comunidade Autónoma de Galicia, financiada co **remanente de tesouraría do exercicio 2008**, xustificada pola obrigatoriedade de proceder á súa devolución, ao amparo do previsto no artigo 10 da Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2009.

8) Ampliación de crédito por un importe de **60.000 €**, aprobada con data do 17/12/09, co obxecto de atender as obrigas de preceptivo cumprimento polo concepto de cotas sociais Seguridade Social. Esta ampliación financiose con baixas de crédito nos capítulos II e VI.

9) Ampliación de crédito por importe de **5.482,69 €**, co obxecto de dar cumprimento ao acordo de Consello do 17/12/2009 para a repartición do 10% da masa salarial.

#### B) Modificacións que supoñen unha diminución nos créditos inicialmente aprobados

1) Baixa de crédito no capítulo II do orzamento de gastos por un importe de **207.241,11** euros, co obxecto de financiar unha ampliación de crédito no capítulo II do orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, para proceder a xestionar a repartición dos gastos por servizos e subministracións comúns en función dos espazos adscritos pola Consellería de Economía e Facenda nos edificios de dominio público da Xunta de Galicia.

2) Baixa de crédito no capítulo VI por un importe de **15.911,19 €**, na aplicación orzamentaria 11.90.713F. 640.1, co obxecto de financiar a ampliación de crédito no capítulo I para cotas da Seguridade Social para persoal temporal indefinido, execución de sentenzas xudiciais firmes, polas que se declaraba a catro demandantes, persoal laboral indefinido non fixo.

3) Baixa de crédito por importe de **100.000,00 €**, no capítulo 6 do orzamento de gastos, para financiar ampliación de crédito polo mesmo importe no capítulo I, cotas Seguridade Social.

4) Baixa de crédito por importe de **250.000 €**, 50.000 € no capítulo 2, e 200.000 € no capítulo 6, aplicación 640 para a contribución ao **Plan de austeridade** da Consellería do Medio Rural.

5) Baixa de crédito por importe de **60.000 €**, 33.000 € no capítulo 2, e 27.000 € no capítulo 6, para financiar ampliación de crédito polo mesmo importe no capítulo I, cotas Seguridade Social.

C) Modificacións que non supoñen incremento nin diminución dos créditos iniciais (transferencias de crédito) polos seguintes importes:

- **13.370,00 euros**: autorizada o 19/01/09, coa finalidade de adecuar os créditos orzamentarios ás obrigas recoñecidas en materia de persoal, polo que se incrementou en 12.380,00 euros o concepto 162.04 para o pagamento de axudas por fillos diminuídos, así como a gratificación á que se refire o art. 34.2 e 35 do V Convenio Colectivo Único a un funcionario destinado no Servizo Provincial do FOGGA en Lugo; así mesmo o concepto 130.02 incrementouse en 990,00 euros para atender o pagamento dos pluses de perigosidade e penosidade ao persoal laboral dependente do organismo, financiado con remanentes do capítulo I.

- **33.000 euros**, aprobada o 15/05/2008, entre conceptos do capítulo 2 coa finalidade de incrementar o concepto de alugueres para o financiamento do noso local para as dependencias do servizo provincial do FOGGA en Pontevedra, na Rúa Nova de Abaixo, así como para o aluguer de prazas de garaxe.

- **5.600 euros**, entre conceptos do capítulo I, positiva no concepto 162.04 para o pagamento de axudas por diminuídos físicos e psíquicos, en aplicación do previsto no artigos 34.2 e 35 do **V Convenio Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia**.

- **1.800 euros**, entre conceptos do capítulo I, positiva no concepto 162.04 para o pagamento de axudas por diminuídos físicos e psíquicos, en aplicación do previsto no artigos 34.2 e 35 do **V Convenio Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia**.

- **48.215,70**, aprobada o 04/08/09, negativa no concepto 640.1 e positiva en diversos conceptos do capítulo I, en concepto de execución de sentenzas xudiciais firmes, polas que se declaraba a catro demandantes, persoal laboral indefinido non fixo. Financiada con baixas de crédito no capítulo 6.

- **18.750 euros**, negativa na aplicación 640.1, autorizada o 16/09/09, para o financiamento de froita escolar.

- **4.753,41**, autorizada o 26/10/09, negativa no concepto 640.1 e positiva en diversos conceptos do capítulo I, en concepto de execución de sentenzas xudiciais firmes, polas que se declaraba a persoal laboral indefinido non fixo.

### 7.1.3. Tesouraría

A Secretaría do FOGGA realizou as operacións de contabilidade e tesouraría do organismo. Os pagamentos realizados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias, con cargo ás contas do organismo (Operativa, FEAGA, FEADER, MARM-Xunta e Intervención de mercados), ascenderon a 312.852.735,82 euros e o número de pagamentos foi de 977, co seguinte detalle:

PAGAMENTOS	Nº pagamentos	Importe €
Orzamentarios (exercicio corrente e anteriores)	396	173.076.429,61
Extraorzamentarios		
FEAGA	581	139.776.306,21
FEADER		
Operacións intervención de mercados		
<b>TOTAL</b>	<b>977</b>	<b>312.852.735,82</b>



## 7.2. Contratación administrativa

### 7.2.1. Contratos de servizos :

Obxecto do contrato:	Servizo de limpeza no Servizo Provincial do FOGGA en Pontevedra
Sistema de execución:	Procedemento aberto
Orzamento licitación :	28.800,00 €
Prazo de execución :	2 anos dende a sinatura do contrato
Importe adxudicación:	25.920,00€
Adxudicatario:	Manuel Gómez Iglesias
Obxecto do contrato:	Proxecto de servizos técnicos denominado Xestión das axudas do programa de actuacións para a aplicación en Galicia da PAC.
Sistema de execución:	Por Administración.
Adxudicatario:	TRAGSATEC
Importe adxudicación:	1.095.211,36 €
Obxecto do contrato:	Proxecto de servizos técnicos denominado Reforzo comarcal para a aplicación en Galicia da PAC.
Sistema de execución:	Por Administración
Adxudicatario:	TRAGSATEC
Importe adxudicación:	805.277,59 €
Obxecto do contrato:	Proxecto de servizos técnicos denominado Asistencia para a xestión e a seguridade da información do organismo pagador dos fondos agrarios europeos
Sistema de execución:	Por Administración
Adxudicatario:	SEAGA
Importe adxudicación:	108.573,68 €
Obxecto do contrato:	Realización de traballos de control sobre o terreo de admisibilidade e condicionalidade en solicitudes de axudas directas da PAC, baseadas en superficies. Provincia de Pontevedra.
Sistema de execución:	Encomenda de xestión
Adxudicatario:	SEAGA
Importe adxudicación:	33.664,97 €
Obxecto do contrato:	Prórroga contrato servizo de xestión do sistema de información denominado Sistema integrado de xestión e control de axudas no FOGGA 2007-2008
Adxudicatario:	SERESCO S.A.
Prazo de execución:	24 meses
Importe:	644.562,23 € (2009: 260.250,00; 2010: 350.144,66 2011: 34.167,57

Obxecto do contrato:	Realización de traballos de control sobre o terreo das solicitudes de axudas directas de PAC baseadas en superficies e indemnización compensatoria, no relativo á admisibilidade e condicionalidade, correspondentes á campaña 2009-2010
Sistema de execución:	Procedemento aberto, con trámite de urxencia
Orzamento licitación:	271.324,16 €
Importe adxudicación:	261.370,05 €
Adxudicatario:	Esproagro enxeñería S.L. (Lotes nº1 e nº 3)
Importe adxudicación:	159.866,86 €
Adxudicatario:	Proyestegal S.L. (Lote nº 2)
Importe adxudicación:	112.156,06 €
Adxudicatario:	Insitu S.L. (Lote nº 4)
Importe adxudicación:	28.898,79 €





# ORGANISMO PAGADOR DOS FONDOS EUROPEOS AGRARIOS

De conformidade co previsto nos regulamentos (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño de 2005, sobre o financiamento da política agrícola común, e 885/2006, da Comisión, do 21 de xuño de 2006, polo que se establecen as disposicións de aplicación do anterior, en canto á autorización dos organismos pagadores e outros órganos e á liquidación das contas do Feaga e do Feader, o Decreto 155/2006, do 7 de setembro (DOG nº 181, do 19), polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia, constitúe o Fondo Galego de Garantía Agraria como o organismo pagador en Galicia dos gastos financiados polo Feaga e polo Feader, logo da autorización efectuada mediante a Orde da Consellería do Medio Rural, do 4 de outubro de 2007 (DOG nº 196, do 9).

Nos seguintes apartados sinálanse, por separado, as actuacións do FOGGA como organismo pagador do Fondo Europeo Agrario de Garantía (FEAGA), por unha parte, e como organismo pagador do Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER), por outra.

## 8.1. FEAGA

No exercicio das funcións que lle son propias como organismo pagador, no ano natural 2009 (01/01/09 ao 31/12/09) e no exercicio FEAGA 2009 (16/10/08 ao 15/10/09), o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) tramitou a concesión das subvencións con cargo ao FEAGA -fase de autorización do pagamento- agás as

subvencións á reestruturación e reconversión do viñado e á apicultura tramitadas -nesa fase de autorización do pagamento- pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria e a axuda á promoción nos mercados en terceiros países tramitada -nesa fase de autorización do pagamento- pola Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, conforme o previsto no Decreto 318/2009, do 4 de xuño (DOG 12/06/2009). O 29 de xullo de 2009 ditáronse as resolucións polas que se establecen as condicións de delegación das funcións de autorización dos pagamentos financiados polos fondos agrarios europeos, onde o FOGGA se compromete a garantir a coordinación das actuacións, o que se pretende, sen prexuízo das outras accións, a través da emisión de instrucións dirixidas a todas as unidades que interveñen na xestión dos fondos europeos agrarios en Galicia.

### 8.1.1. Execución e contabilización

No tocante á execución e contabilización do pagamento, a Secretaría do FOGGA realizou todas as axudas FEAGA, que ascenden a 150.099.322,80 euros no exercicio orzamentario FEAGA 2009 (que abrangue do 16 de outubro de 2008 ao 15 de outubro de 2009) e a 153.786.862,22 euros, se temos en conta o período orzamentario correspondente ao ano natural, isto é, dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2009, coa desagregación reflectida nos cadros e gráficos seguintes:

**EXERCICIO FEAGA 2009 (16-10-2008/15-10-2009)**

INTERV. MERCADOS AGRÍC.	Sector vitivinícola	1.017.916,59
	Leite para escolares e produtos lácteos	304.055,75
	Intervencións de carne de porcino	249.517,19
	Axuda específica á apicultura	177.866,00
	<b>INTERVENCIÓN EN MERCADOS AGRÍCOLAS</b>	<b>1.749.355,53</b>
AXUDAS DIRECTAS	Réxime de pagamento único	98.314.388,86
	Pagamentos por superficie cultivada	3.737.650,46
	Vacún	32.576.119,66
	Ovino e cabrún	1.668.219,45
	Pagamentos produtos lácteos	7.597.403,42
	Modulación	4.618.410,86
	<b>AXUDAS DIRECTAS</b>	<b>148.512.192,71</b>
	Desenvolvemento rural. Período 2000-2006	-3.015,23
	Irregularidades do FEAGA	-159.210,21
	<b>TOTAL EXERCICIO FEAGA 2009</b>	<b>150.099.322,80</b>

Cadro 8-1  
Pagamentos do exercicio FEAGA2009

**Pagamentos FEAGA 2009. Porcentaxes**





Gráfico 8-1  
Pagamentos exercicio FEAGA 2009. Porcentaxes

Cadro 8-2  
Pagamentos FEAGA  
do ano natural  
2009

ANO NATURAL 2009 (01-01-2009 / 31-12-2009)		
INTERV. MERCADOS AGRÍCOLAS	Sector vitivinícola	953.061,64
	Leite para escolares e produtos lácteos	228.038,33
	Axuda específica á apicultura	177.866,00
	<b>INTERVENCIÓNS EN MERCADOS AGRÍCOLAS</b>	<b>1.358.965,97</b>
AXUDAS DIRECTAS	Réxime de pagamento único	101.821.857,50
	Pagamentos por superficie cultivada	4.014.348,15
	Vacún	32.753.838,86
	Ovino e cabrún	1.877.234,19
	Pagamentos produtos lácteos	7.533.024,51
	Modulación	4.618.335,93
	<b>AXUDAS DIRECTAS</b>	<b>152.618.639,14</b>
	Desenvolvemento rural. Período 2000-2006	-7.258,56
Irregularidades do FEAGA	-183.484,33	
<b>Total ano natural 2009</b>	<b>153.786.862,22</b>	

Gráfico 8-2  
Pagamentos FEAGA  
ano natural 2009.  
Porcentaxes

Pagamentos FEAGA do ano natural 2009. Porcentaxes



### **8.1.2. Relacións co Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) na súa calidade de órgano de coordinación**

Conforme o disposto nos reais decretos 327/2003, do 14 de marzo, e 521/2006, do 28 de abril, polos que se establece o réxime dos organismos pagadores e de coordinación dos fondos europeos agrícolas, o Fondo Europeo de Garantía Agraria (FEGA) actúa como organismo de coordinación de todos os pagamentos procedentes do FEAGA e do FEADER en España e, en consecuencia, encárgase de centralizar a información que se debe poñer a disposición da Comisión Europea e de fomentar a aplicación harmonizada das disposicións comunitarias.

As comunicacións entre o FOGGA e o FEGA efectuáronse ordinariamente a través do sistema de transmisión EDI-TRAN en formato MIC de acordo cos modelos detallados polo FEGA, na circular de coordinación: procedemento financeiro para o FEAGA e FEADER.

As actuacións en materia de fondos FEAGA do FOGGA con respecto ao organismo de coordinación, concrétese nos seguintes envíos:

- Peticións de fondos, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC.
- Comunicación de pagamentos, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC.
- Resumo de pagamentos por capítulos, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- Estados de tesouraría, con periodicidade mensual.
- Cadro 104, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- Programación financeira bimensual, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- Cadro de desviacións, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.

- Cadro pagamentos fóra de prazo, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- Comunicación de irregularidades, con periodicidade trimestral, no formato ficheiro CFFMIC.
- Cadro das X, coa información pagamentos-titulares, con periodicidade mensual, no formato ficheiro BDCMIC.

### **8.1.3. Relacións coa Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro**

O FOGGA relaciónase coa Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro co fin de solicitarlle os fondos MARM/Xunta que cofinancian, se é o caso, os fondos.

Así, o FOGGA comunicoulle á dita Dirección Xeral, o importe total dos fondos MARM-Xunta que cofinancian con FEAGA e o importe e número dos documentos contables con fase K, coa finalidade de que o ingresasen na conta bancaria fondos MARM-Xunta titularidade do FOGGA para poder executar os pagamentos aos beneficiarios.

### **8.1.4 Relacións coa intervención delegada da Consellería do Medio Rural.**

- Con respecto ás axudas xestionadas polo FOGGA, semanalmente expedíuselle á Intervención Delegada, unha certificación das obrigas contraídas no orzamento de gastos do FOGGA para que se puidesen contabilizar os documentos ADOK en formalización con cargo á aplicación orzamentaria: 49.02.713F.731.0 do presuposto de gastos da Consellería do Medio Rural.
- En canto ás axudas nas que a fase de autorización non está residenciada no FOGGA, tramítáronse os correspondentes documentos contables extraorxamentarios MP para poder executar o pagamento aos beneficiarios.
- Todas as relacións de transferencias, para facer efectivo o pagamento aos beneficiarios, foron obxecto de intervención formal e material do pagamento.



### 8.1.5. Relacións coas entidades financeiras colaboradoras

Diariamente o FOGGA pode consultar a través de banca electrónica a información relativa ao movemento das contas correntes, nas que se cargaron as ordes de transferencia para o pagamento das subvencións.

Nas semanas que se realizan os pagamentos, o FOGGA envíalle electronicamente á entidade financeira os ficheiros de pagamento no formato Q34.

### 8.1.6 Gastos de intervención de mercados

Durante o ano 2009 realizáronse pagamentos en concepto de compra, manipulación en conservación de manteiga polo importe total de 15.518.434,72 €. Diariamente o FOGGA pode consultar os movementos bancarios vía electrónica e mensualmente a entidade financeira colaboradora certifica o saldo da conta bancaria.

## 8.2. FEADER

Considerando a distribución competencial entre os distintos centros directivos da Consellería do Medio Rural establecida no Decreto 318/2009, do 4 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do FOGGA, e a súa adaptación ás funcións do organismo pagador, o artigo 1.2 do Decreto 155/2006, de acordo co anexo I.1.c) do Regulamento 885/2006, permite que a execución de determinadas tarefas do organismo pagador poidan ser delegadas, precisando que a delegación de funcións deberá instrumentarse a través de resolucións que especifiquen as atribucións e obrigas dos órganos delegante e delegado.

Con data do 29 de xullo de 2009 ditáronse novas resolucións, que substitúen ás de data 7 de marzo de 2007, polas que se establecen as condicións de delegación das funcións de autorización dos pagamentos financiados polos fondos agrarios europeos, incluíndo o FEADER, polo que a dita función de autorización dos pagamentos atópase delegada nos respectivos centros directivos da Consellería do Medio Rural que xestionan medidas FEADER incluídas no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013.

Desde a entrada en vigor do Decreto 318/2009, do 4 de xuño, ao Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) correspóndelle a xestión -fase de autorización do pagamento- medidas FEADER 211 (indemnizacións compensatorias montaña), 212 (indemnizacións compensatorias zonas desfavorecidas), 214.1 (medidas agroambientais), 215 (benestar animal explotacións).


### 8.2.1. Execución e contabilización

En relación ás medidas FEADER do Plan de desenvolvemento rural de Galicia para o período 2007-2013, a Secretaría do FOGGA realizou a execución e contabilización dos pagamentos, que ascenden a **72.711.751,87 euros** importe FEADER e a **126.323.367,20 euros** importe gasto público no exercicio orzamentario FEADER 2009 (que abrangue do 16 de outubro de 2008 ao 15 de outubro de 2009) e a **84.167.260,25 euros** importe FEADER e **146.225.216,66 euros** importe GASTO PÚBLICO, se temos en conta o período orzamentario correspondente ao ano natural, coa desagregación reflectida no cadro e gráficos seguintes:

Pagamentos exercicio orzamentario FEADER 2009		FEADER	Gasto Público
111	Información e formación profesional	364.992,71	634.108,51
112	Instalación agricultores mozos	6.024.581,78	10.466.611,73
113	Cesamento anticipado	3.902.264,87	6.779.437,61
115	Implantación aconsellamento nas explotacións agrarias	185.891,01	322.951,72
121	Modernización das explotacións agrícolas	20.706.021,53	35.972.935,20
122	Aumento valor económico dos bosques	2.303.058,16	4.001.143,66
123	Aumento valor engadido produtos agrícolas e forestais	9.010.163,11	15.653.514,75
124	Cooperación desenvolvemento novos produtos, procesos e tecnoloxías	791.354,51	1.374.834,13
132	Participación dos agricultores en programas de calidade dos alimentos	82.155,96	142.731,00
133	Actividades de información e promoción	814.570,58	1.415.167,81
211	Indemnizacións compensatorias montaña	4.719.161,54	8.198.681,59
212	Indemnizacións compensatorias zonas desfavorecidas	2.396.660,11	4.163.759,67
214	Medidas agroambientais	1.415.482,78	2.459.141,91
221	Forestación terras agrícolas	897.105,12	1.558.556,41
223	Forestación terras non agrícolas	6.925.019,38	12.030.957,86
226	Recuperación do potencial forestal	5.744.767,64	9.980.485,73
227	Investimentos forestais non produtivos	484.878,02	842.387,16
311	Diversificación actividades non agrícolas	17.465,91	30.343,84
312	Creación e desenvolvemento de empresas	4.315.543,29	7.497.469,25
313	Fomento de actividades turísticas	80.058,09	139.086,32
321	Servizos básicos para a economía e a poboación rural	613.457,06	1.065.769,71
323	Conservación e mellora do patrimonio rural	365.873,34	635.638,16
431	Funcionamento GDR	53.809,34	93.483,92
511	Asistencia Técnica	497.416,03	864.169,55
<b>Total</b>		<b>72.711.751,87</b>	<b>126.323.367,20</b>

Cadro 8.3.  
Pagamentos exercicio orzamentario FEADER 2009


Gráfico 8-3  
Pagamentos  
FEADER 2009.  
Porcentaxes



Cadro 8-4  
Pagamentos  
FEADER. Ano  
natural 2009

Pagamentos FEADER. Ano natural 2009		FEADER	Gasto Público
111	Inform. e form. profesional	520.806,37	904.806,32
112	Instalac. agricultores mozos	5.611.385,52	9.748.758,60
113	Cesamento anticipado	4.989.739,56	8.668.720,41
115	Aconsella. explotac. agra.	185.891,01	322.951,72
121	Modern. das expl. agríc.	19.362.913,00	33.639.529,23
122	Aumento valor económico dos bosques	3.107.687,22	5.399.039,89
123	Aumento valor engadido produtos agrícolas e forestais	9.532.052,51	16.560.202,38
124	Cooperación desenvolvemento novos produtos, procesos e tecnoloxías	800.225,77	1.390.246,34
132	Participación dos agricultores en programas de calidade dos alimentos	82.155,96	142.731,00
133	Actividades de información e promoción	814.570,58	1.415.167,81
211	Indemnizacións compensatorias montaña	8.917.478,06	15.492.490,68
212	Indemnizacións compensatorias zonas desfavorecidas	5.227.252,92	9.081.397,80
214	Medidas agroambientais	1.415.482,78	2.459.141,91
221	Forestación terras agrícolas	897.105,12	1.558.556,41
223	Forestación terras non agrícolas	6.350.583,91	11.032.980,96
226	Recuperación do potencial forestal	9.791.977,92	17.011.775,38
227	Investimentos forestais non produtivos	484.878,02	842.387,16
311	Diversificación actividades non agrícolas	17.465,91	30.343,84
312	Creación e desenvolvemento de empresas	3.642.562,95	6.328.288,64
313	Fomento de actividades turísticas	217.772,74	378.340,37
321	Servizos básicos para a economía e a poboación rural	642.042,87	1.115.432,30
323	Conservación e mellora do patrimonio rural	560.336,70	973.482,76
431	Funcionamento GDR	315.208,90	547.617,95
511	Asistencia Técnica	679.683,95	1.180.826,80
<b>Total</b>		<b>84.167.260,25</b>	<b>146.225.216,66</b>

Gráfico 8-4  
Pagamentos FEADER. Ano natural 2009. Porcentaxes



### **8.2.2. Relacións co Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) na súa calidade de órgano de coordinación**

As comunicacións entre o FOGGA e o FEGA efectuáronse ordinariamente a través do sistema EDITRAN en formato MIC de acordo cos modelos detallados na súa Circular de Coordinación: Procedemento Financeiro para o FEAGA e o FEADER e través do sistema SFC2007.

As actuacións en materia de fondos FEADER do FOGGA con respecto ao organismo de coordinación, concréntanse nos seguintes envíos:

- Peticións de fondos, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC.
- Comunicacións de pagamentos, con periodicidade semanal, no formato ficheiro CFFMIC.
- Correccións de pagamentos, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- Programación financeira bimensual, con periodicidade mensual, no formato ficheiro CFFMIC.
- Estado de tesouraría, con periodicidade mensual.
- Previsións anexo X R (CE) 883/2006, con periodicidade semestral, a través do sistema SFC2007.
- Declaración gastos anexo XI R(CE) 883/2006, con periodicidade trimestral, a través do sistema SFC2007.
- Comunicación dos controis de acordo co art. 34 do R (CE) 1975/2006, con periodicidade anual, no formato excel enviado polo FEGA
- Cadro das X, coa información pagamentos-titulares, con periodicidade mensual, no formato ficheiro BDCMIC.

### **8.2.3. Relacións coa Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro**

A Secretaría do FOGGA nas mesmas datas que enviou ao FEGA as peticións de fondos FEADER, solicitou á Sub-

dirección Xeral do Tesouro os fondos MARM-Xunta que cofinancian as medidas FEADER do capítulo VII de gastos da Consellería do Medio Rural.

### **8.2.4. Relacións coa intervención delegada da Consellería do Medio Rural e do FOGGA**

O FOGGA elaborou os documentos contables extraorxamentarios MP para o pagamento aos beneficiarios (capítulo VII de gastos) e de reembolso á Xunta de Galicia (capítulo VI de gastos) que foron obxecto de fiscalización pola intervención delegada do FOGGA.

Con respecto ás medidas FEADER xestionadas polo FOGGA, semanalmente expedíuselle á intervención delegada unha certificación das obrigas contraídas no orzamento de gastos do FOGGA, para que se puidesen contabilizar os documentos ADOK en formalización con cargo á aplicación orzamentaria: 49.02.713F.731.0 do presuposto de gastos da Consellería do Medio Rural.

Todas as relacións de transferencias para executar os pagamentos obxecto de intervención formal e material do pagamento pola citada intervención.

### **8.2.5. Relacións coas entidades financeiras colaboradoras**

Diariamente o FOGGA consulta vía electrónica os movementos da conta bancaria.

Nas semanas que se realizan pagamentos, o FOGGA envía electronicamente os ficheiros dos pagamentos no formato Q34.

## **8.3. Coordinación financeira e de procedementos**

### **8.3.1. Coordinación coas subdireccións xerais xestoras**

A Secretaría do FOGGA recibiu as comunicacións semanais das distintas subdireccións xerais xestoras, en canto ás necesidades de financiamento, para facer fronte ao pagamento do importe das axudas FEAGA e das medidas FEADER, unha vez fiscalizados e contabilizados os opor-

tunos documentos (ADOK e OK con cargo ao orzamento da Consellería do Medio Rural, DOK" e OK para as que xestiona o FOGGA), baseándose nas cales elaborou as comunicacións remitidas á Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro e ao FEGA para a petición dos fondos FEAGA e FEADER necesarios.

Por outra banda, a Secretaría do FOGGA, despois de asistir ás reunións de coordinación de organismos pagadores no FEGA (coordinación de fondos agrícolas e coordinación de desenvolvemento rural), efectúa coas subdireccións xerais xestoras reunións de coordinación internas con carácter periódico.

Instrucións publicadas polo FOGGA na intranet da Consellería do Medio Rural dirixidas a todas as unidades que interveñen na xestión dos fondos europeos agrarios en Galicia.

- Instrución OP/02/2008, de data 08-02-09, relativa ao calendario de petición de fondos FEAGA e FEADER, exercicio 2009 - revisións nº 6 (24/08/09) e nº 7(13/11/09)
- Instrución OP/03/2008, de data 08-02-09, relativa á execución e contabilización dos pagamentos FEADER - revisión nº3 (01/09/09)
- Instrución OP/04/2008, de data 08-02-09, relativa ás comunicacións periódicas que as subdireccións xerais e servizos xestores de fondos FEADER teñen que enviar á Secretaría do FOGGA - revisión nº 3 (01/09/09).
- Instrución OP/05/2008, relativa a determinados aspectos sobre a recuperación dos pagamentos indebidos con cargo aos fondos FEAGA e FEADER- revisión nº 2 (01/07/09)
- Instrución OP/06/2008, relativa aos ficheiros de actualización do rexistro de beneficiarios das medidas FEADER - revisión nº 3 (01/09/09).

Manuais de procedemento publicados polo FOGGA na intranet da Consellería do Medio Rural dirixidos a todas as

unidades que interveñen na xestión dos fondos europeos agrarios en Galicia.

- Manual de procedemento de execución do pagamento e contabilización das subvencións con cargo ao FEAGA - revisión do 10-09-09.
- Manual de procedemento da execución do pagamento e contabilización das medidas FEADER - revisión do 31-07-09.

### **8.3.2. Coordinación coa Subdirección Xeral de Orzamentos**

De acordo coa Resolución conxunta da Dirección Xeral de Orzamentos e da Intervención Xeral da comunidade autónoma do 28 de decembro de 2006, pola que se ditan instrucións para a aplicación da Orde do 19 de decembro de 2006, que modifica a do 27 de xullo de 2000, sobre desenvolvemento de xestión orzamentaria e contabilización dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de capital, a Secretaría do FOGGA comunicou á Dirección Xeral de Orzamentos:

- Mensualmente, os cadros coa relación de movementos de fondos con cofinanciamento FEAGA e FEADER.

### **8.3.3. Coordinación coa auditoría das contas FEAGA e FEADER**

As contas do FEAGA e do FEADER teñen que estar certificadas pola Intervención Xeral da Xunta de Galicia, como o organismo de certificación das contas do organismo pagador. A dita certificación baséase no traballo de auditoría que, anualmente, efectúa unha empresa auditora contratada para o efecto pola dita Intervención Xeral.

A auditoría efectúase de acordo coas normas de auditoría admitidas internacionalmente e conforme o artigo 3 do Regulamento (CE) 1663/1995, da Comisión, e é executada co fin de obter garantías suficientes de que as contas FEAGA e FEADER transmitidas á Comisión están exentas de erros, e que os pagamentos son conformes coa normativa europea no que se refire á capacidade do organismo

pagador para garantir que a dita conformidade foi comprobada antes de efectuar os pagamentos.

As relacións entre a firma auditora e as distintas unidades xestoras e as que participan na función de autorización do organismo pagador son coordinadas dende a Secretaría do FOGGA.

Para a rendición da conta anual de exercicio orzamentario FEAGA 2009, o FOGGA envioulle ao FEAGA a seguinte documentación e ficheiros que se detallan a continuación:

1. Dous exemplares en soporte papel debidamente asinados polo director do FOGGA:

- Cadro resumo de gastos do exercicio FEAGA 2009 por partidas e subpartidas do presuposto comunitario.
- Cadro de diferenzas entre a conta anual e o último cadro 104
- Cadro resumo de gastos do exercicio FEADER 2009 por programas e medidas do presuposto comunitario
- Cadro de diferenzas FEADER entre a conta anual e a última declaración trimestral de gastos FEADER 2009
- Cadro resumo do gasto público do exercicio FEADER 2009 por programas e medidas do presuposto comunitario
- Cadro de diferenzas de gasto público entre a conta anual e a última declaración trimestral de gasto público do exercicio FEADER 2009
- Cadro do anexo III do R. (CE) 885/2006
- Cadro da liña de totais do cadro do anexo III
- Cadro do anexo III-bis do R. (CE) 885/2006
- Cadro de importes con cargo ao Estado membro do art. 32 e 33 do Regulamento (CE) 1290/2005
- Declaración de fiabilidade

2. A través de Editran:

- Ficheiro 11RC2009121501.xls: cadro resumo de gastos do exercicio FEAGA 2009 por partidas e subpartidas do presuposto comunitario
- Ficheiro 11RE2009121501.xls: cadro de diferenzas entre a conta anual e o último cadro 104
- Ficheiro 11FC2009121501.xls: cadro resumo de gastos do exercicio FEADER 2009 por programas e medidas do presuposto comunitario
- Ficheiro 11FE2009121501.xls: cadro de diferenzas FEADER entre a conta anual e a última declaración trimestral de gastos FEADER 2009
- Ficheiro 11GC2009121501.xls: cadro resumo de gasto público do exercicio 2009 por programas e medidas do presuposto comunitario
- Ficheiro 11GE2009121501.xls: cadro de diferenzas de gasto público entre a conta anual e a última declaración trimestral de gasto público
- Ficheiro 11A32009121701.txt: cadro do anexo III (ficheiro CFFMIC)
- Ficheiro 11TA32009121501.xls: cadro da liña de totais do anexo III
- Ficheiro 11A3BIS2009121501.xls: cadro do anexo III BIS

3. En soporte informático (pen-drive):

Ficheiro 11RC2009121501.xls: cadro resumo de gastos do exercicio FEAGA 2009 por partidas e subpartidas do presuposto comunitario

- Ficheiro 11RE2009121501.xls: cadro de diferenzas entre a conta anual e o último cadro 104
- Ficheiro 11FC2009121501.xls: cadro resumo de gastos do exercicio FEADER 2009 por programas e medidas do presuposto comunitario



- Ficheiro 11FE2009121501.xls: cadro de diferenzas FEADER entre a conta anual e a última declaración trimestral de gastos FEADER 2009
- Ficheiro 11GC2009121501.xls: cadro resumo de gasto público do exercicio2009 por programas e medidas do presuposto comunitario
- Ficheiro 11GE2009121501.xls: cadro de diferenzas de gasto público entre a conta anual e a última declaración trimestral de gasto público
- Ficheiro formato excel 11A32009121701.xls: cadro do anexo III
- Ficheiro 11TA32009121501.xls: cadro da liña de totais do anexo III
- Ficheiro 11A3BIS2009121501.xls: cadro do Anexo III BIS

#### **8.3.4. Investigacións e visitas de control**

Os organismos pagadores son obxecto de periódicas investigacións e visitas de control por parte da Comisión Europea e doutras institucións co fin de verificar os procedementos específicos dos pagamentos de axudas financiadas polos fondos europeos agrarios.

Ademais, ao longo do ano o FEGA, na súa condición de organismo de coordinación, solicitoulle ao FOGGA que achegue determinada documentación e información en relación con diversas investigacións da Comisión Europea.



# ACTUACIONES DE APOIO E ASESORAMIENTO ADMINISTRATIVO

## 9.1. Asesoramento, estudos e información

Neste ámbito, o Servizo de Coordinación, Control e Xestión Administrativa do Fogga desenvolveu funcións de asesoramento e información ás diferentes consultas formuladas polos servizos e unidades do organismo (centrais e provinciais) sobre cuestións na súa maior parte técnico-xurídicas; entre as que destacan as consultas relativas á interpretación e aplicación (temporal e espacial) das normas que, de xeito directo ou indirecto, resultan de aplicación ao Fogga no desenvolvemento das súas competencias.

Tamén se elaboraron informes dando resposta ás solicitudes de información e requirimentos formuladas por organismos e institucións alleas ao Fogga.

Con data 1 de xullo de 2009 realizouse a segunda revisión da **instrución OP/05/2008**, relativa a determinados aspectos sobre a recuperación dos pagamentos indebidos con cargo aos fondos FEAGA e FEADER.

## 9.2. Normativa: elaboración e publicación

En relación coas actuacións en materia normativa, o Fogga realizou labores de estudo, elaboración e preparación de todas as resolucións de convocatoria de axudas xestionadas polo organismo e que foron ditadas pola Dirección deste no ámbito das súas competencias, así como as ordes de axuda da Consellería que afectan o organismo, realizando asemade os trámites precisos para a súa entrada en vigor e ulterior publicación no **Diario Oficial de Galicia**.

Así mesmo realizáronse labores de estudo e asesoramento cando así se requiriu para a elaboración das disposicións xerais que afectaron o organismo.

As disposicións publicadas no exercicio 2009 foron as seguintes:

### a) Decretos publicados

- Decreto 435/2009, do 3 de decembro, polo que se modifica o Decreto 158/2007, do 21 de xuño, polo que se regula en Galicia a aplicación do réxime da taxa láctea.

### b) Ordes publicadas

- Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.
- Corrección de erros. Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.
- Orde do 22 de abril de 2009 pola que se modifica a Orde do 29 de xaneiro de 2009 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e da indemnización compensatoria, e se convocan as axudas previstas no contrato de explotación sustentable no ano 2009.

- Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento das producións agrarias sustentables a través da implantación do contrato de explotación sustentable (CES).
- Orde do 9 de outubro de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante no Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga).
- Orde do 20 de novembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta Consellería, anunciada pola Orde do 9 de outubro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 203, do 16 de outubro).

#### c) Resolucións

- Resolución do 11 de febreiro de 2009 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos, e se convocan para o ano 2009.
- Resolución do 29 de setembro de 2009 pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas para a distribución de froitas frescas ao alumnado de centros escolares, e se convocan para o ano 2009.
- Resolución do 26 de outubro de 2009 pola que se amplía o prazo de presentación das solicitudes de autorización para os centros escolares como solicitantes da axuda para a distribución de froitas frescas ao alumnado.

#### d )Convenios de colaboración-

Asináronse 28 convenios de colaboración no ano 2009, entre o Fondo Galego de Garantía Agraria e as entidades de aconsellamento de explotacións agrarias, para actuar como entidades colaboradoras na tramitación da solicitude unificada das axudas da Política Agrícola Común.

### 9.3. Revisión de actos

A Secretaría do Fogga, a través do Servizo de Coordinación, Control e Xestión Administrativa, tramita os expedientes de revisión dos actos administrativos ditados pola Dirección do Fogga. Esta revisión enténdese no seu sentido máis amplo, e comprende a tramitación de recursos administrativos (ordinarios ou extraordinarios), das reclamacións previas á vía xudicial (civil ou laboral), das revisións de oficio (nulidade e anulabilidade), e da revogación de actos e rectificación de erros. Concretamente no ano 2009 tramitáronse **706** recursos, dos que **236** son de asignación de dereitos, **334** de bovinos, **50** de ovino-cabrún, **44** de SIXPAC e **42** de superficies. Así mesmo, ditáronse **9** resolucións de revogación.

Ademais, polo que se refire á posibilidade dunha posterior revisión dos actos na vía xurisdiccional contencioso-administrativa, civil ou laboral, o Servizo de Coordinación, Control e Xestión Administrativa do Fogga prepara e remite os expedientes solicitados polos xulgados ou tribunais correspondentes, o que supón a realización de emplacements, notificacións e demais actuacións legalmente previstas ou requiridas, así como a remisión dos informes que en cada caso correspondan aos gabinetes xurídicos da Xunta de Galicia. Durante o ano 2009 foron remitidos á xurisdición correspondente cinco expedientes.

### 9.4. Reintegro de pagamentos indebidos: tramitación e coordinación

Na salvagarda dos intereses financeiros da Unión Europea e unha vez detectados os pagamentos indebidos que se puidesen producir, a Secretaría do Fogga tramita os correspondentes procedementos para a recuperación dos importes indebidamente aboados por axudas cuxa aprobación lle corresponde ao director do Fogga, ata acadar a súa devolución nas contas do organismo pagador. Durante este ano tramitáronse **30** expedientes, dos que **29** estaban finalizados a 31 de decembro de 2009.

Así mesmo, en relación coas axudas FEAGA ou FEADER tramitadas na Consellería do Medio Rural e no ente público Agader, a Secretaría do Fogga coordina as actua-

cións realizadas polos órganos xestores e polas unidades xurídicas correspondentes, co fin de asegurar que as cantidades indebidamente aboadas sexan recuperadas nas contas do organismo pagador de forma dilixente e efectiva e co obxecto de poder dar resposta ás solicitudes de información requiridas periodicamente polas institucións comunitarias.

No desenvolvemento destas funcións de coordinación, o Servizo de Coordinación, Control e Xestión Administrativa do Fogga remitiu mensualmente recordatorios aos diferentes órganos xestores das obrigas impostas pola normativa comunitaria aplicable á recuperación dos pagamentos indebidos e solicitou toda a documentación necesaria para poder levar as ditas funcións coordinadas neste ámbito.

De acordo con isto, a Secretaría do Fogga fixo un seguimento e coordinación de **73** expedientes de reintegros de axudas FEAGA ou FEADER tramitados pola Consellería do Medio Rural, dos que **49** estaban finalizados a 31 de decembro de 2009.

### 9.5. Renuncias aos pagamentos das axudas

Durante o ano 2009, no Servizo de Coordinación, Control e Xestión Administrativa tramitáronse ata a súa finalización un total de **6** renuncias, instadas por beneficiarios de axudas da PAC, correspondentes a distintas campañas.

Así mesmo, fíxose un seguimento de **12** expedientes de renuncia tramitados pola Consellería do Medio Rural, **7** dos cales estaban finalizados ao rematar o ano.

### 9.6. Taxa láctea: procedemento sancionador

Tras a publicación e entrada en vigor do Decreto 158/2007, do 21 de xuño, polo que se regula en Galicia a aplicación do réxime da taxa láctea, correspóndelle á Dirección do Fogga a tramitación e resolución dos procedementos sancionadores que se incoen na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de taxa láctea a partir da campaña 2007/2008.

De acordo con isto, a Secretaría do Fogga tramitou no ano 2009 19 expedientes sancionadores por incumprimentos en materia de taxa láctea que se produciron en Galicia durante a campaña 2007/2008; tales como non levar o transportista a folia de ruta ou levala incompleta ou non achegar aos produtores os comprobantes das entregas de leite que realizaban.

### 9.7. Coordinación informática

Durante o ano 2009, as actividades de coordinación informática pódense agrupar nos seguintes apartados que figuran a continuación:

#### a) Desenvolvemento e implantación do sistema de xestión da seguridade da información

No marco do desenvolvemento do proxecto de adaptación á normativa interna de seguridade segundo a ISO 27002, do organismo pagador, o Fogga, a través da coordinación informática, propuxo ao Servizo de Informática da Consellería do Medio Rural diversas medidas para acadar os obxectivos propostos, e colaborou nas tarefas relacionadas. As propostas e actividades principais foron as seguintes:

- Propostas de melloras nos procedementos de xestión da seguridade e implantación destas, entre elas:
  - Xestión de soportes de datos.
  - Xestión de cambios nos sistemas.
  - Monitorización dos sistemas.
  - Copias de seguridade.
  - Xestión documental.
- Proposta, desenvolvemento e implantación dunha plataforma de teleaprendizaxe para a formación do persoal do organismo pagador en temas de seguridade.
- Estudo dos procesos de traballo do organismo pagador no eido da xestión das axudas europeas, co fin de facer unha análise de riscos dos sistemas de in-

formación e das ferramentas adoptadas para realizar tal tarefa.

- Seguimento dos traballos de implantación da xestión da seguridade da información segundo a norma ISO 27002.

#### **b) Colaboración na xestión da seguridade da información**

O Fogga, a través da coordinación informática, colabora activamente co Servizo de Informática da Consellería do Medio Rural nas tarefas de xestión da seguridade da información, segundo a norma baseada en ISO 27002.

A dita colaboración concrétase na consideración da coordinación informática como unidade de seguridade da información. Como tal, implicouse en:

- Elaboración de propostas de configuración seguras para os sistemas de información.
- Revisión de usuarios das aplicacións e da rede.
- Monitorización dos sistemas.
- Rexistro e investigación das incidencias de seguridade.
- Soporte técnico en incidencias de seguridade.
- Elaboración dun curso de seguridade da información.
- Análise de datos destinados á elaboración de informes para auditorías.
- Coordinación e xestión dos traballos que se van realizar para a auditoría externa anual de seguridade da información.
- Asesoramento en cuestións da LOPD.

#### **c) Participación en foros de seguridade**

O Fogga, a través da coordinación informática, participa en foros de seguridade da información, co fin de analizar as distintas iniciativas de seguridade nas administracións públicas:

- Comité de seguridade da Consellería do Medio Rural.
- Grupo de coordinación de informática dos organismos pagadores españois.
- Outros foros de seguridade da información (Axencia Española de Protección de Datos, FNMT, ISACA, ISSA, CCN, etc.)

#### **d) Control de activos informáticos do organismo pagador**

Neste sentido, as principais accións realizadas foron:

- Elaboración dun catálogo de activos da Consellería do Medio Rural.
- Documentación dos activos.
- Revisión dos perfís demandados polos usuarios nas novas solicitudes de acceso aos sistemas.
- Definición, deseño e explotación dunha ferramenta de control de cambios relevantes no catálogo de activos.

#### **f) Outras tarefas encomendadas á coordinación informática**

- Colaboración no mantemento das páxinas web do organismo pagador, tanto na web pública coma na intranet.
- Asesoramento técnico en procedementos de contratación de sistemas ou servizos de tecnoloxías da información.
- Colaboración nas auditorías internas de seguridade da información.
- Soporte técnico de microinformática e de rede.







